

Non nacemos para coidar

*A realidade dos coidados desde
unha perspectiva de xénero*



Coordinadora
Iria Vázquez Silva

Miscelánea

Serie de textos misceláneos




Iria Vázquez Silva é profesora de socioloxía na Universidade de Vigo. Doutorouse na Universidade da Coruña coa tese: A inmigración senegalesa: remesas e coidados en familias transnacionais. Tamén se especializou en estudos de xénero, primeiro pola Universitat Autònoma de Barcelona e despois na propia Universidade de Vigo. Forma parte do Grupo de Estudos en Traballo Social: Investigación e Transferencia (GETS IT) da UVigo, e tamén é colaboradora externa do Grupo de Estudos Territoriais da Universidade da Coruña. Así mesmo, participa na directiva de Agantro (Asociación galega de antro-

poloxía) e fai parte do colectivo “Mulleres á fronte”, unha banda de investigadoras procedentes das tres universidades galegas, coas que realiza múltiples proxectos de investigación vinculados ás migracións, os coidados e as relacións de xénero. Podedes consultar a continuación algún dos proxectos: <https://www.mulleresafrente.gal/>. Tamén participa na plataforma “Arredor do rural”, con proxectos de innovación docente nese ámbito. Aposta pola interdisciplinabilidade e o polo traballo colectivo con especialistas que se arremuíñan ante cuestións vinculadas coa xustiza social, a

igualdade, a defensa dos dereitos das persoas migrantes, etc. Nesa liña, recentemente coordinou a obra Minidiccionario de xustiza social (UVigo) xunto a Carmen Verde-Diego e Brais Suárez. Anteriormente coordinou o libro Cómplices. A violencia machista institucional na editorial Galaxia, ou a publicación Muller inmigrante, lingua e sociedade nesta mesma editorial, xunto a Laura Rodríguez Salgado.

Servizo de Publicacións

Universidade de Vigo



Miscelánea

Serie de textos misceláneos

Edición

Universidade de Vigo
Servizo de Publicacións
Rúa de Leonardo da Vinci, s/n
36310 Vigo

Deseño gráfico

Julinda Molares Cardoso e Tania Sueiro Graña
Área de Imaxe
Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais

Imaxe da portada

Adobe stock

Maquetación e impresión

Tórculo Comunicación Gráfica, S. A.

ISBN

978-84-1188-036-7

Depósito legal

VG 622-2024

© Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, 2024
© Os autores/as dos seus textos

Sen o permiso escrito do Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, quedan prohibidas a reprodución ou a transmisión total e parcial deste libro a través de ningún procedemento electrónico ou mecánico, incluídos a fotocopia, a gravación magnética ou calquera almacenamento de información e sistema de recuperación.


Ao ser esta editorial membro da **une**, garántense a difusión e a comercialización das súas publicacións no ámbito nacional e internacional.

Servizo de Publicacións

Universidade de Vigo



HR EXCELLENCE IN RESEARCH





Non nacemos para coidar

*A realidade dos coidados desde
unha perspectiva de xénero*

Coordinadora
Iria Vázquez Silva

00	Limiar	9
01	Receitario para deconstruír o androcentrismo na (Pre)historia: o cotiá como perspectiva	13
02	Usos do tempo e coidados. Coidar para vivir ou vivir para coidar?	35
03	Enfoque dos coidados no eido laboral e discriminacións de xénero	61
04	Dime o teu sexo (e nacionalidade) e direiche en que traballas	79
05	As cadeas globais dos coidados. O patriarcado alén das fronteiras	109
06	As que limpan. Unha visión europea da discriminación por razón de xénero	127
07	A "maxia" dos coidados no espazo común da vida	151





Limiar

Iria Vázquez Silva¹

9

O movemento feminista en Galicia saíu a rúa fai uns anos cun bo lema: “sen coidados, non hai vida”. Por que facer unha folga de coidados? Por que un libro sobre o traballo de coidados?

Existe un elemento central no patriarcado que ten que ver cunha división sexual do traballo construída socialmente ao longo dos séculos e reforzada a través do capitalismo, onde se foi cociñando o mito seguinte: que os varóns no espazo público facían un traballo produtivo, e que as mulleres (ademais do traballo que facían fóra do fogar) levaban a cabo “dun xeito natural” todo o traballo doméstico e de coidados dentro da casa. Supostamente “nacidas para iso” ían facendo un traballo que pasaba desapercibido, como ese “ser-para-outros”, pendente sempre das necesidades das/dos demais, que conceptualizou Simone de Beauvoir alá polo 1949 no seu libro *O segundo sexo*.

Correndo os anos, foi a partir da segunda onda do movemento feminista cando o debate sobre o traballo doméstico e de coidados explotou. A finais dos anos 1960 o persoal vólvese político e as relacións de poder dentro da casa comezan a ser analizadas desde o enfoque de xénero. Xírase a ollada para analizar o que acontece dentro da “caixa negra” dos fogares, onde as mulleres se ocupan case en exclusiva de todo o traballo. Ao longo dos anos 1970 iníciase un grande debate sobre conceptos como o “traballo doméstico”, a “división sexual do traballo no fogar”, o “traballo reprodutivo” ou a “conciliación”. Nesa década examínase a fondo como o capitalismo e o patriarcado sacan rédito dese traballo gratuíto que levan a cabo as mulleres dentro das casas. Logo de ríos de tinta chegamos á década dos 2000 onde comezamos a empurrar para darlle visibilidade á “sustentabilidade da vida”, a “corresponsabilidade” e a “centralidade dos coidados” como novos eixes do debate.

¹ Profesora socioloxía da Universidade de Vigo. Grupo de Estudos en Traballo Social: Investigación e Transferencia, GETS-IT, UVigo.

Pero que é coidar? Coidar ten unha definición complexa como complexa é esta actividade. Ten un compoñente práctico, corporal —limpar, alimentar, atender a enfermidade—, mais tamén un compoñente inmaterial —poñemos intención no emocional, en xerar benestar nas persoas—. Así mesmo, ademais da provisión de benestar físico e emocional, existe a preocupación polas outras persoas, a xestión de todo o traballo de coidados, ter a dispoñibilidade para coidar, “estar pendentes” dos/as demais.

Desde a antropoloxía, a socioloxía ou a economía feminista fíxose un esforzo moi grande por identificar e comprender os vínculos entre a feminización dos coidados e a súa desvalorización na sociedade. Tanto se os coidados son remunerados —as empregadas do fogar, o servizo de atención a domicilio, as traballadoras de residencias, de escolas infantís, etc.— como se non son remunerados— dentro da familia, das asociacións, dos colectivos, etc. — existen dous elementos comúns: son desvalorizados económica e socialmente, ao tempo que son realizados, na súa amplísima maioría, por mulleres. De feito, como sinala a economista Cristina Carrasco, é aquí a chave do asunto, son desvalorizados porque son realizados principalmente por mulleres.

E así, a través dunha alianza entre o patriarcado e o capitalismo, se foi desenvolvendo un rol de xénero que asigna as mulleres dun xeito supostamente “natural”, no que se da por sentado que somos nós quen pon a lavadora, quen fai a comida, quen lava os pratos, que merca os agasallos, quen sabe cando toca revisión das fillas e un longo etcétera. Todo iso mergullado nun estado de benestar que no noso contexto non desenvolveu os coidados como un eixe prioritario da súa política: aínda non desenvolvemos un sistema de emprego público, consolidado e ben remunerado, para a atención dos coidados. Mentres escribo estas liñas, as traballadoras de atención no fogar en Galicia denuncian as condicións insostibles do seu traballo, e están agardando para negociar un convenio colectivo xusto; mentres escribo estas liñas, as mulleres en España dedican dúas horas máis ao día as tarefas domésticas dentro do fogar que os homes.

En moitas sociedades, como a nosa, o concepto de cidadanía segue a estar vinculado a unha noción de individuo autónomo, autosuficiente, ligado á posesión de propiedades, traballo e outros recursos materiais, que debe sustentar economicamente a todas e todos os seus familiares “dependentes”—crianzas, persoas enfermas, maiores...—. Esta idea de cidadanía implica unha acepción moi restritiva dos seres humanos como individuos e unha visión moi estreita do binomio autonomía-dependencia, obviando que a dependencia é inherente á condición humana e que a vulnerabilidade non é algo excepcional ou limitado a determinadas épocas da vida.

A cuestión de fondo, tal e como as mulleres desa segunda onda do movemento feminista puxeron sobre a mesa nos anos 1970 é que nunca imos mudar a desigualdade existente entre homes e mulleres no eido público até que non consigamos maiores

cotas de igualdade dentro dos fogares. As mulleres somos maioría nos traballos a tempo parcial —en Galiza, o 75% dos contratos a tempo parcial realizámoslos mulleres—, somos ampla maioría na petición de permisos de coidado, e os nosos empregos resultan literalmente “nichos” de traballo feminizado, onde as condicións laborais se caracterizan polos baixos salarios e uns convenios laborais bastante lamentábeis.

Está claro que temos dous sistemas que xuntos e ben entrelazados desprezan o sostemento da(s) vida(s), e tamén dos territorios. Poñer os coidados no centro é unha ferramenta multiplicadora para os feminismos. Supón falar do noso dereito ao auto-coidado, do reparto igualitario do traballo dentro da casa, da esixencia de dereitos laborais das traballadoras do fogar, de residencias..., e supón repensar todos os horarios laborais. Que aprendemos da pandemia? Quizais xa o esquecemos? Deberíamos volver pensar que son os ecofeminismos e as súas dúas propostas fundamentais as que nos poderían facer ver luz ao final do túnel: 1. Somos seres eco-dependentes (deixemos de atender contra o noso territorio); 2. Somos seres que precisan coidados (comecemos a valorar social e economicamente estes traballos).

O libro que tes entre as mans é un libro interdisciplinar que percorre os coidados desde diferentes enfoques, todos eles necesarios para comprender a súa complexidade. *Non nacimos para coidar* comeza na prehistoria cun “Receitario para deconstruír o androcentismo na (Pre)Historia: o cotiá como perspectiva”, da man de Andrea Mourirío Schick. A través dela desterraremos os estereotipos vinculados a etiquetas como as “tarefas do fogar” ou “actividades secundarias”, poñendo en valor a súa significación social en calquera grupo humano ao longo da historia.

Continuaremos co capítulo de Carmen Verde-Diego “Usos do tempo e coidados: coidar para vivir ou vivir para coidar?”, onde se vai facer un percorrido desde o rol das mulleres e os coidados na España franquista até a actualidade. Afóndase nas características e evolución do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, e como os roles normativos de xénero seguen presentes nos coidados no noso contexto.

Desde a area do Dereito do Traballo escribe Jaime Cabeza Pereiro o capítulo “Enfoque dos coidados no eido laboral e discriminacións de xénero”. Este autor vai realizar un percorrido sobre o conflito entre as obrigas do eido laboral e as que se sosteñen no ámbito familiar, abordando ademais cuestións tan cruciais como a conciliación e o teletraballo ou o vínculo entre conciliación e fenda salarial.

Por outra banda, as profesoras de economía Olga Alonso-Villar e Coral del Río escriben o capítulo “Dime o teu sexo (e nacionalidade) e direiche onde traballas”. Ofrecen aquí unha análise pormenorizada do grado de feminización das ocupacións máis estreitamente vinculadas cos coidados en España, distinguindo entre o papel xogado polas mulleres nativas e as inmigrantes.

Continuando na ollada sobre as migracións, o capítulo que eu asino xunto a Sabela Pérez- Martín titúlase “As cadeas globais dos coidados. O patriarcado alén das fronteiras”. O obxectivo deste texto sociolóxico é reflexionar sobre como diferentes sistemas de opresión, o patriarcado e o capitalismo colonial, se entrecruzan demandando “coidadoras” que emigran dun continente a outro, deixando atrás outros baleiros de coidado (crianzas, pais maiores, etc.) que serán cubertos por outras mulleres, aínda máis precarias, nos seus países de orixe. Propoñemos ademais un estudo de caso sobre as mulleres senegalesas que emigran a Galiza, e aquelas outras mulleres (moi novas) que fican en Senegal coidando nuns fogares extensos de sogras, pequenos/as, etc. no contexto desa cadea global dos coidados.

Pola súa banda, Javier de Cominges Cáceres relata a historia dun caso xurídico estratéxico no capítulo “As que limpan. Unha visión europea da discriminación por razón de xénero”. Farase aquí un percorrido polas empregadas de fogar en España e a súa discriminación por razón de xénero no acceso a prestacións. Este avogado laboralista e profesor asociado de Dereito relata de primeira man a demanda xudicial que conseguiu o dereito ao desemprego para as empregadas de fogar en España trala sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, do 24 de febreiro de 2022.

Por último, pecha Águeda Gómez Suárez cun convite á reflexión co seu capítulo “A “maxia” dos coidados no espazo común da vida”. Nel se pregunta se existen e como funcionan sociedades onde o colectivismo e a axuda mutua son centrais, facendo un percorrido por diferentes contextos culturais. Para rematar tamén introduce o impacto da pandemia da Covid19 para demandar o xurdimento dun novo “contrato social” onde se poña a vida no centro e onde non se sacrifique as mulleres coa idealización da reaccionaria “mística da feminidade dos coidados”. É dicir, coidar non é unha actividade a idealizar dende o rol feminino, senón un traballo a visibilizar e repartir entre todas as persoas.

Capítulo 01

Receitario para deconstruír o androcentrismo na (Pre)historia: o cotiá como perspectiva

13

*Andrea Mouriño Schick*¹

1 Antes de cociñar

Neste primeiro capítulo ímosvos proporcionar un particular libro de receitas para de-construír o androcentrismo nos discursos sobre a (Pre)Historia e reformular o concepto dos coidados no pasado dende unha mirada feminista. A través dos pratos recollidos no receitario adentrámonos no estudo dos coidados por medio das Arqueoloxías de xénero e o paradigma das actividades de mantemento. Trátase de receitas onde vos atoparedes diferentes tipos de cociña, niveis de dificultade e temáticas, máis todas parten dunha mesma base, a Prehistoria, onde o ingrediente principal é o cotiá.

O noso obxectivo é poñer na mesa as ideas que configuran o mito dos coidados no pasado empregando o pasado prehistórico para indagar sobre como se constrúen e de onde proveñen as súas representacións sociais que toman corpo e relevancia na sociedade actual. Durante o cociñado realizaremos unha aproximación, sen incidir en exceso en cuestións teóricas e metodolóxicas, ao estudo dos coidados a través das perspectivas feministas da historiografía da arqueoloxía, así como a visibilización da súa significación social nos grupos humanos ao longo da (Pre)Historia. A elaboración das receitas proporcionaravos unha serie de claves e ferramentas para afrontar os relatos sobre a sostibilidade da vida e a (Pre)Historia dende unha visión crítica, reflexiva e feminista tanto do imaxinario colectivo² coma do discurso oficial construído dende os ámbitos académicos.

1 Área de Prehistoria, Facultade de Historia do Campus de As Lagoas (Ourense), Universidade de Vigo, Rede de Investigación PastWomen, Arqueoloxía e Historia material das mulleres e do xénero: investigación, cultura e comunicación (RED2022-134482-T), Ministerio de Ciencia e Innovación.

2 Entendemos por imaxinario colectivo todas aquelas imaxes que dar lugar a esquemas interpretativos da realidade socialmente lexitimados e que teñen a súa manifestación material nos símbolos, actitudes, representacións, discursos, valoracións culturais e coñecementos historicamente elaborados e modificables no tempo. Configúranse, ademais, como matrices para a cohesión social que se difunden a través da industria cultural e a través das institucións sociais (Pérez, 2017:13).

14

Como en todo receitairo, ímosvos achegar as explicacións paso a paso da preparación de todas as elaboracións, listaxes de ingredientes, cantidades específicas, tempos de cociñado, etc. Este configúrase a partir dunha receita principal, un prato do día, libre de narrativas androcéntricas e apto para todas as (Pre)Historias. Unha receita rápida e sinxela que poderedes adaptar a calquera realidade histórica empregando os ingredientes de temporada para cada caso. Así como de outras elaboracións que vos permitirán ir máis alá e ampliar o voso repertorio culinario, en caso de que queirades cociñar algo máis lonxe da narrativa androcéntrica e elaborar un menú máis completo.

2 Prato do día

Como xa adiantamos, a receita principal deste particular receitairo é un prato do día, sinxelo e apto para todo tipo de petos. Unha elaboración ao forno cunha dificultade de elaboración baixa (nivel principiante) e un tempo de preparación de non máis de vinte minutos do voso tempo. Na Figura 1 poderedes ver todas as súas características con maior detalle, ingredientes que ides precisar e recomendacións para acadar o sabor feminista desexado.

Deconstruír o androcentrismo na (Pre)historia

*... que se refire ao movemento de liberación da muller. **Feminismo** = 1 Doctrina que prec...*

Características da receita

- Tipo de receita: Prato do día.
- Tipo de cociñado: Ao forno.
- Tempo de preparación: Non máis de 20 minutos.
- Dificultade: Baixa (nivel principiante).
- Cantidade de persoas: As que queiras (cantas máis mellor).
- Temporada: Durante todo o ano.

Recomendación:
Empregar unhas lentes violetas para protexerse de posibles verteduras de sexismos e nesgos de xénero.

Ingredientes

- 1 papel en branco e lapis.
- 1 chisca de Arqueoloxía.
- 1 aire de perspectiva de xénero.
- 1 pouco da vida cotiá.

Figura 1 Receita para de-construír o androcentrismo na (Pre)Historia. Elaboración propia.

2.1 Vertemos as ideas preconcebidas

O primeiro paso da nosa receita require dos seguintes ingredientes: papel en branco e lapis. En canto teñades todos os elementos, sen pensalo demasiado, facede un debuxo ou bosquexo rápido representativo do que vos considerades que é a humanidade prehistórica. Debedes facer memoria desas ideas que todas e todos temos sobre o pasado prehistórico e que fomos asimilando ao longo do tempo. Algunhas serán resultado directo do que estudamos na escola e aprendemos nos museos e centros de interpretación, pero moitas outras teñen a súa orixe no que vimos no cinema, nas series, na televisión, lemos (e vimos) nos cómics ou recibimos por medio da publicidade e as redes sociais na súa multiplicidades de formatos.

O tempo de debuxo é de cinco minutos, é importante que non o superedes e sigades os pasos da receita correctamente para que os resultados sexan os desexados. Non se trata de poñer a proba a vosa creatividade e dotes artísticas, senón de representar o primeiro que se vos veña á mente, xa que é importante empregar produtos frescos e en boas condicións.

Deseguido imos lavar, pelar e cortar as ideas que configuran os vosos debuxos para posteriormente cociñalas e elaborar a base do noso prato. Para ilo, co debuxo diante, debedes tentar dar resposta as seguintes preguntas por esta orde:

1. Que escena representei?
2. Onde se ambienta o debuxo/bosquexo, cal é o escenario?
3. Representei algunha persoa?

En caso afirmativo da última pregunta continuade coas seguintes...

4. Cantas son?
5. Con que xénero as representei? E idade?
6. Que fan? Que papel posúen dentro da escena que representei? Son protagonistas, figurantes ou un elemento prehistórico máis?
7. Que traballos ou tarefas realizan?
 - En caso de representar persoas levando a cabo algún tipo de tarefa... Que tipo(s) de traballo(s) ou actividade(s) representei? Cales non? Dinlle máis importancia a unhas que a outras? que xénero e idade atribuín a cada unha delas?
 - E no caso contrario... por que non realizan ningunha tarefa? que xénero e idade atribuín a cada unha delas?
8. Que actitudes amosan?
9. En que posturas as representei?

10. En que ámbitos ou contextos as representei?

- Representei un contexto público/externo ou privado/interno? Dinlle máis importancia a algún deles ou representei nos ao mesmo nivel/plano? Que xénero e idade atribuí a as persoas que representei en cada un dos contextos?

11. Como representei os seus corpos?

E xa para rematar, o máis importante...

12. Existen diferenzas entre mulleres e homes en relación a todo o anterior? En caso afirmativo, estas responden a roles e estereotipos de xénero?

13. Recórdame a algo do presente? Síntome identificada ou identificado coa xente prehistórica que debuxei?

Pese a que nun primeiro momento vos puidera parecer fóra de lugar o feito de poñervos a debuxar, trátase dunha dinámica de incursión *express* nos vosos propios imaxinarios e ideas preconcebidas. Unha dinámica, así como fórmulas similares, que acostumo realizar todos anos co alumnado do Grado en Xeografía e Historia³, onde imparto docencia, pero tamén co alumnado dos centros educativos (de todos os niveis) nos que adoito facer algún que outro obradoiro e charla divulgativa. Entre caras de confusión e risas nerviosas, independentemente do curso e idade do alumnado en cuestión, sempre, sen excepcións, xorden propostas ateigadas de clichés e estereotipos a través das cales constrúen unha humanidade prehistórica á súa imaxe e semellanza, coma se fose un reflexo no espello⁴ nunha época recóndita que asocian á Prehistoria.

A meirande parte dos debuxos remiten aos mesmos estereotipos e ideas preconcebidas, onde o máis empregado é a representación da vida no Paleolítico, concretamente das sociedades cazadoras-recolledoras nas súas covas cazando ou pintando. A través deste estereotipo perpetúase unha concepción da Prehistoria coma ese momento orixinario no que se definen as características do ser humano e as pautas da vida en sociedade tal e como as coñecemos. Para o que se recorre a referencias moi concretas, entre as que predomina a representación do concepto de evolución humana por medio do progreso técnico, o dominio das tecnoloxías, e a adaptación aos cambios, asociada á configuración dos asentamentos e ao control da produción e do territorio (Mouriño e Comendador, 2023).

Entre a cantidade inxente de material que recompilamos ao longo do tempo podemos identificar un gran número de debuxos que se poderían agrupar baixo a etiqueta

³ Xunto coa miña compañeira a profesora Beatriz Comendador Rey.

⁴ Este fenómeno é o que se coñece na literatura especializada coma *imaxe especular* (Lull, 2017; Comendador, 2019; Moragón, 2014).

de escenas da vida cotiá, representacións do día a día das sociedades prehistóricas. Nestes é unha constante a diferenciación de roles e a atribución de valores desiguais en función do xénero. Poucas veces uns simples bosquejos rápidos conteñen unha alegación a un pasado tan estereotipado, mediante os que se define o que é ser home (sempre sen excepción en todos os debuxos, ben sexa obra de anónimas coma de anónimos) e o que é ser muller (neste caso, os debuxos cóntanse cos dedos dunha man e son obra só de anónimas).

A continuación, debemos coller as ideas que acabamos de preparar e vertelas nunha cazola xunto cun chorro xeneroso de aceite e cociñalas a lume lento (Fig. 2). É recomendable sazonar a mestura con sal, pementa e outras especias ao gusto.



Figura 2 Verter as ideas preconcebidas. Elaboración propia.

2.2 Pre-quecemos os conceptos chave

A continuación, mentres temos a cazola coas ideas no lume, debemos pre-quecer todos aqueles conceptos que precisamos coñecer á hora de continuar coa nosa receita a uns 180º grados ata que enforcemos o ingrediente principal, o cotiá.

Para iso, a continuación, recóllense unha serie de termos, a modo de glosario onde percorrer ao longo do capítulo para clarexar ideas. Trátase tanto de palabras de uso habitual por normal xeral no noso contexto social máis próximo coma de termos especializados sobre os que se sustentan os estudos de xénero aplicados á investigación arqueolóxica. Asemade incluímos nalgúns casos outros termos relacionados e palabras a confrontar.

Estereotipos de xénero. Imaxe ou idea aceptada comunmente por un grupo ou sociedade con carácter inmutable (Diccionario da RAG, consulta: 16/05/2022). Estas ideas, fixas, asúmense como naturais e serven para clasificar ás persoas sen ter en conta as súas realidades individuais. A forza de repetilos, dan lugar a unha perspectiva simplista da realidade na que subxace unha especialización extrema dos roles sustentados sobre un sistema de crenzas e de valores disimétrico (Varela, 2019). Estes prexuízos vólvense verdades indiscutibles que xeran estruturas de privilexio xa que o conxunto de calidades asignadas aos homes son entendidas como de maior valor social.

Roles de xénero. Papeis e expectativas diferentes que socialmente se adxudican ao xénero masculino e feminino e que se aprenden e poñen en práctica segundo os criterios vixentes nunha sociedade patriarcal. Estes comportamentos considerados como apropiados ou non, cos que se acepta como feminino e/ou masculino, favorecen a inserción na sociedade á que pertencemos ou provocan reaccións adversas e sancións sociais (Unidade de Igualdade, 2018).

Termos relacionados: División sexual do traballo, Fenda de xénero.

- **División sexual (ou por xénero) do traballo.** Diferenciación social que se fai sobre as actividades que deben realizar as mulleres e as que deben realizar os homes, adxudicando diferentes espazos en función do sexo e os roles de xénero socialmente establecidos. Esta división é aprendida e cambia a través do tempo. Xeralmente renóvase cando as sociedades se atopan sometidas a crises e axustes (Unidade de Igualdade, 2018). É unha das estruturas máis importantes que definen as relacións de xénero.
- **Fenda de xénero.** Termo que fai referencia ás diferenzas existentes entre a condición ou posición de homes e mulleres na sociedade producidas pola desigualdade de xénero (Unidade de Igualdade, 2018)
- **Sexismo.** Ideoloxía, comportamento ou actitude que manifesta discriminación das persoas atendendo ao seu sexo (Diccionario da RAG, consulta:16/05/2022). Esta maniféstase nun conxunto de prácticas sociais que someten e discriminan ás mulleres fronte aos homes en todos os ámbitos da vida e das relacións humanas en base a diferenzas biolóxicas e de xénero (Unidade de Igualdade, 2018). O sexismo representa unha actitude cons-

ciente, un conxunto de prácticas que se empregan no seo das estruturas sociais patriarcais para manter a dominación dun sexo sobre outro.

Termos relacionados: Androcentrismo.

- **Androcentrismo.** Adopción dun punto de vista masculino no estudo e análise dun tema, establecendo unha forma de coñecemento nesgado no que o home (referímonos a un home que se axusta ao modelo de masculinidade hexemónica) é considerado a medida de todas as cousas, a única relevante. Enfocar un estudo dende este tipo de visión androcéntrica implica a exclusión do punto de vista e experiencias doutros colectivos deformando a realidade (Varela, 2019). É unha das formas máis xeneralizadas de sexismo que ten as súas derivacións máis extremas na misoxinia, que implica a invisibilización da experiencia feminina ó quefacer humano, e a xinopia, que se refire ao repudio ou odio ao feminino.

Confróntese: Perspectiva de xénero.

- **Perspectiva de xénero.** Entendemos por perspectiva de xénero a visión científica, analítica e política creada dende o Feminismo que se aplica a todos os ámbitos da vida dando lugar a un conxunto de enfoques específicos de carácter teórico e metodolóxico para a comprensión dos conceptos que interveñen nas relación entre xénero. Aplicar a perspectiva de xénero na investigación permite recoñecer como funcionan os estereotipos neste eido, así como, en que medida afectan á calidade científica e o seu impacto. Ao mesmo tempo, ofrece a posibilidade de que a ciencia avance cara á excelencia e estimula novas liñas de investigación (Unidade de Igualdade, 2018).

Xénero. Categoría sociocultural adquirida e aprendida, unha construción social e simbólica xerada a partir dunha serie de estereotipos e de roles de xénero que indican cales son as prescricións e as proscricións que deben conformar o xénero feminino e masculino, definidas en cada momento histórico por cada sociedade sobre a base da diferenza sexual. O xénero determina o que se espera, o que se permite e o que se valora nunha muller ou nun home nun contexto determinado. Aínda que nacemos cun corpo sexuado, a feminidade e a masculinidade son entidades históricas, cambiantes e non innatas (Unidade de Igualdade, 2018; Varela, 2019).

Confróntese: Sexo.

- **Sexo.** Categoría determinada polas diferenzas biolóxicas a partir da fisioloxía, anatomía e natureza física dos corpos. En función do tipo de cromosomas, hormonas, gónadas e órganos reprodutores (Unidade de Igualdade, 2018).

2.3 Engadimos a perspectiva feminista

Unha vez cociñadas as ideas (xa temos a base sobre a que traballar ao punto) engadimos á cazola o resto dos ingredientes, unha chisca de Arqueoloxía e un aire de perspectiva de xénero (Fig. 3), mentres o forno segue pre-quecéndose. Este paso é un dos máis complicados á hora de preparar o noso prato, polo que iremos agregando os ingredientes en pequenas cantidades para acadar o punto exacto tanto de cocción coma de sabor.



Figura 3 Engadimos a perspectiva feminista. Elaboración propia.

Para unha perspectiva feminista na investigación arqueolóxica, debemos falar de Arqueoloxías de xénero, un termo que fai referencia a todas aquelas arqueoloxías que formulan como problema explicitamente o sexo, o xénero e/ou a sexualidade nas interpretacións do pasado e/ou na práctica da propia disciplina (Montón e Meyer, 2018). Adoptar a mirada feminista neste eido, aportou e aporta ao estudo da Prehistoria, autocrítica e reflexión dentro da disciplina, a través da denuncia do nesgo androcéntrico inherente a práctica científica no seu sentido máis amplo e formula o estudo de xénero como categoría analítica para comprender as sociedades do pasado. Con poucas palabras céntrase na xeración de estratexias e campos de investiga-

ción para a reformulación das interpretacións do pasado, sobre todo de tipo social; na de-construción de arquetipos discursivos naturalizados na práctica académica, político-divulgativa e educativa; e na denuncia das condicións desiguais de traballo no ámbito académico e profesional, onde os cuidados teñen o seu lugar (Mouriño, 2024: 48). Lonxe de esgotarse ou quedar reducidas a unha moda pasaxeira froito do *mainstream*, acadaron unha forte presenza e calidade nos últimos anos dentro do ámbito académico.

Non é casualidade que o xénero como tema de reflexión e investigación nas ciencias sociais fose da man dos movementos reivindicativos para a consecución da igualdade ligados á segunda onda do feminismo. Pero as Arqueoloxías de xénero xurdiron un pouco máis tarde, en plena terceira onda, arredor da década dos oitenta do século pasado (González, 2006). Os primeiros pasos tiveron lugar no campo da Antropoloxía Social coa formulación de modelos explicativos alternativos á conceptualización e estudo das mulleres, tendo un gran impacto na investigación arqueolóxica, e especialmente nos estudos sobre a Prehistoria e as orixes do ser humano. O punto de arranque oficial adoita asociarse cos traballos da investigadora estadounidense Sally Linton sobre a muller colleiteira nos anos setenta, mais debemos puntualizar que xa existía unha tradición anterior da man do evolucionismo social e do primeiro movemento feminista das sufragistas a finais do século XIX (Arwill-Nordhbladh, 1989). No caso nacional, a investigación feminista en Arqueoloxía chega arredor dos noventa e desenvólvese positivamente dende entón. Con todo, o seu desenvolvemento vese limitado a certos grupos de investigación, concretamente aos que configuran a *Rede PastWomen*, e a mulleres case en exclusiva. A pesar de isto, existe unha forte produción científica de calidade no eido que nos compete.

Pese ao que poidamos pensar, as Arqueoloxías de xénero non estudan só mulleres; ben é certo que este foi o seu punto de partida, mais o seu obxectivo é dar voz a todas aquelas persoas esquecidas na (Pre)Historia e amosar a diversidade do pasado (Colftofean-Arizancu et al., 2021:46). A través do estudo das evidencias arqueolóxicas (obxectos, corpos e espazos) asociadas á identidade e ás relacións de xénero que deixan a súa pegada no rexistro arqueolóxico fanse visibles as persoas do pasado independentemente do seu sexo, xénero e idade. Neste senso, recórrase a metodoloxía antropolóxica para a xeración de modelos interpretativos e a arqueolóxica co obxectivo de reformular novas categorías de análise que permitan dotar ao xénero de contido social e histórico.

2.4 Enforamos o cotiá

Para o seguinte paso precisamos dunha bandexa onde verter todos os ingredientes xa cociñados, comprobar que o forno está o suficientemente quente, e enforar o último ingrediente, o cotiá (Fig. 4).




Figura 4 Enforamos o cotiá. Elaboración propia.

Realizar un achegamento ao cotiá, tanto das actividades e prácticas relacionadas coa súa xestión como da configuración do espazo e relacións interpersoais asociadas, como obxecto de investigación non foi, nin é, unha novidade. Agora ben, ata non hai moito no quefacer da historia e a arqueoloxía, considerábase un subproduto da investigación destinado, como moito, á divulgación de “baixa esixencia” en termos de calidade científica (dirixida, por exemplo, a audiencias non especialistas), realizado por profesionais consideradas de segunda fila, se é que chegaban a considerarse como tal. Rachando con esa idea, dende as Arqueoloxías de xénero propúxose o estudo do cotiá a través do paradigma das actividades de mantemento como unha das estratexias de estudo do xénero como categoría analítica das sociedades do pasado deixando atrás o nesgo pexorativo asociado ao doméstico e todo o que leva consigo. Mais... que é isto das actividades de mantemento? a que fan referencia? Con poucas palabras, son todas aqueles traballos ou tarefas que comprenden o conxunto de prácticas básicas e necesarias para o sostemento e mantemento das sociedades.

O paradigma das actividades de mantemento xurdiu a comezos dos anos noventa da man dun grupo de arqueólogas feministas vinculadas por entón á Universidade Autónoma de Barcelona (Colomer et al. 1998; Picazo, 1997; Sanahuja, 2002). Co paso

do tempo foi evolucionando grazas ás novas aportacións metodolóxicas e reflexións teóricas (Alarcón, 2006, 2007 e 2010; Colomer et al., 1998; Escoriza e Sanahuja, 2002; Dommasnes 2006; Gifford-González 2008; González, 2006; González e Picazo, 2005; González et al., 2007 e 2008; Hernando, 2005; Montón e Sánchez, 2008; Prados e López, 2008; Rísquez e García, 2007; Sánchez e Aranda 2006; Sánchez, 2002, 2006, 2007 e 2008; Sanahuja, 2002 e 2007) dando lugar a unha das principais liñas de investigación la literatura arqueolóxica española. Ata tal punto que hoxe en día é un referente internacional no eido dos estudos das relacións de xénero na Prehistoria.

Estas actividades abranguen todos os traballos que comprenden o conxunto de prácticas relativas ao mantemento e coidado de cada un dos membros da comunidade, así como as prácticas relacionadas coa substitución xeracional e a socialización do grupo. Á súa vez, tamén se caracterizan por ser actividades relacionadas coa saúde, o benestar, a curación e a hixiene, tanto no caso de individuos infantís coma de individuos adultos incapaces de coidar de si mesmos (temporal ou permanentemente) por razóns de idade e/ou enfermidade (Alarcón, 2010; Picazo, 1997). Por tanto, estes traballos inclúen a preparación de alimentos, a súa distribución e consumo, a súa deposición ou o almacenamento, entre tantos outros; pero tamén a produción de todos aqueles útiles necesarios para levar a cabo as tarefas como a manufactura cerámica, a creación de ferramentas de pedra ou a produción téxtil (Sánchez, 2002 e 2008). En definitiva, traballos que constitúen o tecido temporal e de relación do ciclo da vida cotiá. Traballos que crean e conservan as estruturas sociais de cohesión, independentemente da época, favorecendo a reprodución social, humana e económica (Alarcón, 2010:205). O que se complementa co estudo da configuración dos espazos, lugares e estruturas asociadas ao cotiá.

O estudo do cotiá neste senso proporciona unha nova percepción, unha nova mirada á hora de tentar comprender ás sociedades prehistóricas a través da re-lectura e re-interpretación do rexistro arqueolóxico, do que xa coñecemos e non se tomou en consideración, abrindo un campo de múltiples posibilidades. O seu emprego como categoría de análise permítenos coñecer o legado de saberes e prácticas asociadas á xestión da vida cotiá en diferentes momentos históricos, ao igual que a evolución (e maior complexidade social) das sociedades nas que se insiren. Non debemos esquecer, que o espazo doméstico constitúe un dos escenarios onde teñen lugar as tarefas, rutinas e relacións interpersoais que constitúen a vida cotiá e que están fortemente sexuadas, onde participamos todas e todos independentemente do noso sexo e xénero. E tamén de que é un lugar de encontro, onde pasamos a maior parte do noso tempo, entre relacións sociais e relacións materiais, ambas indisolublemente ligadas ó cotiá.

Chegados a este punto debes darlle unha ollada ao forno. Ides observar como os coidados comezan a medrar na bandexa, xa que son unha das actividades de mantemento máis significativas.

2.5 Remexemos sexismos e estereotipos

Varios dos erros máis habituais ao cocinar son non seleccionar ben os ingredientes e non medir ben as cantidades. Polo que antes de darlle a última fornada ao noso prato, temos que remexer todos os sexismos e estereotipos (Fig. 5) que se nos puideron pasar por alto durante a elaboración.



Figura 5 Remexemos sexismos e estereotipos. Elaboración propia.

Para isto imos retornar aos debuxos, seguramente máis de unha e un de vós, debuxastes algunha muller. No caso de facelo, é moi probable que a representades de xeito inconsciente como nai e coidadora nun espazo que se podería identificar coma doméstico e probablemente secundario na composición. E tamén, seguramente, cun corpo e beleza normativas cun toque “prehistórico”, coma un óso na cabeza ou un vestido curto de peles ben axustado que resalta a figura feminina. Trátase dun tópicoo moi recorrente cando os debuxos van alén de cazadores e venus.

En relación con isto gustaríanos comentar brevemente dous dos debuxos realizados polo alumnado en diferentes anos. En ambos represéntase mulleres con corpos de talle fino, moitas curvas, e vestidos moi curtos na liña do “sexy”, que remiten ao canon estético de Vilma Pica-pedra. En canto as escenas que representan identifi-

camos unha que acontece no exterior e outra no interior. Na primeira, un río divide a escena en dous espazos, un dedicado á caza e outro á cociña, o cal non deixa de ser significativo xa que se poñemos nome a quen realiza cada unha das actividades vemos unha clara diferenciación entre o feminino e o masculino. Na segunda, unha simple liña enmarca figura dentro do espazo doméstico simulando unha especie de cova onde á súa vez podemos identificar restos de comida e unha fogueira. Con uns poucos trazos, en ambos debuxos, deixase claro que a cociña é cousa de mulleres, ao igual que o doméstico e o seu mantemento.

Este imaxinario asociado ás mulleres responde ás dúas visións que se teñen da muller prehistórica xa desde o século XIX, como nai e como obxecto sexual. Un dos exemplos máis ilustrativos é a serie de esculturas tridimensionais que estivo exposta ao público a principios do século XX na Academia Real de Bélxica. Do conxunto de esculturas que configuraban a exposición só dúas delas eran figuras femininas. Estas representan respectivamente a unha nai neanderthal co seu bebé no colo, dominada polo seu instinto biolóxico, case animal, de protección da súa cría; e a unha muller sapiens exuberante e sexualmente receptiva. Ambas visións defínense en función do corpo feminino, tanto polas súas condicións anatómicas internas coma externas, interpretadas dende unha mirada masculina. Un canon que repetimos ao longo do tempo en relación á representación da muller na Prehistoria que reproduce o papel consagrado á muller como dona e nai, moi influenciada pola iconografía cristiá da parella orixinal (Lasheras e de las Heras, 2003:44), unha mostra máis do androcentrismo imperante. Non existen evidencias, arqueoloxicamente falando, que relacionen as actividades de mantemento coas mulleres en exclusiva, pero si da súa invisibilización na investigación por este mesmo motivo.

Vemos como a dimensión de xénero actúa coma un filtro cultural a través do cal se orixina unha orde simbólica dende a que observamos o mundo e aplicamos a todo o que coñecemos ou tentamos coñecer independentemente da época, onde a feminidade se constrúe por alteridade á masculinidade (Comendador, 2019; Mouriño, 2021). Isto responde principalmente ao feito de que, o quefacer científico, independentemente da área de estudo ou disciplina, desenvolveuse historicamente como unha actividade masculina que adoptou unha perspectiva androcéntrica que fixo do masculino a norma, o que resultou nunha visión negada e parcial que se estableceu con bastante forza como parte do imaxinario colectivo.

Como exemplo temos os resultados acadados nunha investigación participativa sobre a percepción do pasado prehistórico no presente que realizamos no ano 2020 onde unha das preguntas que se formulaban era a seguinte: Que papel tiveron as mulleres dentro das sociedades prehistóricas? A resposta máis rexistrada foi a de coidadoras, polo que estas dedicaríanse a coidar do fogar e das criaturas mentres os homes a cazar para traer o sustento e poder sobrevivir. Como pequeno apunte, na meirande parte dos casos xustifícanse as respostas alegando ao instinto maternal,

como se a maternidade e o coidado foran unha condición xeneticamente determinada nas mulleres, o cal se debe acentuar na Prehistoria por algunha razón que descoñeza, o que non deixa de ser significativo. Unhas “amas de cova” máis...

- 26 Este nesgo androcéntrico, deriva nunha visión do pasado prehistórico co apelido de tecnocéntrico na que non se considera relevante explicitar o custo humano dos grandes cambios tecnolóxicos e socioeconómicos, invisibilizando así as prácticas de coidado, socialización e mantemento (Mouriño, 2021). A pesares de que os debuxos poidan resultar imaxes “inocentes”, están dotados dunha importante carga ideolóxica, en tanto que configuran unha imaxe especular do mundo actual e fomentan a idea dunha feminidade pasiva fronte a unha masculinidade activa coa que se xustifica a idea errónea de que os homes son os principais actores na acción histórica co propósito de lexitimar as ideoloxías e valores do presente, e máis en concreto, do sistema patriarcal (Bécares, 2020; Hernando, 2015). Deste xeito, refórzanse estereotipos e roles como a diferenciación de espazos e a división de tarefas, e ignórase a complexidade da representación do xénero, o que deriva na tanto na invisibilización e cousificación das mulleres ao reproducir a xerarquía binaria de suxeito/obxecto que existe na sociedade como na infra-valoración da súa significación social e aportes nos procesos culturais (Mouriño, 2024).

Dentro do imaxinario asociado á muller prehistórica tamén atopamos as actividades de mantemento como as actividades propias de mulleres baixo a etiqueta de tarefas do fogar. Debido a ilo as actividades de mantemento foron consideradas durante moito tempo como irrelevantes para comprender as sociedades do pasado (Curià e Masvidal, 1998) dando lugar a súa invisibilización sistemática no eido da investigación. Ao que debemos engadir que o ámbito ou contexto doméstico foi asumido coma unha categoría universal asociada a unha clase particular de persoa uniforme (as mulleres) e que non experimenta cambios ao longo do tempo (Brück 2005:143), na liña do eterno feminino⁵. Isto débese a que tradicionalmente considerouse que estas actividades, simplemente polo feito de ser exercidas en contextos onde elas son máis habituais, non interviñan nas dinámicas económicas, políticas e sociais que marcan o devir histórico ata os nosos días. Outra das características empregadas para xustificar a súa ignorancia foi a súa transversalidade no tempo e espazo. Ao que debemos engadir o seu carácter rutineiro, reiterativo, diario e cotiá converténdose dende a historiografía en actividades carentes de aplicación tecnolóxica e coñecementos especializados (Alarcón, 2010). Esta conceptualización catalogounas por tanto como actividades pasivas e independentes do resto de movementos que afectan ás sociedades ao longo do tempo.

Neste senso os coidados, ao igual que o resto das actividades de mantemento, non

⁵ Concepto formulado na obra de Simone de Beauvoir que define un arquetipo ou modelo construído que idealiza un concepto inmutable de muller.

foron consideradas como categorías analíticas nos estudos das sociedades prehistóricas, a pesares de que sempre están presentes na vida de todas as persoas, dende o seu nacemento ata o seu finamento e máis alá (Gilchrist, 2008).

Unha vez remexidos os sexismos e estereotipos da bandexa, subimos a temperatura do forno a 220º e dámoslle unha última fornada para que se cociñe ben por dentro. 27

2.6 Listo para de-construír

Xa co prato cociñado debemos deixalo arrefriar para servilo. Unha vez frío debes probar o prato e comezar a de-construír o mito dos coidados e saborear ese toque de cotiá, grazas á perspectiva feminista e ás actividades de mantemento que engadimos durante a elaboración da receita.

Como fomos vendo ao longo do capítulo, as actividades de mantemento dan resposta as dúas dimensións das necesidades humanas básicas: as físicas, dando lugar ao que se coñece na literatura especializada como esfera obxectiva; e afectivas, neste caso falamos de esfera subxectiva (Carrasco, 2003: 14). Pero... temos claro de que estamos a falar cando nos referimos aos coidados? en que consisten? En trazos xerais, trátase de traballos que non se atopan suxeitos ao tempo nin ao espazo e responderían as seguintes características (Alarcón, 2005 e 2010; Carrasco, 2003; Carrasco et al., 2011; Freigeiro, 2005):

- Estar asociados á xestión do cotiá.
- Ter emisores (persoa que exerce os coidados) e receptores (conxunto da sociedade).
- Formar parte dunha rede de relacións persoais e interpersoais marcada polo ámbito emocional.
- Ser unipersoais e non transferibles.
- Ser heteroxéneas.
- Precisar de coñecementos especializados e capacidade de xestión, o que deriva nunha gran complexidade profesional.
- Consumir tempo.
- Non ser computables en termos mercantís nin comerciais.
- Ser o nexo de unión entre o privado e o público.

A partir da súa caracterización podemos identificar as prácticas de coidado dentro do paradigma das actividades de mantemento e empregar a súa identificación e estudo como unha categoría analítica máis para entender as sociedades prehistóricas.

28

Pese a dificultade interpretativa de base e o habitual desinterese destas, con todo o que implica, existen estratexias de investigación específicas e evidencias arqueolóxicas (Fig. 6) máis que dabondo para visibilizar os coidados no rexistro arqueolóxico (Alarcón, 2005 e 2007; Sánchez, 2007). Aínda que os coidados non adoitan deixar a súa pegada nas persoas que os realizan si o fan sobre as que os reciben e tamén deixan restos materiais dos instrumentos e útiles que se empregaron. Os contextos arqueolóxicos que máis información nos proporcionan sobre os coidados son os funerarios, xa que temos tanto corpos como obxectos e espazos, onde a arqueoloxía traballa conxuntamente coa Antropoloxía física ou a Bioloxía, por medio de disciplinas como Paleantropoloxía e a bioarqueoloxía, entre outras especialidades; mais tamén é habitual estudar contextos domésticos ou habitacionais, ao proporcionar unha cantidade inxente de obxectos que non foron estudados.



Figura 6 Algunhas evidencias dos coidados no rexistro arqueolóxico. Elaboración propia.

As prácticas de coidado remóntanse como mínimo ao Paleolítico Medio (Alarcón, 2007; León, 2020; Sánchez, 2022). Unha das evidencias máis claras atopámola no xacemento de Shanidar I, localizado nunha cova das montañas Zagro en Irak, cun esqueleto dun individuo masculino neanderthal de arredor duns 40-50 anos que presentaba no momento do seu finamento múltiples patoloxías. Concretamente era

cego, artrítico e tiña un brazo atrofiado, presentando un alto grao de incapacidade e necesidades de coidados de todo tipo dende a preparación de alimentos a axuda para desprazarse por exemplo. Non obstante, tras o estudo antropolóxico do corpo sabemos que este individuo non morreu por ningunha destas complicacións físicas, e que mesmo chegou a idade adulta, e por se fóra pouco, que contribuíu de xeito activo no seu grupo realizando traballos con peles, feito constatado polo desgaste dos seus dentes. Outro caso significativo é do xacemento francés de La Chapelle-aux-Saints, onde tamén temos un individuo masculino neanderthal, de idade avanzada, con graves patoloxías entre as que se atopaba unha grave artrose nas vértebras cervicais, a deformación da cadeira esquerda, un dedo do pé completamente esmagado, unha costela e un xeonllo lesionados, a mandíbula rota coa maioría dos molares perdidos e un desgaste asociado nas enxivas, altos indicios de que padecera xordeira, etc. (Alarcón, 2007; Escoriza e Sanahuja, 2005; León, 2020).

A parte dos traumatismos e patoloxías, outro indicador máis que obvio de realización de coidados é a superación da etapa infantil. Estas prácticas segundo a investigadora Margarita Sánchez Romero (2006) comezan no momento da propia xestación, co coidado da nai, e unha vez finalizado o embarazo espallase no tempo por mor da atención constante que precisan durante os primeiros anos de vida os individuos infantís. Neste contexto unha boa alimentación é fundamental para cubrir as necesidades biolóxicas dos individuos infantís, indicadores como a deficiencia de grosor do esmalte dos dentes (hipoplasia dental) fálanos sobre o desleite e períodos de lactancia, ou a identificación da criba orbitalia de enfermidades como a anemia relacionadas directamente coa falta de ferro, permítenos coñecer este aspecto (Alarcón, 2007). Pero tamén existen outro tipo de necesidades que podemos estudar a través dos restos materiais asociados ás formas de aprendizaxe e socialización, unha práctica de coidado máis nesta etapa. Un exemplo é o caso da sepultura 39 do xacemento da Idade do Bronce de Motilla del Azuer, un pouco máis cerca que os anteriores exemplos, concretamente en Cidade Real. Trátase dunha inhumación dun individuo infantil cun enxoval moi completo que contén a reprodución en miniatura de tres vasos cerámicos, un carrete e dúas fichas de arxila, e un vaso cerámico carenado de pequenas dimensións (Nájera et al., 2006; Sánchez, 2007); todos eles cun grado de cocción a baixa temperatura.

Vemos como o estudo dos coidados na Prehistoria pode indicarnos por tanto as condicións sociais e económicas nas que tiveron lugar pero tamén as condicións que posibilitaron o seu desenvolvemento e garantiron a supervivencia do grupo. Non se trata de tarefas irrelevantes, senón que sempre estiveron aí, polo que deberon influír e ser influídas irremediabilmente dalgunha maneira polo que estaba a acontecer nos diferentes momentos na Prehistoria. Debemos ter en conta que os coidados neste senso non só son unha cantidade de traballo inxente, senón tamén requiren dunha serie de coñecementos e avances tecnolóxicos que facilitan o desenvolvemento dos mesmos (Sánchez 2007: 190). De feito, é precisamente a súa transversalidade histó-

rica e cultural onde radica a súa principal significación social e máximo valor ao ser dos únicos traballos que se manteñen ao longo do tempo e do espazo, reflectindo así a súa importancia e consideración dentro cada un dos grupos sociais (Alarcón García, 2010). Aínda que isto non quere dicir que estas non muden ou máis aínda, que non sexan reflexo dos cambios que acontecen os grupos humanos, senón todo o contrario. Precisamente, aseguran a posibilidade da reiteración e recorrencia do conxunto das actividades desenvoltas polo grupo dando lugar a canles de novos modelos ou formas de xestión da vida cotiá sobre os que se apoian os avances tecnolóxicos, sociopolíticos e económicos coetáneos.

3 Outras receitas

Para completar este particular receitario a continuación proporcionámosvos o resto das receitas, elaboracións que vos permitirán ir máis alá e ampliar o voso repertorio culinario, en caso de que queirades cociñar algo máis lonxe da narrativa androcéntrica sobre a Prehistoria.

Como vimos ao longo do capítulo, pese a que existen metodoloxías e estratexias de estudo dabondo dentro da investigación arqueolóxica para afrontar o estudo do pasado prehistórico dende formulacións inclusivas, existe unha fenda entre o relato que se transmite ao tecido social e o discurso oficial construído dende os ámbitos académicos, a través do cal se lexitima o sistema disimétrico de xénero no que vivimos. A posta en práctica de todas estas receitas permitiravos cuestionar os rumbos de xénero sobre o que sabedes da Prehistoria sen perder ese sabor feminista que caracteriza todo o receitario.

Co pretexto de facilitar a consulta das receitas, e posterior elaboración e cociñado, clasificámoslas en función do tipo de cociña, nivel de dificultade, ingredientes e temas a tratar, indo do máis xeral ao máis específico, para que decidades cal vos apetece máis poñer en práctica nos vosos próximos menús.

1. Entrantes.

- Nivel de dificultade: dificultade baixa (nivel principiante).
- Ingredientes: lecturas tradicionais (libros), recursos web e algún que outro podcast e exposición virtual.
- Temas a tratar: mulleres e Prehistoria.

2. Pratos principais.

- Nivel de dificultade: dificultade media (nivel básico).
- Ingredientes: lecturas tradicionais (libros) e especializadas (artigos científicos e divulgativos) así como recursos web.

- Temas a tratar: vida cotiá e actividades de mantemento na Prehistoria.
3. Sobremesa.
- Nivel de dificultade: dificultade alta (nivel avanzado).
 - Ingredientes: lecturas especializadas (artigos científicos e divulgativos).
 - Temas a tratar: usos e discursos da Prehistoria.

31

3.1 Entrantes.

- *As mulleres na Prehistoria* (2006), catálogo da exposición homónima do Museo de Valencia editado por Begoña Soler.
- *Prehistorias de mulleres* (2021) de Margarita Sánchez Romero.
- PastWomen. Historia material das mulleres.
<https://www.pastwomen.net/index>
- Outras miradas ao pasado.
<https://otrasmiradas.pastwomen.net/>
- Carne Cruda Podcast. Episodio #804: *Mulleres cazadoras e outras sorpresas da Prehistoria*.
https://www.ivoox.com/carne-cru-da-mujeres-cazadoras-otras-sorpresas-audios-mp3_rf_64520124_1.html

3.2 Pratos principais.

- *Por que a Historia non valorou as actividades de mantemento?* (2005) de Almudena Hernando na revista científica ArqueoWeb.
- *A cotianidade na Prehistoria. A vida e o sostemento* (2007) de Encarna Sahanuja.
- *Venus e cazadores: sexo e división do traballo* (2018) de Assumpció Vila Mitjá nos Cadernos de Atapuerca.
- *Un pasado que ilustra con perspectiva de xénero: o debate sobre a división sexual do traballo* de Carolina Martínez Pulido.
<https://mujeresconciencia.com/2016/10/17/pasado-ilustra-perspectiva-genero-debate-la-division-sexual-del-trabajo/>

3.3 Sobremesa.

- *A outra Prehistoria: creación de imaxes na literatura científica e divulgativa* (2008) de Paloma González Marcén na revista científica Arenal.

- 32
- *Gender stereotypes in archaeology. A short reflection in image and text* (2021) da Asociación internacional de Arqueoloxía e Xénero en Europa (AGE), editado por Laura Coloftean-Arizancu, Bissierka Gaydarska e Uroš Matic.
 - *Crossing the Mirror: an Approach to the Social Perception of the Prehistoric Past from a Gender Perspective* (2023) de Andrea Mouriño Schick e Beatriz Comendador Rey na revista científica Filanderas.

Referencias

Alberti, Benjamín (2006). “Archaeology, Men, and Masculinities”, en Milledge, Sandra (ed.), *Handbook of Gender in Archaeology*, Laham: Altamira Press.

Alarcón, Eva (2005). “Aproximación a la vida cotidiana de las poblaciones argáricas: el caso de Peñalosa”, *Arqueología y Territorio* 3, 89-116.

— (2007). “Las prácticas de cuidados en las sociedades prehistóricas: La cultura argárica”, *Arqueología y Territorio* 4, 233-249.

— (2010). “Arqueología de las actividades de mantenimiento: un nuevo concepto en los estudios de las mujeres del pasado”, *Arqueología y Territorio* 7, 195-210.

Arwill-Nordbladh, Elisabeth (1998). “Oscar Montelius y la liberación de las mujeres. Un ejemplo de arqueología, ideología y el primer movimiento de las mujeres suecas”, en Colomer, Laia; González Marcén, Paloma; Montón Subías, Sandra; e Marina Picazo (coords.), *Arqueología y teoría feminista. Estudios sobre mujeres y cultura material en arqueología*, Barcelona: Icaria.

Bécares, Laura (2020). *Memorias e identidades silenciadas. La legitimación del pasado androcéntrico en los museos*, colección Deméter, 12, Oviedo: Universidad de Oviedo.

Brück, Joana (2005). “Homing instinc. Grounded Identities and Dividual Selves in the British Bronze Age”, en Colin Cansella, Eleanor, e Flower, Chris (eds.), *The archaeology of Plural and Changing Identities. Beyond Identification*, New York: Springer.

Carrasco, Cristina (2003). “El cuidado: ¿Coste o prioridad social?”, en Emakunde e Instituto Vasco da Muller (eds.), *Congreso Internacional SARE 2003: “Cuidar cuesta: costes y beneficios del cuidado”*, Baza: Marcal, 31-62.

Carrasco, Cristina; Borderías, Cristina e Teresa Torns (eds.) (2011). *El trabajo de los cuidados. Historia, teoría y políticas*. Madrid: Los Libros de la Catarata.

Colomer, Laia; González, Paloma; Montón Subías, Sandra e Marina Picazo (coords.) (1998), *Arqueología y teoría feminista. Estudios sobre mujeres y cultura material en arqueología*, Barcelona: Icaria.

Coltofean-Arizancu, Laura; Gaydarska, Bissierka e Uros Matic (eds.) (2021). *Gender stereotypes in archaeology. A short reflection in image and text*. Leiden: Sidestone Press.

Comendador, Beatriz (2019). “Antes de que Eva comiera la manzana: la imagen de “Cavewoman” en la cultura popular contemporánea”, en Prada, Julio, e Domingo Rodríguez (coords.). *Indivisa manent. Estudos en homenaxe a Jesús de Juana*, Ensaio: Vol. 97, Vigo: Galaxia.

Curià, Elisenda e Cristina Masvidal (1998). “El grup domèstic en arqueologia: noves perspectives d’anàlisi”, *Cypselà* 12, 227-236.

Dommasenes, Liv H. (2006). “Su corazón se modeló sobre una rueda: las mujeres entre la ideología y la vida en el pasado nórdico”, *Treballs d’Arqueologia* 11, 91-113.

Escoriza Mateu, Trinidad, e Encarna Sanahuja Yll (2002). “El pasado no es neutro: el cuerpo femenino como materialidad y forma de representación social”, *Actas del III congreso de Historia de Andalucía. La mujer*. Tomo I, 243-258.

Freigeiro, M^a Inés (2005). “La dimensión social de la paleopatología”, en Cañellas Trobat, Antonio (ed.), *Nuevas perspectivas del diagnóstico diferencial en paleopatología. Actas del VII Congreso Nacional de Paleopatología, (Mahón-Menorca, 02 al 05 de octubre de 2003)*, Illas Balears: Universitat de les Illes Balears.

Gifford-Gonzalez, Diane (2008). “Thoughts on a method for zooarchaeological study of quotidian life”, en Montón Subías, Sandra e Margarita Sánchez (eds.), *Engendering Social Dynamics. The archaeology of Maintenance Activities*, Oxford: Archaeopress.

Gilchrist, Roberta (2008). “Nurturing the dead: medieval women as family undertakes”, en Montón-Subías, Sandra, e Sánchez-Romero, Margarita (eds.), *Engendering social dynamics. The archaeology of maintenance activities*. Oxford: Archaeopress.

González, M. (dir.): *Diccionario da Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega. < <https://academia.gal/diccionario> > [Consultado: 16/05/2022]

González, Paloma (2006). “Mujeres y Prehistoria: vivir el presente, pensar el pasado”, en Soler Mayor, Begoña (ed.), *Las mujeres en la Prehistoria*, Valencia: Museu de Prehistòria.

__ (2008). “La otra Prehistoria: creación de imágenes en la literatura científica”, *Arenal*, 15(1), 91-19.

González, Paloma; Montón Subías, Sandra e Marina Picazo (2007). “Continuidad y cambio social en la cultural material de la vida cotidiana”, *Complutum* 8, 15-24.

__ (2008). “Towards and archaeology of maintenance activities”, en Montón, Sandra, e Margarita Sánchez (eds.). *Engendering social dynamics. The archaeology of maintenance activities*. Oxford: Archaeopress.

González Marcén, Paloma e Marina Picazo (2005). “Arqueología de la vida cotidiana”, en Sánchez, Margarita (ed.), *Arqueología y género*, Granada: Universidad de Granada.

Hernando, Almudena (2005). “¿Por qué la Historia no ha valorado las actividades de mantenimiento?”, *Treballs d'Arqueologia* 1, 115-113.

__ (ed.) (2015). *Mujeres, hombres, poder: Subjetividades en conflicto*, Útiles: Vol. 15, Madrid: Traficantes de Sueños.

Lasheras, José Antonio e Carmen de las Heras (2003). “Venus y Caín: Nacimiento y tribulaciones de la Prehistoria en el siglo XIX: [Catálogo de la exposición temporal organizada por el Museo Nacional y Centro de Investigación de Altamira y celebrada en el Palacio Peredo Barreda (Santillana del Mar) del 10 de julio al 7 de septiembre de 2003]”, *Revista de Arqueología*, (267), 40-45.

León, Alejandro (2020). “El cuidado en los comportamientos humanos durante la Prehistoria”, *Temperamentvm. Revista Internacional de Historia y pensamiento enfermero* v16: e13194, 1-22.

Lull, Vicente (2017). “¿De qué se ocupa la arqueología?”, *Marq, arqueología y museos* 8, 9-22.

Montón, Sandra (2021). “Otros pasados son posibles. Discurso y arqueología feminista”, *Discurso & Sociedad* 15 (3), 569-587.

Montón, Sandra e William Meyer (2018). “Engendered Archaeologies”, en Smith, Claire (ed.). *Encyclopedia of Global Archaeology*, Cham: Springer.

Montón, Sandra e Margarita Sánchez (eds.) (2008). *Engendering social dynamics. The archaeology of maintenance activities*. Oxford: Archaeopress.

Moragón, Lucía (2014). *Cuerpo y sociedades orales una reflexión sobre la concepción del cuerpo y sus implicaciones en el estudio de la Prehistoria*, (Tese de doutoramento), Madrid: Universidad Complutense de Madrid.

Mouriño Schick, Andrea (2021). “Metal para guerreiros: A male gaze nos discursos museográficos”, *Adra* 16, 173-189.

___ (2024). “A difusión do patrimonio arqueolóxico no noroeste peninsular: un análise dos discursos desde a perspectiva de xénero”. Tese de doutoramento, Universidade de Vigo.

Mouriño Schick, Andrea, e Comendador Rey, Beatriz (2023). “Crossing the Mirror: an Approach to the Social Perception of the Prehistoric Past from a Gender Perspective”, *Filanderas*, 8, 27-64.

Nájera, Trinidad; Molina, Fernando; Sánchez, Margarita e Gonzalo Aranda (2006). “Un enterramiento infantil singular en el yacimiento de la edad del bronce de la motilla del azuer (Daimiel, Ciudad Real)”, *Trabajos de Prehistoria* 63 (1), 149-156.

Pérez, Silvia (2017). “Situando los imaginario sociales: aproximación y propuestas”, *Imagonautas. Revista Interdisciplinaria sobre Imaginarios Sociales* 9, 1-22.

Picazo, Marina (1997). “Hearth and home: the timing of maintenance activities”, en Moore, Jenny, e Eleanor Scott (eds.), *Invisible people and processes. Writing Gender and Childhood into European*, London: Leicester University Press, 59-67.

Prados Torreira, Lourdes, e López Ruiz, Clara (eds.) (2008). *Arqueología del Género. 1er Encuentro Internacional en la UAM*, Madrid: UAM Ediciones.

Rísquez, Carmen, e Antonia García (2007). “¿Actividades de mantenimiento en el registro funerario? El caso de las necrópolis íberas”, *Treballs d'Arqueologia* 13, 145-170.

Sanahuja Yll, Encarna, (2002). *Cuerpos sexuados, Objetos y Prehistoria*. Colección Feminismos. Madrid: Cátedra.

___ (2007). *La cotidianidad en la Prehistoria*. Barcelona: Icaria.

Sánchez Margarita e Gonzalo Aranda (2006). “El cambio en las actividades de mantenimiento durante la Edad del Bronce: nuevas formas de preparación, presentación y consumo de alimentos”, *Treballs d'Arqueologia* 11, 73-90.

Sánchez, Margarita (2002). “Espacios domésticos y mujeres en la Prehistoria Reciente de la Alta Andalucía”, *Actas del III Congreso de Historia de Andalucía. La Mujer*, Vol I, Córdoba: CAJASUR, 275-288.

___ (2006). “Maternidad y Prehistoria: prácticas de reproducción, relación y socialización”, en Soler, Begoña (ed.), *Las mujeres en la Prehistoria*, Valencia: Museu de Prehistòria, 119-138.

___ (2007). “Actividades de mantenimiento en la Edad del Bronce del sur peninsular: El cuidado y la socialización de individuos infantiles”, *Complutum*, 18, 185-194.

___ (2008). “Actividades de mantenimiento, espacios domésticos y relaciones de género en las sociedades de la prehistoria reciente”, en Prados, Lourdes e Clara López (eds.), *Arqueología del Género. 1er Encuentro Internacional en la UAM*, Madrid: UAM Ediciones, 93-105.

___ (2021). *Prehistorias de mujeres*. Barcelona: Destino.

Soler, Begoña (ed.) (2006). *Las mujeres en la Prehistoria*. Valencia: Museu de Prehistoria.

Unidade de Igualdade, Universidade de Vigo (2018). *Glosario de termos de políticas de igualdade e estudos en xénero*. Material divulgativo.

Varela, Nuria (2019). *Feminismo para principiantes. Edición actualizada*. Barcelona: Penguin Randon House, Grupo Editorial.

Vila, Assumpció (2018). *Venus y cazadores: sexo y división del trabajo, Origen*. Cuadernos de Atapuerca 7. Burgos: Diario de Atapuerca.

Capítulo 02

Usos do tempo e coidados. Coidar para vivir ou vivir para coidar?

35

Carmen Verde-Diego¹

*Dedicado a Flori Rodríguez Diego,
cunha vida "destinada" ao coidar*

Ogallá non se lle pase nunca pola cabeza sublime de Deus a idea de viaxar un día a estes paraxes para certificar que as persoas que por aquí malviven, e peor van morrendo, están cumprindo de modo satisfactorio o castigo aplicado por el no comezo do mundo ao noso primeiro pai e a nosa primeira nai, os cales, pola simple e honesta curiosidade de querer saber o motivo polo cal foran creados, foron sentenciados, ela, a parir con esforzo e dor, el, a gañar o pan da familia co suor do seu rostro, tendo como destino final a mesma terra de onde, por un capricho divino, tiñan sido sacados; polvo que foi polvo e polvo tornará a ser (...) Dos dous criminais, digámolo xa, quen veu a soportar a peor carga foi ela, e as que despois dela viñeron, pois tendo que sufrir e suar para parir, conforme tiña sido determinado pola sempre misericordiosa vontade de Deus, tiveron tamén que suar e sufrir ao lado dos seus homes, tiveron tamén que esforzarse o mesmo ou máis que eles, que a vida, durante moitos milenios, non estaba para que a señora permanecese na casa, sen facer nada, como raíña das abellas, sen outra obriga que a de devorar de tempo en tempo, non fose a quedarse o mundo deserto e despois Deus non tivese sobre quen mandar.

José Saramago (1997: 9)²

¹ Profesora Titular de Traballo Social na Universidade de Vigo. É a directora do Grupo de Estudos en Traballo Social: investigación e transferencia (GETS-IT), Universidade de Vigo.

² Todas as citas teñen sido traducidas pola autora.

1 Limiar

Se existe unha verdade universal é aquela que manifesta que as mulleres -a metade da humanidade-, se teñen encargado moi maioritariamente da crianza e dos coidados da proxenie, así como do fogar onde crecen.

Esta verdade, que podería ser considerada a máis importante da historia dos seres humanos é, sen embargo, unha realidade que ten lastrado o pleno desenvolvemento das mulleres. Coidar da descendencia, ate a súa autonomía plena ocupa unha grande cantidade de tempo durante un longo período da vida das proxenitoras.

Coa desculpa de que coidar é o “natural” e está implícito na bioloxía feminina como unha derivación da súa maternidade, tamén se converteu nunha lei universal espallar o “coidar” mais aló dos propios fillos e fillas: coidar do fogar, do marido (ou compañeiro), das persoas doentes, maiores, con discapacidade, con dependencia e, ás veces, dos fillos e fillas alleos se asumiu como “o normal”. Coidar para o fogar no que se naceu (o de orixe, é dicir, o dos proxenitores), para o que se forma (o fogar propio), para o fogar da familia política (a do esposo), para fogares alleos... son as diferentes conxugacións dun verbo en tempo pasado e en presente. “Coidar” con maiúsculas, “axudar ao outro/a” incluso por riba do coidado de si mesma, se ten convertido nunha constante na vida de moitas mulleres ate onde pode lembrar a memoria colectiva. Sen dúbida. Sen réplica. Sen fisuras: *a vida é así*.

Se por cada hora de coidado as mulleres tivesen cobrado un salario xusto (ou polo menos digno) todas aquelas que son adultas (e boa parte das que son aínda nenas ou adolescentes) serían millonarias. Pero non. Os coidados, a pesar de ser cruciais, de ser esenciais para a supervivencia persoal e social, non foron apreciados nun mundo rexido polo valor monetario, xa que logo viñan *de seu*, adscritos aos corpos das mulleres. Non foron nunca pagados, agás cando eran realizados para un fogar alleo, suplindo ou substituíndo a ausencia dalgunha outra muller... No mundo capitalista so se pagan aqueles traballos “de produción” realizados no ámbito público, fora do fogar. Aquel outro traballo realizado no ámbito privado, o “traballo de reprodución”³ non recibiu contra-prestación económica algunha ate hai ben pouco, como se verá. De feito, nin sequera era considerado un “traballo”. En España, iso que facían as mulleres, as chamadas “amas de casa”, eran “as súas labores” ou as “labores do fogar”, esas que lle correspondían de seu polo feito de ter nacido muller. De entre elas, poida que as máis gravosas, en tempo e en intensidade, foran a atención ás persoas maiores e ás discapacitadas, en especial, en situación de dependencia. Vexamos algo mais polo miúdo de onde vivimos.

³ O traballo “reprodutivo” compre todo aquilo que se precisa para a *reproducción da vida* e o mantemento das persoas: funcións e responsabilidades relativas ao fogar, ao coidado dos seres humanos, á transmisión de afectos, ao sostemento das relacións... Sen embargo estas tarefas non son tidas en conta como actividades produtivas porque non están no “mercado”. Isto provoca que non estean remuneradas e sexan clasificadas como “traballo doméstico”. Un traballo realizado maioritariamente por mulleres.

2 Algúns antecedentes históricos en relación co rol da muller e os coidados en España no século XX

É ben sabido que España viviu baixo un réxime ditatorial durante corenta anos rexido por unha ideoloxía nacional-catolicista que dividía o mundo entre homes e mulleres con diferentes posicións: para eles, a xefatura do fogar; para elas, a subordinación aos varóns que atravesaban a súa biografía persoal: primeiro o pai, logo o esposo, máis tarde, en caso de enviuvuar, o fillo varón, ou de non existir estes: un irmán, un tío... en definitiva, un home "responsable" da súa vida e da súa familia. 37

Así as cousas, nese período, as mulleres foron explicitamente instruídas para "servir" aos varóns e para "coidar" por parte da *Sección Feminina das Xuntas de Ofensiva Nacional-Sindicalista* (JONS), con Pilar Primo de Rivera ao fronte. A Sección feminina foi creada no entorno de Falanxe española en 1934 e disolveuse en 1977. Establecía un "servizo social" ás mulleres de entre 17 e 35 anos, onde eran *formadas* para ser obedientes esposas e abnegadas nais. Deixábaselles ben claro que elas eran seres *secundarios* destinados á reprodución humana (a poder ser numerosa) e ao sacrificio persoal en aras do éxito do seu esposo e dos seus fillos (varóns). A súa felicidade, de feito, incardinada na súa maternidade, era proporcionárllela a eles a través da servidume e dos coidados. Esas "ensinanzas" eran reforzadas a través da única relixión permitida no réxime (cristiá, católica, apostólica, e romana), e polos escasos medios de comunicación daquel tempo, como o histórico consultorio sentimental radiofónico "*Querida Elena Francis*" da década dos cincuenta do século XX⁴ que perdurou na súa emisión ate o 31 de xaneiro de 1984!: "Un espazo no que as oíntes, mulleres "españolas" e "católicas" -a tradicional ama de casa recluída no fogar, único perfil admitido pola sociedade dunha época na que a censura estaba á orde do día-, encontraban resposta ás preguntas e confidencias remitidas a través do servizo de Correos: relatos de terribles escenas de violencia de xénero e abusos -lonxe quedou, por fortuna, a perversa expresión crime pasional-, delitos gardados en segredo durante anos, embarazos non desexados, tormentosos dramas humanos, amores prohibidos, procuras do marido homosexual fuxido do fogar..." (Marín, 2015).

A directora Laura Mañá explicou marabillosamente ben no documental "*50 Años de... La Familia*" (2009) as obrigas da submisión e dos "coidados" das mulleres da época. O filme aborda o rol da muller (e dos varóns) durante a ditadura, así como a función social da familia e a socialización nos valores do franquismo aplicados a familia española ate o inicio do control da natalidade e o acceso da muller ao mundo laboral, nos anos setenta, aínda coa esixida autorización do marido. Trala morte de Franco en 1975, a transición política do país e a Constitución de 1978 trouxeron aparelladas intensas modificacións lexislativas e tamén de hábitos relativos á familia española e aos dereitos das mulleres. A partir dese momento a muller sae a estudar e a traballar

4 <http://www.rtve.es/alcarta/videos/documentos-tv/documentos-tv-querida-dona-elena/605521/>

fora da casa sen necesidade de ser autorizada por ninguén aínda que, ao regresar ao fogar, lle espere unha dobre xornada laboral por ter que seguir facéndose cargo das tarefas domésticas e dos coidados aos membros da familia, xa que logo os homes seguiron sen facerse cargo dos mesmos. A partir de aí apróbanse en España a legalización dos anticonceptivos (1978) crucial para que as mulleres tomaron conta da súa maternidade; sae adiante a Lei do Divorcio (1981) imprescindible para rematar, sen sanción legal, con relacións fracasadas ou violentas; suprímese da lexislación a figura do “fillo ilexítimo” (1984) devolvendo certa dignidade ás mulleres que eran “nai solteiras”; apróbase unha lei do aborto baixo supostos (1985) para reiterar o dereito -aínda relativo- ao control do seu corpo por parte das mulleres. Certamente a mudanza foi tan profunda que se pasou, en trinta anos, de reprimir as mulleres nas “casas de arrependidas” ou nos reformatorios (Guillén, 2020), separándoas ou roubándolles os seus bebés (Barber e Jimeno, 2017; Estevo, 2012; Lencina, Rabidoux e Vila, 2020; Luque e Esteso, 2018; Roig, 2018), ou de encarcerar ás persoas homosexuais pola *Lei de vagos e maleantes*⁵, aínda en vigor en 1978, a ser o terceiro estado do mundo en aprobar o matrimonio homosexual (2005) cos mesmos dereitos que o heterosexual.

Aínda que todo aquilo pareza que ocorreu hai moito tempo, a herdanza ideolóxica de moitas persoas crecidas naquela España sombría, aínda nutren o imaxinario colectivo respecto das mulleres en tanto que “coidadoras por natureza”, cun *destino* no seu fogar, ou si é fóra del, en profesións feminizadas onde se prolonga a súa obriga moral respecto dos coidados: enfermeiras, auxiliares de axuda a domicilio, mestras, traballadoras sociais... Felizmente, como se ten relatado, chegaron profundos cambios a España que tamén afectaron aos “coidados” que as mulleres proporcionaban a todos os membros da familia de xeito gratuíto nas diferentes etapas dos seus ciclos vitais (infancia, adolescencia, xuventude, vellez) ou nas diversas situacións de dificultade: enfermidade, discapacidade e dependencia. Houbo que idear fórmulas para substituír o omnipresente rol das mulleres nas súas familias, en especial, porque elas xa traballaban fora do fogar de forma habitual e eles, en xeral, non asumiran ningunha das súas tarefas. Había que establecer un *sistema de coidados*. España, ao igual que outros países do sur de Europa (Grecia, Italia, Portugal) ten un modelo de protección social “*familista*”, onde o Estado so se fai cargo da atención e os coidados ás persoas soamente cando é necesario suplir a falta dos mesmos no seo da familia. Imos revisar como se articulou historicamente ese sistema que en España desembocaría finalmente no *Sistema de Autonomía e Atención á Dependencia*.

⁵ A chamada popularmente “*Lei relativa a vagos e maleantes*” correspóndese coa Lei da Orde Penal española de 4 de agosto de 1933 aprobada polas Cortes da Segunda República. Gaceta de Madrid, 5 de agosto de 1933.

3 A construción da prevención do risco social e os antecedentes do sistema de “coidados” en España

A comezos do século XX, en España, de xeito parecido a outros países europeos, o Estado comeza a facerse cargo de situacións dificilmente resolubles no ámbito privado: os accidentes laborais, determinadas enfermidades, ou a velez. Para responder a estas demandas, pero tamén para evitar revoltas sociais, o estado comeza a establecer *coberturas económicas* fronte a estes riscos sociais; iso si, por aquel entón, sempre que con anticipación se tiveran producidos achegas económicas por parte dos traballadores ao Estado. 39

O primeiro seguro social que se creou en España foi fronte accidentes laborais en 1900. Seguíronlle a Xubilación Obreira (1919), o Seguro Obrigatorio de Maternidade (1923), o Seguro por Paro Forzoso (1931) e xa no período franquista, o Seguro de Enfermidade (1942) e o Seguro Obrigatorio de Velez e Seguro de Invalidez ([SOVI], 1947).

Non será até 1963 que se cree a *Seguridade Social*⁶, como un sistema contributivo, que se complementaba coa beneficencia pública para aquelas outras persoas que non tiñan cotizado e que podían recibir unha prestación pública, de xeito discrecional.

A política de protección e atención ás persoas con discapacidade xurdiu en España algo mais tarde, en 1968, co *Servizo Social de Asistencia ao Subnormal*, e en 1970 co *Servizo Social de Recuperación e Rehabilitación de Minusválidos* que, fusionados en 1974 adquiriron o nome de *Servizo Social de Recuperación e Rehabilitación de Persoas Físicas e Psíquicas* (Instituto de Maiores e Servizos Sociais [IMSERSO], 2005). A finalidade deste servizo era desenvolver accións dirixidas á rehabilitación médica e laboral de persoas con discapacidade e á creación de centros para a súa atención: as persoas discapacitadas comezaban a saír do interior das súas casas (onde as veces permanecían *escondidas* polos seus proxenitores *avergoñados* ante os veciños), e as súas familias, a súa vez, comezaban a compartir a súa responsabilidade e a “descargarse”, en certo sentido, da mesma.

Pero non será até a aprobación da Constitución Española, en 1978, que a Seguridade social se estenda a un modelo universalista para persoas que tiñan cotizado e aquelas outras que non ou insuficientemente⁷ e que se cree o entón denominado *Instituto Nacional de Servizos Sociais* (INSERSO)⁸ destinado ás persoas maiores e as persoas

6 A Lei 193/1963, do 28 de decembro, de bases da seguridade social (logo desenvolta no Decreto 907/1966, do 21 de abril) deu lugar ao primeiro texto articulado da Lei xeral da Seguridade Social.

7 A Lei 26/1990, do 20 de decembro, pola que se establecen prestacións non contributivas na seguridade social regula as denominadas pensións non contributivas, de invalidez ou de xubilación.

8 Real decreto-lei 36/1978, do 16 de novembro, de ordenación institucional da Seguridade Social, da sanidade e do emprego, para a xestión da Seguridade Social

con discapacidade, agora chamado *Instituto de Maiores e Servizos Sociais* (IMSERSO), e actualmente adscrito ao *Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030*.

40 Aclaremos xa que, a pesar destes avances, non estamos a sinalar que os “coidados” fosen remunerados para quen os ofrecía (maioritariamente as mulleres daquel período) senón que existían certas prestacións económicas para as persoas enfermas, maiores ou con discapacidades.

Isto cambiará coa *Lei 13/1982, de 7 de abril, de integración social dos minusválidos* (LISMI) que incorporou, no contexto da seguridade social, entre a súa acción protectora e por primeira vez, unha “subvención para axuda de terceiros”⁹ que coiden das persoas que así o precisen. (González-Rodríguez et al., 2018)

Seguíronlle a axuda por terceira persoa da LISMI, outras prestacións económicas e de servizos xurdidos no sistema de saúde¹⁰ e nos servizos sociais¹¹ que foron constituíndo un marco de garantías que ofreceu *coidados* que antes eran asignados en exclusiva ás mulleres.

Amais da *Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade* que desenvolve o dereito a saúde, hai que destacar a *Lei 16/2006, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde* onde consta un conxunto de servizos preventivos, diagnósticos, terapéuticos, rehabilitadores e de promoción e mantemento da saúde dirixidos á cidadanía como “prestacións sanitarias” e entre elas, a atención socio-sanitaria (IMSERSO, 2005: 127). A pesar da posta en marcha destes servizos, Sempere (2008) denuncia, entre outras deficiencias, o baixo desenvolvemento da atención sanitaria no fogar e a falta de coordinación entre o sistema sanitario e o de servizos sociais.

En resumo, si ben teoricamente o sistema de saúde desenvolve normativamente os “coidados” que precisan as persoas, na práctica, os déficits detectados devolven a atención real aos mesmos ás familias, e nelas, ás mulleres.

A diferenza do que acontece no ámbito da seguridade social e da sanidade, no sector dos servizos sociais, as competencias asistenciais foron transferidas na Constitución integramente ás Comunidades Autónomas; de forma que non existe unha norma básica que harmonice as prestacións para os e as cidadás do conxunto do es-

9 As subvencións económicas reconecidas na LISMI, xa derogada, aínda se manteñen na actualidade para aquelas persoas que sigan reunindo os requisitos esixidos regulamentariamente para a súa concesión, e non opten por pasar a percibir unha pensión non contributiva da Seguridade Social ou un subsidio económico por fillo a cargo.

10 Aprobouse a *Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade* que regula as actuacións encamiñadas a facer efectivo o dereito á protección da saúde reconecido no artigo 43 da Constitución Española. No título III define as prestacións públicas e as súas estruturas como Sistema Nacional de Saúde, así como a organización dos seus servizos

11 Aprobouse a *Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local*. Nela, entre outras atribucións, establecíase que o municipio ía ter competencias na prestación de servizos sociais e de promoción e reinserción laboral, tal como recollían os Estatutos de autonomía de tódalas Comunidades autónomas.

tado, agás as que estableceu o *Plan Concertado para o desenvolvemento das prestacións dos servizos sociais nas corporacións locais* (1988). que incluíron algunhas prestacións básicas a garantir que poderían axudar ás persoas con dependencia e ás súas familias; por exemplo o servizo de axuda no fogar e os centros de día (IM-SERSO, 2005: 133).

En xeral, tal e como recollen González-Rodríguez et al. (2018), os servizos sociais, tanto no seu nivel primario como no especializado, inclúen as seguintes prestacións e servizos para as persoas que precisan coidados:

1. As axudas específicas de equipamento ou adecuación do fogar de persoas en situación de dependencia;
2. O servizo de axuda no fogar, xestionado e prestado principalmente polos concellos. Este servizo está destinado a cubrir actividades como a adecuación e hixiene do domicilio da persoa en situación de dependencia, a compra e preparación de alimentos... pero tamén se ocupa de actividades como o apoio á alimentación, a hixiene e coidado do corpo, a asistencia ao vestir, etc.;
3. A tele-asistencia que é un servizo que posibilita a comunicación entre a persoa en situación de dependencia e un centro de control e outros sistemas de apoio como alarma remota ou dispositivos controlados por GPS;
4. O aprovisionamento alimentario para toda a semana (*catering social*) que consiste na entrega da comida principal do día xa preparada, xeralmente en recipientes aptos para quentar en microondas, no domicilio do usuario;
5. Os centros de día para a atención socio-sanitaria das persoas e os centros ocupacionais destinados ao ámbito laboral;
6. As residencias, vivendas comunitarias e pisos tutelados;
7. Os programas de acollemento familiar de persoas maiores e de persoas con dependencia;
8. Os servizos de respiro para as familias que coidan, que consisten en enviar ás persoas en situación de dependencia a realizar estadias temporais en centros, para que as persoas coidadoras poidan descansar;
9. As axudas económicas para a contratación de coidadores para persoas en situación de dependencia (de carácter máis excepcional).

Ao igual que se comentou con anterioridade, a pesar dos avances na protección das situacións de dependencia nos servizos sociais, diferentes autores e colectivos consideran que estas "axudas" son insuficientes. De feito, aqueles servizos máis relacionados coa descarga nos coidados dos familiares no fogar como o servizo de axuda

á domicilio, non cobren a demanda e a súa solicitude provoca longas listas de espera para desfrutar do servizo nos servizos sociais municipais, de incluso mais dun ano.

42 Con todo comezaba en España a articularse un “sistema” para os cuidados das persoas con discapacidade e/ou con dependencia que non se completará ate o ano 2006 coa aprobación da *Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia* (de agora en adiante LAPAD) que posibilitou a creación en España do *Sistema de Autonomía e Atención á Dependencia* (SAAD) que comezou a funcionar o 1 de decembro de 2007.

O sistema permitiría ter dereito a atención “aos cuidados”, a aquelas persoas que o precisasen e, ademais, diferentes autoras que analizaron a súa viabilidade coincidiron no potencial do sistema para xerar emprego e riqueza, especialmente entre o sector feminino. (IMSERSO, 2005)

4 Características do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia

O ano 2006 ten unha relevancia extrema no relato que traemos aquí sobre os cuidados (González-Rodríguez et al. 2018; Lima et al., 2016; Pastor-Seller et al., 2017). Aínda que os “servizos sociais” tiñan expectativas de converterse no cuarto pilar do Estado de Benestar, a día de hoxe seguen loitando polo recoñecemento das súas prestacións e servizos como dereito subxectivo da cidadanía xa que logo, de momento, non todas están garantidas universalmente á poboación. O que veu a outorgar dereitos a calquera persoa foi a LAPAD que “constitúe o marco normativo a partir do que se constrúe a estrutura do *Sistema de autonomía e atención á dependencia* (SAAD) como cuarto pilar do Estado de Benestar, despois do Sistema Nacional de Saúde, do Sistema Educativo e do Sistema de Pensións, que se desenvolveran nos anos oitenta” (Sempere, 2008:108). O SAAD pode entenderse como unha “parte” integrada nos “servizos sociais” que si establece dereitos de atención para toda aquela persoa á que se lle recoñeza estar en situación de dependencia (art. 1.1) e que ten dous propósitos. En primeiro lugar, trataríase de promover a autonomía persoal, entendida como a “capacidade de controlar, afrontar e tomar, por propia iniciativa, decisións persoais sobre como vivir de acordo coas propias normas e preferencias, así como para levar a cabo o actividades básicas da vida diaria” (art. 2.1). En segundo lugar, está o obxectivo de atender situacións de dependencia xa establecidas derivadas da idade, da enfermidade ou da discapacidade e que teñan producido perdas da autonomía física, psíquica, intelectual ou sensorial nas persoas, requirindo de axuda ou de apoios doutras persoas para a súa autonomía persoal na vida cotiá (art. 2.2).

Por fin, podemos afirmar que se estaba a construír un “sistema” destinado aos cuidados das persoas en situación de dependencia, para as cales o Estado tería obrigas respecto da súa atención.

Estas *obrigas* por parte dos poderes públicos poden concretarse en prestacións técnicas -en especie ou a través de servizos- ou en prestacións económicas. As primeiras son actuacións realizadas por profesionais: intervencións rehabilitadoras médicas, farmacéuticas, preventivas, recuperadoras para que a persoa dependente poida volver a realizar as actividades esenciais da vida diaria con maior autonomía persoal. A diferenza destas, as segundas, os beneficios económicos do SAAD, poden ser un pago único que consiste na entrega dunha determinada cantidade de diñeiro, por exemplo para a compra de axudas técnicas e produtos de apoio, ou adaptacións no fogar para a accesibilidade, etc., ou pagos periódicos, xeralmente mensuais, para a súa atención como: a a) prestación económica vinculada ao servizo (art. 17); b) a prestación económica para coidados no entorno familiar e apoio a coidadores non profesionais (art. 18); e c) a prestación económica de asistencia persoal (art. 19).

Debido ao carácter público do SAAD, contéplanse prioridades de atención e acceso ao sistema determinadas polo grao (e nivel) de dependencia e, no mesmo grao (e nivel), pola capacidade económica do solicitante, que condicionan a elección da modalidade asistencial máis idónea que se debe concretar nun "Programa Individual de Atención" (de agora en adiante, PIA).

O catálogo de servizos do SAAD (art. 15) inclúe os seguintes servizos sociais de promoción da autonomía persoal e atención á dependencia resumidos na Táboa 1.

Servizos de prevención das situacións de dependencia e os de promoción da autonomía persoal	
Servizo de Tele-asistencia	
Servizo de axuda a domicilio	Atención das necesidades do fogar Coidados persoais
Servizo de centro de día e de noite	Centro de día para maiores Centro de día para menores de 65 anos Centro de día de atención especializada Centro de noite
Servizo de atención residencial	Residencia de persoas maiores en situación de dependencia Centro de atención a persoas en situación de dependencia, en razón dos distintos tipos de discapacidade

Táboa1 Catálogo de servizos do SAAD

Fonte: *Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.*

Os servizos do catálogo terán prioridade sobre as prestacións económicas e serán prestados a través da oferta pública da rede de servizos sociais polas respectivas Comunidades Autónomas a través de centros e servizos concertados públicos ou privados debidamente acreditados. De non ser posible a atención a través dalgún destes servizos, procederase á prestación económica vinculada ao servizo, prestación destinada a buscar no mercado privado (nunha entidade ou centro debidamente acreditado) o servizo que o órgano competente determine como máis idóneo no PIA. As persoas beneficiarias do SAAD poderán, con carácter excepcional, percibir unha prestación económica para ser atendidas por coidadores non profesionais, sempre que se cumpran as condicións adecuadas de convivencia e habitabilidade da vivenda e así o estableza o seu PIA.

Temos que chamar a atención sobre esta última cuestión. Parecía que todo estaba en marcha para que as situacións máis complexas que vivían as familias que debían prestar atencións aos seus familiares dependentes descargasen de traballo ás mulleres que outrora prestaban coidados non remunerados no interior do fogar. O SAAD ofrecía servizos que se esperaban que fosen demandados como prioritarios por parte dos beneficiarios do sistema, antes que as prestacións económicas que se consideraban "excepcionais" para seguir coidando no interior dos fogares. Pero a realidade foi ben outra. As peticións para que as mulleres que atendían habitualmente aos membros necesitados das súas familias se convertesen en coidadoras non profesionais foron masivas en moitos territorios de España de forma que as mulleres da familia da persoa dependente seguiron amarradas aos coidados, se ben agora o seu traballo lles era en algunha medida recoñecido e remunerado aínda que, ao noso xuízo, con baixos salarios.

5 A evolución do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia

A LAPAD sufriu frecuentes modificacións dende a súa publicación en 2006, e especialmente a partir da crise económica de 2008 que condicionou o marco estrutural do sistema. A política de recortes aplicada polo goberno a partir de 2011¹² para afrontar a crise foi xustificada como "inevitable" de forma que todos os sistemas públicos de protección social -educación, sanidade, emprego, servizos sociais- así como outras administracións públicas viron reducidos os seus orzamentos, incluído o SAAD que quedou "roto" dende entón ao non contar con financiamento suficiente. Entre outras cuestións: suspendeuse o dereito de acceso ás prestacións económicas de coidados no ámbito familiar e apoio aos coidadores non profesionais (familiares) durante dous anos desde a data da resolución de recoñecemento das prestacións; suprimíuselle

12 Real decreto lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes orzamentarias, fiscais e financeiras para corrixir o déficit público e o Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas de garantía e estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade

a estas cuidadoras a cotización á seguridade social por parte do estado, pasando a ser voluntaria por parte delas; reducíronse as contías máximas das prestacións económicas do SAAD para os novos beneficiarios, en especial, a prestación económica por cuidados no ámbito familiar; e se regularon á baixa servizos recoñecidos como o servizo de axuda no fogar.

A política de recortes do sistema provocou unha notable redución tanto das prestacións económicas como das horas recoñecidas de servizo e unha desigual implantación nas Comunidades Autónomas tanto respecto da taxa de cobertura, como do desequilibrio entre servizos e prestacións. Detrás da variabilidade entre territorios atópanse motivos como o elevado co-pagamento que tiñan que afrontar algunhas persoas beneficiarias para gozar do servizo, o que levou ás persoas dependentes e ás súas familias a optar maioritariamente pola solicitude de prestacións.

Unha cuestión que caracterizou ao SAAD ao longo do tempo foi a permanente existencia de listas de espera por parte das persoas declaradas en situación de dependencia, cun PIA resolto pero sen contar coa prestación do servizo, unha situación que pasou a denominarse de xeito informal como o “limbo da dependencia”. Moitas persoas faleceron neste *limbo* mentres estaban á espera de ser atendidas polo sistema público de “cuidados” e moitas seguen a esperar hoxe en día polos servizos concedidos, tal como denuncia periodicamente a *Asociación Estatal de Directoras y Gerentes en Servicios Sociales* (Ramírez et al.,2020).

Toda esta situación provocou que, en definitiva, a “atención informal” ou por parte de cuidadoras non profesionais ás persoas en situación de dependencia seguise sendo unha opción moi maioritaria da sociedade española, a pesar de que lle foran suprimidas as súas cotizacións á seguridade social ate o ano 2019, no que foron restituídas polo *Real Decreto-lei 6/2019, de 1 de marzo, de medidas urxentes para garantía da igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes no emprego e a ocupación*.

En definitiva, o sistema de cuidados centrado nas persoas con dependencia que pretendía suplir a dedicación das mulleres aos cuidados, polo menos respecto deste tipo de situacións, non tivo tanto éxito como se tiña previsto.

Como se ten tentado explicar, a creación e implantación dun sistema de “atención” tan ambicioso como o proxectado no SAAD podería ter respondido ás expectativas que nel se depositaran, sobre todo no relativo ao dereito subxectivo das persoas en situación de dependencia de seren atendidas, pero tamén en relación á creación de emprego, e sobre todo, en relación co tema que nos ocupa, respecto da descarga das horas das mulleres destinadas aos cuidados, se o sistema tivese un orzamento asociado ao seu pleno desenvolvemento que se “blindase” como un “pacto de Estado” cara ao benestar social como expresión da xustiza social, e non dependese das flutuacións do mercado. Desgraciadamente o SAAD non veu a resolver de xeito

satisfactorio nin a atención ás persoas en situación de dependencia, nin as horas de traballo das coidadoras.

46 Témonos centrado ate o de agora nos cuidados das persoas que están en situación de dependencia, pero “coidar” abrangue moito mais ca iso, como imos ver.

6. O tempo do “coidar” na vida das mulleres

Tal e como afirmaban xa hai máis de catro décadas Fischer e Tronto (1990), o cuidado é unha actividade específica que inclúe todo o que facemos para manter e reparar o noso mundo, de xeito que poida ser habitable. Iso abrangue aos nosos propios corpos, aos corpos dos demais, e a nosa contorna: todo aquilo que se procura para fiar unha complexa rede de sostemento da vida.

No cuidado, non so hai actividades instrumentais como cocíñar para alimentar, limpar para manter o fogar en condicións hixiénicas, producir roupa ou conservala para vestir á familia, senón tamén accións de planificación e xestión (facer a lista da compra, contratar traballos para manter os equipamentos en bo funcionamento, etc.), e aquelas outras destinadas ao benestar emocional: a escoita activa, o apoio afectivo, o consolo, a educación, o xogo, a resolución de conflitos, a mediación, a socialización, en resumo, a continuidade da vida da familia. Así que o cuidado supón tanto accións concretas -sexan máis físicas ou mais emocionais- como a carga de responsabilidades respecto dos demais.

Se ben *soster a vida* debera incumbir tanto a homes como a mulleres; o certo é que, en España, o 85% das mulleres seguen encargándose do “traballo doméstico” e o 95% segue a ocuparse, en exclusiva ou de xeito moi maioritario, da crianza e do cuidado dos fillos e das fillas. E se temos en consideración os cuidados ás persoas en situación de dependencia o 80% dos cuidadores en España non son profesionais e de entre estes, segundo os datos da Tesouraría Xeral da Seguridade Social (2017) o 89,15 % son mulleres.

Polo tanto, se segue confirmando o desempeño dos roles normativos das mulleres tanto no que atinxe ao mantemento e as responsabilidades ligadas ao fogar, tanto respecto da crianza e cuidado da descendencia, como en relación coa atención e os cuidados ás persoas maiores e as persoas en situación de dependencia (González-Rodríguez et al. 2013; González-Rodríguez e Vázquez, 2013; La Parra, 2001; Mayobre e Vázquez, 2015).

A día de hoxe seguen a ser varias as razóns para que isto siga a ocorrer. Mayobre e Vázquez (2015) esgrimen diferentes causas como a permanencia das prescricións de xénero, aínda maioritarias na sociedade patriarcal na que vivimos, a posición de clase, ou algún outro factor interiorizado no proceso de socialización. A estas pódenn-

selle engadir imperativos morais ligados ao sentir relixioso ou ao carácter familista dos fogares españoles e as obrigas sociais que se impoñen por esas mesmos motivacións. En todo caso, todas estas posibles explicacións impiden que, en moitas ocasións, as mulleres consideren sequera a posibilidade de elixir entre asumir a carga dos coidados ou non facelo (Mayobre e Vázquez, 2015:96).

E isto non so ocorre en España. O *Eurobarómetro* sobre fenda salarial (Comisión europea, 2017) sinala que aínda que nos países de Europa se avanza na igualdade no ámbito político ou laboral, seguen a persistir moitos estereotipos de xénero. Por exemplo, o 44% dos europeos aínda pensa que o rol mais importante dunha muller é o coidado da casa e da familia, mentres que o do home é o de "gañar diñeiro"; e este pensamento o teñen tanto os varóns (43%) como as propias mulleres (44%).

En resumo, a día de hoxe moitas mulleres destinan un elevado número de horas aos coidados. De feito, en xeral, destinan o dobre de horas que os homes. Isto, a súa vez, provoca altas posibilidades de sufrir sobrecarga (Bruvik et al., 2013; Rodríguez-González et al., 2017), e este exceso pode xerar a aparición de problemas físicos e/ou psicolóxicos que deterioran a saúde (Cardona et al., 2013).

En definitiva, o feito de responsabilizarse de asumir os coidados cara os demais vai a repercutir en tódolos ámbitos da vida persoal, familiar e profesional das mulleres coidadoras: no tempo, na socialización, na situación laboral, na economía, na saúde (Massanet e La Parra, 2011), e, en xeral, na súa calidade de vida (García-Calvente et al., 2004).

6.1 O tempo para o coidado do fogar

En Galicia, hai dúas décadas, a *Enquisa de condicións de vida das familias* (Xunta de Galicia, 2002) recollía, entre outros datos, o número medio de horas semanais dedicadas á realización de tarefas do fogar, segundo o xénero e a idade. Unha análise daqueles datos mostra que as diferencias de horas que homes e mulleres dedican ao coidado do fogar comezaba xa na adolescencia, cando as mozas empregan 11,8 horas á casa e eles só 7,6. A diferenza de horas aumentaba en máis de 7 horas na franxa de idade dos 20-29 anos (11,1 para eles e 18,1 para elas) e seguía incrementándose en máis de 10 horas nos 30-39 anos (15,3 para eles e 26,3 para elas), e en máis de 15 horas nos 40-54 anos (14,90 para eles e 30,43 para elas), comezando a diminuír a partir dese momento. De media, os homes destinaban 15,41 horas semanais ao fogar mentres que as mulleres, de media, 27,32 horas; ou sexa eles dedicaban unhas dúas horas diarias ao traballo doméstico mentres que elas unhas catro horas.

Algúns anos máis tarde, no 2006, o Instituto Nacional de Estatística (INE) publicaba cifras similares respecto de España: a media de horas semanais destinadas ao fogar polos homes era de 23 horas mentres que as mulleres lle dedicaban 38 horas.

A Enquisa de calidade de vida de 2016 (INE, 2016), dez anos mais tarde, volveu a preguntar polas horas semanais dedicadas aos coidados e ás tarefas do fogar, sendo estas últimas, en España, de 11 horas para os varóns (unha hora e media diaria) e de 20 horas para as mulleres (case tres horas diarias).

Unha recente investigación elaborada pola consultora Afi para o clúster empresarial 'ClosinGap' analiza o *Coste de oportunidade da brecha de xénero (2020)* a partir de datos do ano 2019 do INE e da OCDE, identificando que as mulleres destinan dúas horas diarias máis (117 minutos) que os varóns ás xestións domésticas e a familia¹³. Practicamente todas as investigacións achegan resultados similares: as mulleres adoitan inverter o dobre de horas cos varóns na xestión doméstica. E se a estas lle sumamos as horas destinadas aos coidados de persoas, as horas que as mulleres dedican ao coidado do fogar e dos membros da familia triplica a dos varóns.

Igualmente un estudo levado a cabo polo Instituto vasco de estatística (EUSTAT, 2021) sobre traballo doméstico e coidados constata estas diferenzas: o 67,2 % do traballo é realizado polas mulleres fronte ao 32,8 % levado a cabo polos homes. Ademais é moi interesante analizar como se desagregan estes datos en relación ás chamadas "labores domésticas":

Tipo de actividade nas tarefas do fogar	Homes	Mulleres
Alimentación: planificar que comer, facer a compra, cociñar, fregar, etc.	31%	69%
Adquisición da casa e mantemento da súa habitabilidade: comprar, alugar, amoblar, reparar, limpar, etc.	38%	62%
Roupa: comprar, lavar, coser, pasar o ferro, etc.	17%	83 %

Táboa 2 Tipo de actividade específica realizada no fogar desagregado por sexo

Fonte: Elaboración propia a partir de Eustat (2021). Evolución del trabajo doméstico no remunerado en relación con el PIB.

A Táboa 2 mostra que cando os homes destinan horas "ao fogar" tamén o adoitan facer de xeito diferenciado: levan as bolsas de lixo aos contedores, cortan o céspede do xardín, realizan máis actividades ao aire libre que as mulleres, etc. E elas seguen ao fronte dos traballos máis "duros" no fogar...


¹³ <https://www.epdata.es/tiempo-dedicado-mujeres-frente-hombres-actividades/b880789f-e349-4043-b376-e3a1835432a3>

6.2 O tempo para a crianza

Coidar da proxeie continúa sendo unha tarefa principalmente asignada e desenvolvida por mulleres. Tal como constatan os datos presentados pola *Organización para la Cooperación y el Desarrollo Económicos* (OCDE, 2016) elas son as que pasan máis tempo ao día, coidando, en exclusiva, ás criaturas, o que provoca que non poidan desenvolver outras actividades en paralelo.

La desigualdad en el cuidado de los hijos

Minutos al día que madres y padres dedican en exclusiva a sus hijos (2016)



Táboa 3 Tempo destinado ao coidado dos fillos e das fillas en diferentes países desagregado por sexo

Este feito evidencia que a pesar dos avances no empoderamento da muller e da loita feminista pola igualdade, se na práctica non existen políticas orientadas á conciliación, a crianza e o coidado dos e das máis pequenas se converte nun obstáculo na vida profesional das mulleres.

Nese senso se ten manifestado Laura Baena, fundadora do *Club de Malasmadres*, quen acaba de publicar *Yo no renuncio, mi historia de no conciliación* (2022), que desvela que o último informe do *Club* constata que sete de cada dez mulleres se senten soas na crianza dos seus fillos e invisibles na súa labor silenciosa (Franco, 2021; García, 2022).

Tamén a Enquisa de calidade de vida de 2016 (INE, 2016) identifica unha diferenza de 15 horas semanais entre homes e mulleres (máis de dúas horas diarias) as que separan os tempos destinados aos coidados da proxenie.

50

	España		UE-28	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Coidado ou educación de fillo/as	23	38	21	38
Coidado ou educación de netos/as	16	16	12	16
Cociñar ou facer labores domésticas	11	20	-	-
Coidado de familiares, veciños ou amigos enfermos ou con discapacidade menores de 75 anos	14	20	13	16
Coidado de familiares, veciños ou amigos enfermos ou con discapacidade maiores de 75 anos	14	18	10	12

Táboa 4. Horas semanais dedicadas a actividades de coidados e tarefas do fogar por persoas de 18 anos e máis en España e UE-28, no ano 2016

Fonte: INE (2016) a partir da Enquisa europea sobre calidade de vida (EUROFOUND, 2016)

Aquí tamén hai que aclarar o que significa realmente “o coidado dos fillos e fillas”. Pódese ter a falsa impresión de que ese “coidado” se reduce á cobertura das necesidades básicas: alimentación, roupa, hixiene, educación, saúde, etc.; pero é moi importante destacar a necesidade literal de atención que precisan os nenos e nenas durante o seu desenvolvemento. Non nos referimos só á supervisión, senón literalmente a prestarlles atención de forma pro-activa, que é o substrato máis importante para un desenvolvemento afectivo e emocional equilibrado. Por iso cando falamos do “coidado de nenos e nenas” (Táboa 3) referímonos a innumerables actividades, que van dende cubrir necesidades básicas até xogar, prestarlles apoio nos estudos, acompañalas a actividades extraescolares, ofrecerlles apoio emocional permanente, etc.

Por último hai que chamar a atención sobre a única actividade na que homes e mulleres destinan idéntico número de horas: o coidado de netos e netas. Parece que esta actividade, realizada maiormente por persoas xubiladas, se reparte por igual (Táboa 4).

6.3 O tempo para os coidados das persoas maiores e das persoas dependentes

Segundo datos da *Enquisa das condicións de vida* (2016) “En máis de tres millóns de fogares españois (o 16,4% do total) vivía algunha persoa dependente (...) [e] no 14,4% destes fogares dita persoa recibía coidados a domicilio”. Rodríguez et al. (2011) sinalan que temos en España máis de dous millóns de persoas maiores dependentes

(lémbrese que hai menores dependentes). Un 80% das persoas cuidadoras non son profesionais e, de entre elas, a inmensa maioría son mulleres, case o 90%. Estas cifras véñense mantendo no tempo: obsérvase que o 70% das persoas dependentes existentes en España son atendidas só con axuda informal (cuidadoras familiares) e a combinación de atención formal e informal só se dá nun 12% dos casos.

En resumo: nove de cada dez cuidadores/as de persoas maiores en España son mulleres, de mediana idade, a maior parte cónxuxes das persoas dependentes, pero tamén fillas e algunhas noras. Os tempos destinados ao seu coidado oscilan entre as 20 e as 40 horas semanais (Rodríguez-González et al., 2021), moi lonxe das 18 horas máximas que inverten nesta actividade os homes (ver Táboa 5). De feito, o 40% destas mulleres dedica máis de 20 horas semanais ao coidado de persoas maiores e persoas en situación de dependencia segundo a Enquisa Nacional de Saúde (Ministerio de sanidade, 2017).

As cuidadoras realizan infinidade de tarefas: ocúpanse da alimentación e da hixiene da persoa atendida, preparan e controlan a toma de medicación, realizan cambios posturais, estimulan o exercicio físico, fan seguimento da saúde, acompañan ao médico/a sendo, ás veces, a interlocutora coa facultativa, ofrecen compañía, apoian emocionalmente... Pénsese que, as veces, son as únicas persoas en contacto coa persoa atendida.

Unha investigación realizada no contexto da iniciativa internacional por *Embracing Carers* ("Coidar ao Coidador"), liderada pola asociación europea *Eurocarers*, e apoiada pola compañía de ciencia e tecnoloxía Merck, titulada *Informe sobre el Bienestar de los cuidadores* (Embracing Carers, 2020) identifica a carga das principais responsabilidades asumidas polos/as cuidadores/as en diversos países e, en concreto, en España: o apoio emocional (72%), a preparación da comida (66%), a xestión das citas coa médica (65%), a administración e xestión dos medicamentos (65%), as tarefas do fogar (62%), o transporte (59%), a axuda coa mobilidade (o 57%) e a axuda coa hixiene persoal (54%).

O coidado familiar pode reportar moita satisfacción persoal si esta experiencia se concibe como unha oportunidade de estar máis cerca da persoa dependente, tal como argumentan Rodríguez-González et al. (2021: 51), pero tamén pode ser froito do fracaso da cobertura do SAAD, da presión social, ou do *mandato de xénero* para a prestación de coidados. Nestes casos os coidados se perciben como unha carga na que as cuidadoras se senten moi soas.

Arias et al. (2017) teñen clasificado ás cuidadoras como "poboación en evidente risco psicosocial" e "o coidar" como unha "profesión de risco" onde é fácil que apareza a sobrecarga tanto física, como mental e emocional (Cardona et al., 2013; Massonet e Laparra, 2011). Cando isto sucede, os efectos sobre a saúde e o benestar son moi importantes: é habitual que ademais de sentirse moi soas, as persoas cuidadoras

manifesten perda de enerxía ou apatía, ansiedade ou angustia, nerviosismo, malestares coa dixestión, alteracións do sono, e algunhas, ate depresión (Embracing Carers, 2020).

52

7 Non só é o que se fai: é o que se deixa de facer

"Non teño vida. [...] Pasei tres anos da miña vida, da miña habitación para a dela, e da dela para a miña... toda a noite! porque estaba sempre chamando por min e non me deixaba durmir." [Coidadora de 66 anos da súa nai, dende hai 5 anos] (Rodríguez-González et al., 2021: 6)

Parece obvio que se unha persoa ocupa o seu tempo nunha actividade, non pode facelo noutra. Ás veces vivimos como se isto non fose unha verdade inapelable e imaxinamos as persoas coidadoras ocupándose dos demais como se iso fose unha actividade máis na súa rutina diaria, a sumar ás demais. Sen embargo, cando alguén cuida, o seu tempo, moitas veces *todo o seu tempo*, está dedicado ao coidar e se deixan de facer outras cousas. Se as mulleres destinan ao coidado entre o dobre ou o triplo de horas que os homes, que cousas deixan de facer?

A última Enquisa de emprego do tempo 2009-2010 realizada polo Ministerio de Igualdade (2011) sinala que os homes dedicaban para si mesmos 7 minutos máis diarios para os coidados persoais que as mulleres; una hora e nove minutos máis (1,09 h) para o tempo libre e case una hora máis para o traballo remunerado.

DIFERENCIAS EN EL USO DEL TIEMPO	Última Encuesta de empleo del tiempo 2009-2010		
		2009-2010	2002-2003
Ambos sexos	TOTAL	22h 53'	22h 55'
	Cuidados personales	11h 29'	11h 22'
	Hogar y familia	3h 0'	2h 57'
	Estudios	0h 39'	0h 42'
	Trabajo remunerado	2h 47'	3h 0'
	Tiempo Libre	4h 57'	4h 53'
Mujeres	TOTAL	22h 53'	22h 51'
	Cuidados personales	11h 26'	11h 21'
	Hogar y familia	4h 7'	4h 24'
	Estudios	0h 39'	0h 43'
	Trabajo remunerado	2h 9'	1h 57'
	Tiempo Libre	4h 32'	4h 26'
Varones	TOTAL	22h 54'	23h 0'
	Cuidados personales	11h 33'	11h 24'
	Hogar y familia	1h 54'	1h 30'
	Estudios	0h 39'	0h 42'
	Trabajo remunerado	3h 25'	4h 4'
	Tiempo Libre	5h 23'	5h 20'

Táboa 5 Diferenzas no uso do tempo en hora entre homes e mulleres respecto dos coidados

Fonte: Encuesta de empleo del tiempo (INE, 2011). Os datos expresan a duración media diaria de tempo utilizada para cada una das variables podendo resultar un tempo superior a 24 horas debido a que se poden solapar as actividades.

A recente investigación de 'ClosinGap' (2020) identifica estas diferenzas no emprego do tempo de mulleres e homes en minutos diarios. Parece obvio que se as mulleres utilizan 117 minutos máis que os homes nas labores de coidado do fogar e da familia, nese tempo deixarán de facer algo con relación a eles.

54

Actividades realizadas	Minutos diarios	Minutos semanais x 7 días	Minutos mensuais x 4 sem.	Horas mensuais	Tempo anual <i>perdido</i> polas mulleres respecto dos homes
Vida social e diversión	-4	-28	-112	1h 52 min	22h e 24 min
Coidados persoais	-7	-49	-196	3h 16 min	39h e 12 min
Estudos	-8	-56	-264	4h 24 min	52h e 48 min
Traxectos e tempo sen especificar	-11	-77	-308	5h 8 min	61h e 36 min
Medios de comunicación	-17	-119	-476	7h 56 min	95h e 12 min
Traballo voluntario e reunións	-19	-133	-532	8h 52 min	106h e 24 min
Actividades e deporte ao aire libre	-23	-161	-644	10h 44 min	128h e 48 min
Afeccións e informática	-27	-189	-756	12h 36 min	151h e 12 min
Traballo remunerado	-72	-504	-2016	33h 36 min	403h e 12 min
Total	-188	-1316	-5264	87h 44 min	1052h e 48 min

Táboa 6 Diferencia da duración media diaria realizada en actividades por parte das mulleres respecto dos homes

Fonte: Elaboración propia a partir de *Tiempo dedicado por las mujeres frente a los hombres por actividades*¹⁴.

Pouco máis hai que reflexionar á vista das cifras aportadas. Ademais de que existe un importante número de mulleres que teñen que deixar de traballar, parcial ou a tempo completo¹⁵, para poder dedicarse aos coidados relativos á maternidade e a atención doutras persoas, a *perda de tempo* das mulleres pola súa maior responsabilidade e implicación na atención do fogar e no coidado dos demais, respecto dos homes, é abraiante. Como se observa na Táboa 6 as mulleres sacrifican o tempo destinado, en maior medida, ás afeccións ou ao deporte, e as actividades ao aire libre, aínda que tamén perden, con relación aos varóns, tempo destinado, por exemplo, á súa formación, ou as seus coidados persoais.

Este abandono de si mesmas en prol do coidado dos demais, sexa por mandato de xénero, porque “non queda outra” ou por vontade propia, ese axudar “ao outro” por riba do propio auto-coidado explica boa parte das afectacións físicas, mentais e emocionais que sofren as mulleres coidadoras.

14 <https://www.epdata.es/tiempo-dedicado-mujeres-frente-hombres-actividades/b880789f-e349-4043-b376-e3a1835432a3>

15 Segundo a última enquisa de poboación activa, máis de 25.000 persoas tiveron que deixar de traballar recentemente para atender tanto a nenos e nenas como a adultos con algunha patoloxía ou discapacidade. Se isto é así e o 90% das persoas coidadoras son mulleres, pódese deducir que polo menos 22.500 mulleres deixaron de traballar nos últimos tempos para coidar.

E por se fora pouco, as mulleres séntense culpables cando dedican tempo aos seus propios coidados: o 90% delas explica que isto se debe a que “lle restan tempo de atención as súas familias” segundo desvela o informe *La hora de cuidarse* do Club de Malasmadres y DKV Salud¹⁶ (García, 2021).

55

8 O impacto do covid-19 nas mulleres coidadoras

A sobrecarga habitual que sofren as coidadoras, e en xeral, as mulleres ao facerse cargo das labores de reprodución, se viu profundamente incrementada co impacto da pandemia do COVID 19 que recluíu a toda a poboación no interior do fogar, facendo confluír nun mesmo espazo e tempo: o traballo das persoas adultas, a educación dos e das pequenas, as labores do mantemento da casa, e os coidados de doentes, persoas con discapacidade e persoas con dependencia.

Malasmadres subliña o incremento da ansiedade e do estres durante a pandemia do COVID para as mulleres, en especial, as que tiñan menores á cargo, e que tiveron que tele-traballar durante o confinamento. No informe realizado, afirman terse sentido soas, por non ter con quen compartir a responsabilidade dos coidados. E o 52% desbordadas por “non dar chegado a todo”. Como explica Maite Egoscobal, responsable da investigación: “A falta de co-responsabilidade para compartir a carga de traballo coas parellas ou coas redes de familiares e amigos fixo que asuman simultaneamente as funcións de coidadores e profesionais, aumentando así os niveis de estrés e ansiedade. Ademais, o feito de non poder separar os espazos de traballo e os horarios de cada actividade non facilitou a desconexión. Por iso, as mulleres tivemos a sensación de non chegar a todo ou de non cumprir ben algunha das responsabilidades asignadas” (García, 2021).

O informe tamén incide no incremento de problemas físicos que afectaron ás mulleres no confinamento como a perda do pelo ou as erupcións cutáneas, síntomas que co-relacionan ámbolos dous con trastornos de saúde mental e se acompañan de tristura, apatía, desmotivación, estrés e ansiedade. Sen embargo tamén constata a investigación que só o 12% das mulleres afectadas por estes síntomas, acudiu a un especialista para tratar os seus problemas, buscando fórmulas para soportar a sobrecarga no deporte, na meditación e na automedicación.

Tamén no *Informe sobre el Bienestar de los cuidadores* (Embracing Carers, 2020) se debullan os diferentes aspectos que afectaron ás persoas coidadoras, en especial de persoas maiores (un 70% tiña mais de 65 anos). A mostra de 751 persoas coidadoras en España estaba composta por un 65% de mulleres e un 35% de homes que explicaron o impacto da pandemia nos coidados:

16 <https://clubdemalasmadres.com/proyecto/la-hora-de-cuidarse-con-dkv/>

1. Unha maior exigencia coa asunción de maiores cargas;
2. A aparición de novas responsabilidades como proporcionar maior apoio emocional ou a aprendizaxe de novas tecnoloxías para facilitar a comunicación das persoas illadas coas súas familias ou con servizos médicos;
3. Un maior impacto físico para un 62% das persoas coidadoras; e en especial pola falta de sono para un 63%, e de exercicio físico para un 51%;
4. Un maior impacto mental para o 74% da mostra; un maior impacto económico para o 62%;
5. Un maior impacto social e profesional para a maior parte dos e das coidadoras que afectou ao seu benestar;
6. unha falta de apoio suficiente por parte dos servizos sociais e de profesionais sanitarios (64 % fronte ao 51 % de media en 12 países) e das comunidades locais (64 % fronte ao 51 % de media de 12 países).

O informe tamén incide en que: “as mulleres coidadoras en España están a experimentar unha presión especialmente elevada sobre a súa saúde emocional e mental como consecuencia da COVID-19. Máis das tres cuartas partes (77%) das coidadoras españolas afirman que a súa saúde emocional e mental empeorou durante a pandemia, unha taxa superior á dos coidadores españois (68%)” (Embracing Carers, 2020:6). E isto tendo en conta que “en España, as mulleres coidadoras teñen menos recursos económicos e ao mesmo tempo máis responsabilidades que os homes coidadores. Resulta máis probable que as coidadoras denunciaren un empeoramento da súa saúde emocional/mental debido a pandemia”(Embracing Carers, 2020:6.)

As mulleres coidadoras en España tamén manifestaron estar máis preocupadas que as súas colegas europeas, en primeiro lugar, pola ausencia dunha persoa substituta que asistise á persoa coidada no caso de que elas puideran enfermarse de COVID-19 e, en segundo lugar, polo feito de poder permitirse ou non unha atención substitutiva adecuada polos seus ingresos. E se atendemos as diferenzas entre xéneros, o 54% das mulleres coidadoras expresaron esta preocupación fronte ao 36% dos coidadores no primeiro dos casos, e o 34% de mulleres o fixo no segundo fronte ao 23 % dos homes coidadores. Como pode observarse, a desigualdade entre homes e mulleres é manifesta incluso no ámbito das preocupacións que nos devolven aos “mandatos” de xénero respecto dos coidados.

É importante sinalar que no informe de Embracing Carers se desvela que o 18% das persoas coidadoras asumiron por primeira vez na pandemia prestacións de coidados; isto é, a pandemia transformou algunhas persoas en coidadoras. Tamén que o tempo destinado a estas prestacións aumentou pasando das 17,2 horas de media á semana anteriores a pandemia, a 25 horas durante o confinamento, para rebaixarse

a partir de entón ate 23 horas, ou sexa, en todo caso, case seis horas mais por semana que antes da aparición do COVID.

Para o 68% das persoas coidadoras en España, a pandemia veu a dificultar moito a prestación de coidados ao tempo que senten que as persoas que coidan os necesitan mais que nunca. Esta pode ser unha das razóns polas cales o 93% das persoas coidadoras entrevistadas na investigación de Embracing Carers “afirma que teñen posto as necesidades da(s) persoa(s) ás que están coidando por riba das súas durante a pandemia (2020:12), e que un 82% sinta que a pandemia lles ten xerado máis desgaste que nunca (2020:14)”. O informe constata que “a pandemia agravou especialmente os retos aos que se enfrontan as mulleres coidadoras e os coidadores con fillos” (2020:24); e continúa solicitando apoio especialmente para as mulleres con fillos/as a cargo, e coidadoras de persoas en situación de dependencia: “Deben adoptarse medidas específicas para abordar estes desequilibrios” (2020:24). E finaliza debullando as prioridades das coidadoras: “Salvagardar a saúde e o benestar dos coidadores non profesionais; Minimizar a carga económica asumida polos coidadores non profesionais; Permitir o acceso a información e contidos formativos fáciles de usar; Apoiar aos coidadores non profesionais con emprego; Investir en investigación para garantir que as necesidades e a contribución social dos coidadores sexan recoñecidas e analizadas.” (2020:25).

9 A modo de conclusión

Son moitas as cargas que supón o traballo reprodutivo, como temos tentado presentar. Cargas que asumen maioritariamente mulleres que deixan de facer outras cousas para si mesmas por poñer o coidado dos demais por diante de si, sexa voluntariamente ou por non poder facerse de outra forma, tal e como está configurada a nosa sociedade patriarcal.

Os coidados se espallan no fogar, respecto dos fillos e fillas e, de xeito gravoso, con persoas en situación de dependencia.

É urxente incidir nunha socialización non discriminatoria coas mulleres e nunha educación igualitaria para que todas as persoas teñan as mesmas oportunidades vitais.

Para que o sistema funcione axeitadamente sería necesaria unha política intervencionista respecto dos roles construídos cultural e socialmente que permiten un desenvolvemento igualitario das mulleres e, en concreto, respecto dos coidados, xa que logo son imprescindibles para que as sociedades sobreviván. Concordamos con Aguilar Idáñez (2020) que “sen reparto de coidados non hai democracia” e defendemos, neste senso, que os *coidados* deben ser, ademais de asumidos do mesmo xeito por homes e mulleres, unha *responsabilidade pública*, ou tampouco chegaremos a unha sociedade igualitaria.

En definitiva do que se trata é de que as persoas poidamos coidarnos as unhas ás outras para vivir mellor, en vez de vernos *condenadas* a vivir para coidar, que é o que lle acontece a unha grande cantidade de mulleres.

58

Referencias

- Aguilar, María José (2020). “#TrabajoSocial en tiempos de pandemia /6/ Sin reparto de cuidados no hay democracia” Entrada en Blogue, dispoñible en: <https://cutt.ly/3gJB78q>
- Arias, Samuel; Saavedra, Francisco Javier e Isabel Avilés (2017). “El cuidado, una actividad de riesgo en tiempos de crisis: Una revisión de la investigación con cuidadoras españolas”, *Psicoperspectivas* [online], 16(1), 42-54.
- Baena, Laura (2022). *Yo no renuncio: Mi historia de no conciliación*. Barcelona: Lunwerg Editores (Planeta).
- Barber, M^a Soledad e Roldán Jimeno (eds.) (2017). *Niños desaparecidos. Mujeres Silenciadas*. Valencia: Tirant Lo Blanch.
- Bruvik, Kristine; Ulstein, Dina; Ranhoff, Anette Hylene e Knut Engedal (2013). “The effect of coping on the burden in familycarers of persons with dementia”, *Aging and Mental Health*, 17(8), 973-978.
- Cardona, Doris; Segura, Ángela M.; Berberí, Dedsy e María A. Agudelo (2013). “Prevalencia y factores asociados al síndrome de sobrecarga del cuidador primario de ancianos”, *Revista Facultad Nacional de Salud Pública*, 31(1), 30-39.
- ClosingGap (2020). *Coste de oportunidad de la brecha de género en el empleo*. Womenfor a HealthyEconomy, Informe n^o 7. Dispoñible en: https://closinggap.com/wp-content/uploads/2020/09/Informe_Empleo_compressed.pdf
- Comisión Europea (2017). *Gender equality and genderpay gap*. Dispoñible en: <https://europa.eu/eurobarometer/surveys/detail/2154>
- Embracing Carers (2020). *España. Informe sobre el Bienestar de los Cuidadores 2020*. Dispoñible en: <https://www.merckgroup.com/es-es/informes/Informe-Bienestar-Cuidadores-No-Profesionales.pdf>
- Esteso Poves, María José (2012). *Niños robados, de la represión al negocio*. Madrid: Diagonal.
- Euskal Estatistika Erakundea ([EUSTAT], (2021). *En la C.A. de Euskadi las mujeres asumen el 67,2% de los cuidados y tareas del hogar. Nota de prensa de 05/03/2021. Día internacional de las mujeres. 2021*. EUSTAT. Dispoñible en: https://www.eustat.eus/elementos/en-la-ca-de-euskadi-las-mujeres-asumen-el-672-de-los-cuidados-y-tareas-del-hogar-/not0018351_c.html
- __ EUSTAT, (2021). *Evolución del trabajo doméstico no remunerado en relación con el PIB*. Dispoñible en: <https://gipuzkoadigital.com/wp-content/uploads/2021/03/infografi%CC%81as.pdf>
- Fischer, Berenice e Joan Tronto (1990). “Toward a Feminist Theory of Caring”, en Emily Abel e Margaret Nelson (eds.). *Circles of Care* (pp.36-54). Albany: StateUniversity of New York Press.
- Franco, Lucía (11/11/2021). “‘Ellas cuentan’: la importancia de poner en valor la labor silenciosa de muchas madres” en El País. Dispoñible en: <https://elpais.com/mamas-papas/actualidad/2021-11-11/ellas-cuentan-la-importancia-de-poner-en-valor-la-labor-silenciosa-de-muchas-madres.html>
- Fundación Europea para la Mejora de las Condiciones de Vida y de Trabajo [EUROFOUND], (2016). *Encuesta europea sobre calidad de vida 2016*. EUROFOUND. Dispoñible en: <https://www.eurofound.europa.eu/es/surveys/european-quality-of-life-surveys/european-quality-of-life-survey-2016>

García, Carolina (18/03/2021). “Una de cada dos mujeres sufre ansiedad y estrés a causa de la pandemia” en El País. Disponible en: <https://elpais.com/mamas-papas/actualidad/2021-03-18/una-de-cada-dos-mujeres-sufren-ansiedad-y-estres-a-causa-de-la-pandemia.html>

___ (25/05/2022). “Laura Baena, de Malasmadres: ‘Tiene que cambiar la relación de la vida con el trabajo o esto se va al garete. Si las madres paramos, la sociedad se para’” en El País. Disponible en: <https://elpais.com/mamas-papas/familia/2022-05-25/laura-baena-de-malasmadres-tiene-que-cambiar-la-relacion-de-la-vida-con-el-trabajo-o-esto-se-va-al-garete-si-las-madres-paramos-la-sociedad-se-para.html>

García-Calvente, M^a del Mar; Mateo-Rodríguez, Inmaculada e Ana P. Eguiguren (2004). “El sistema informal de cuidados en clave de desigualdad”, *Gaceta Sanitaria*, 18(4), 132-139.

González-Rodríguez, M^a Carmen; González-Rodríguez, Rubén e Bienvenido Suárez (2013). “El perfil de los cuidadores no profesionales de las personas en situación de dependencia en la provincia de Lugo”, *Humanismo y Trabajo Social*, 12, 69-94.

González-Rodríguez, Rubén; Lima, Ana Isabel; Verde-Diego, Carmen e Ana M^a Rodríguez- (2018). “El Sistema de dependencia en España: Antecedentes, creación, modificación y valoración, una década después”, en Gandoy-Crego, Manuel e Rubén González-Rodríguez (coords.). *Intervención Social en Dependencia: Cuestiones Interdisciplinarias de Interés*. Madrid: Paraninfo y Consejo General del trabajo social.

González-Rodríguez, Rubén e Iria Vázquez (2013). “La prestación de cuidados a domicilio a personas en situación de dependencia”, *Acciones e investigaciones sociales*, 33, 139-168.

Guillén, Carmen (2020). “El Patronato de Protección a la Mujer: Centros de encierro y control moral para las mujeres caídas”, en Oliver, Pedro e M^a Carmen Cubero (coords.). *De los controles disciplinarios a los controles securitarios*, Cuenca: Ediciones de la Universidad de Castilla-La Mancha, 513-526.

Instituto de Mayores e Servicios Sociales ([IMSERSO] (2005). *Libro Blanco de la Dependencia*. Madrid: Imsero.

Instituto nacional de Estadística [INE] (2011). *Encuesta de empleo del tiempo. Resultados*. Disponible en: https://www.ine.es/dyngs/INEbase/es/operacion.htm?c=Estadistica_C&cid=1254736176815&menu=resultados&idp=1254735976608

___ (2016). *Encuesta de población activa*. Total personas (de 18 y más años). Actividades de cuidados y tareas del hogar. Niños que asisten a centros educativos y de cuidados. Hogares con personas dependientes. Horas semanales dedicadas a actividades de cuidados y tareas del hogar. España y UE-28. 2016.

La Parra, Daniel (2001). “Contribución de las mujeres y los hogares más pobres a la producción de cuidados de salud informales”, *Gaceta Sanitaria*, 15, 498-505.

Lencina, Mara; Rabidoux, Greg e Enrique Vila (2020). *Bebés robados de España: El libro*. Valmar Books

Lima Fernández, Ana; Verde-Diego, Carmen e Enrique Pastor (2016). “El trabajo social en los servicios sociales en España”, en Pastor Enrique e Leticia Cano (Coord.). *Políticas e intervenciones sociales ante los procesos de vulnerabilidad y exclusión de personas y territorio: Un análisis comparado México-España*, Madrid-México: Ed. Dykinson e UNAM, 173-187.

Luque, Soledad e María José Estesó (2018). “El robo de bebés desde una perspectiva de género”, *Nuestra Historia*, 5, 169-176.

Masanet, Erika e Daniel La Parra (2011). “Relación entre el número de horas de cuidado informal y el estado de salud mental de las personas cuidadoras”, *Revista Española de Salud Pública*, 85(3), 257-266.

Marín, Hector (12/06/2015). “10.000 cartas (desempolvadas) para Elena Francis”, en El Mundo. Disponible en: <http://www.elmundo.es/television/2015/06/12/5579c7ffca4741b5268b458e.html>

Mañá, Laura (2012). *La familia. 50 años de... la familia*. Radiotelevisión española. Disponible en: <http://www.rtve.es/alcarta/videos/50-anos-de/50-anos-familia-laura-mana/3237796/>

Mayobre, Purificación e Iria Vázquez (2015). “Cuidar cuesta: un análisis del cuidado desde la perspectiva de género”, *Revista Española de Investigaciones Sociológicas*, 151, 83-100.

60 Merino, Álvaro (2020). *La desigualdad en el cuidado de los hijos. OCDE, 2016*. Disponible en: <https://stats.oecd.org/>

Ministerio de Sanidad, Consumo y Bienestar social (2017). *Encuesta Nacional de Salud. España 2017. Nota técnica*. Disponible en: https://www.sanidad.gob.es/estadEstudios/estadisticas/encuestaNacional/encuestaNac2017/ENSE2017_notatecnica.pdf

Pastor Seller, Enrique; Verde-Diego, Carmen; Peláez Quero, Encarna e Ana Lima (2017). “El sistema de servicios sociales y Dependencia en España”, en Pastor, Enrique (Ed.). *Sistemas y Políticas de bienestar. Una perspectiva comparada*, Madrid: Dykinson, 111-130.

Ramírez, José Manuel; García, Gustavo e Manuel Fuentes (2020). “Informe sobre el desarrollo y evaluación territorial de la ley de promoción de la autonomía personal y atención a las personas en situación de dependencia”, Asociación Estatal de Directoras y Gerentes en Servicios Sociales [AEDGSS]. *XX Dictamen del Observatorio de la dependencia*, nº 13.

Rodríguez, Antonio; Rodríguez, Eva e Begoña Álvarez (2011). “Distribución territorial de la dependencia en España y Europa”, *Papeles Economía Español*, 129, 27-47.

Rodríguez-González, Ana M^a; Rodríguez-Míguez, Eva; Duarte-Pérez, Ana; Díaz-Sanisidro, Eduardo; Barbosa-Álvarez Angel e Ana Clavería (2017). “Estudio observacional transversal de la sobrecarga en cuidadoras informales y los determinantes relacionados con la atención a las personas dependientes”, *Atención Primaria*, 49(3), 156-165.

Rodríguez-González, Ana M^a; Verde-Diego, Carmen e Rubén González-Rodríguez (2021). “Cuidadoras informales: Percepciones y opinión sobre el sistema de dependencia en España”, *Rol de Enfermería*, 44(2), 49-57.

Roig, Neus (2018). *No llores que vas a ser feliz: El tráfico de bebés en España: de la represión al negocio (1936-1996)*. Barcelona: Ático de los Libros.

Saramago, José (1997). “Introducción”, en Salgado Sebastião. *Terra*. Madrid: Ed. Alfaguara.

Sempere, Antonio Vicente (2008). “Presupuestos, antecedentes y gestación de la Ley”, en Sempere, Antonio Vicente e Pilar Charro (Dir.). *Comentario sistemático a la Ley de la Dependencia*, Navarra: Thomson-Aranzadi, 77-112.

Xunta de Galicia (2002). *Enquisa de condicións de vida das familias. Relacións familiares e sociais*. Ano 2002. Disponible en: https://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/publicaciones/ecv_2002_rf.pdf

Capítulo 03

Enfoque dos coidados no eido laboral e discriminacións de xénero

61

*Jaime Cabeza Pereiro*¹

1 Traballo de coidados, conciliación coa vida laboral e discriminación

Desde hai xa tempo, a tensión entre as obrigas que as persoas asumen no ámbito do emprego formal entran en conflito coas que sosteñen no eido familiar. Esa dialéctica clásica emerxe como cuestión social cando a muller se incorpora masivamente ao mercado de traballo, en épocas diferentes segundo o país e a realidade social da que se trate. Ao longo dos anos, o achegamento que se fai desde as políticas públicas e privadas ten diversas perspectivas, pero a súa contemplación conxunta pon de manifesto que dita tensión está moi lonxe de estar resolta. De xeito paradoxal, é o tópico que máis transcendencia ten na igualdade material entre muller e homes, cando menos no contexto da economía formal.

A relación do equilibrio entre as obrigas laborais e as familiares de coidado e a igualdade por mor de sexo é complexa desde a perspectiva do Dereito. Hai certo consenso de que no desenvolvemento máis amplo ou máis reducido de medidas de conciliación de vida familiar e laboral están en xogo dereitos constitucionais, entre eles a protección da familia, da infancia e da terceira idade (Casas Baamonde, 2018: 1065). Alén deles, a conexión entre os dereitos de coidado no contexto do contrato de traballo e a non discriminación é un tema obxecto de debate normativo, xudicial e académico.

En xeral, hai unha corrente maioritaria que admite que a discriminación producida por descoñecemento ou denegación destes dereitos constitúe unha discriminación por razón de sexo ou de xénero. Desde a doutrina de USA, encádrase na *sex plus discrimination* porque ao sexo se lle engade outro factor de diferenza, como pode ser ter ao seu cargo fillos ou fillas de curta idade ou persoas maiores que necesiten de coidados (McAllister, 2020:757). Pola súa parte, a doutrina xudicial canadense re-

¹ Catedrático de Dereito do Traballo e da Seguridade Social, Universidade de Vigo.

fírese á discriminación familiar, como concepto con autonomía propia (Sauvé, 2009: 18). O Tribunal Constitucional español flutúa entre a considerar como discriminación por razón de sexo -cando a persoa que sofre o tratamento ou as consecuencias prexudiciais é muller- ou por outra condición persoal ou social -cando é un home-².

Desde a perspectiva da Unión Europea, a Carta de Dereitos Fundamentais da U. E. (2000) expresa no seu art. 23 o dereito á igualdade entre homes e mulleres, en particular en materia de emprego, traballo e retribución. No art. 33.1 garante a protección da familia nos planos xurídico, económico e social. E, moi en particular, no parágrafo 2 do art. 33 establece, co fin das persoas conciliaren a súa vida familiar e laboral, o dereito de ser protexidas contra o despedimento por unha causa relacionada coa maternidade, ademais do dereito a unha licenza pagada por maternidade e un permiso parental con motivo do nacemento ou adopción dun fillo ou dunha filla.

A Directiva (UE) 2019/1158, do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 xuño 2019, relativa á conciliación da vida familiar e a vida profesional dos proxenitores e os coidadores, vincula máis estreitamente os seus contidos coa discriminación por razón de sexo. Como se expresa no seu limiar, "as políticas de conciliación da vida familiar e a vida profesional deben contribuír a lograr a igualdade de xénero promovendo a participación das mulleres no mercado laboral, a repartición igualitaria das responsabilidades no coidado de familiares entre homes e mulleres e a eliminación das desigualdades de xénero en materia de ingresos e salarios".

Agora ben, a estreita vinculación do tópico da conciliación coa igualdade e non discriminación por sexo ou por xénero é un recoñecemento relativamente recente da UE. Cómpre recoñecer que xurde como un asunto de igualdade e equidade, pero posteriormente é coaptado pola Estratexia Europea de Emprego. De feito, as políticas de permiso parental e adaptación do tempo de traballo se orientan fundamentalmente desde finais do século pasado a procurar maiores taxas de emprego feminino, permitindo-lles ás mulleres a compatibilidade da súa dobre xornada laboral e extra-laboral. Unicamente a partires do lanzamento do Piar Europeo de Dereitos Sociais no ano 2017 se pode comprobar unha decidida estratexia de ligar as políticas de coidado á non discriminación entre homes e mulleres.

No ámbito interno, a LO 3/2007, do 22 marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes xa establece claramente esta conexión no seu art. 44 ao vincular os dereitos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral á asunción equilibrada de responsabilidades familiares, evitando toda discriminación baseada no seu exercicio (Reche, 2018:715). E, no ámbito autonómico, a mesma perspectiva aparece no art. 85 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

2 É moi ilustrativa a comparación entre a STC 3/2007, do 15 xaneiro e a STC 26/2011, do 14 de marzo.

2 Condicións de traballo e políticas públicas

No conflito e na compatibilidade entre as obrigas de coidado e as obrigas laborais se entrecruzan cuestións especificamente relativas ao contrato de traballo e ao vínculo entre empresa e persoa traballadora con outras de caste pública, sexan de Seguridade Social ou de servizos de atención a menores e maiores. En particular, como asuntos de máis relevo, compre salientar os catro seguintes:

a) Dereitos de ausencia ao traballo. Trátase das persoas poderen dispor de tempo libre para a atención e coidado de familiares e de licenzas máis ou menos longas para a dedicación temporal ao labor de crianza de menores ou de atención a maiores que non se poidan valer por si mesmos. O tempo libre normalmente se asocia a interrupcións breves para atender asuntos urxentes ou inaprazables -normalmente, citas medidas, enfermidades ou hospitalizacións, ou pasamentos de persoas con vínculos próximos- que se recollen baixo o paraguas de “ausencias derivadas de forza maior”.

As licenzas poden ser desfrutadas a tempo completo ou a tempo parcial, como reducións de xornada para esas tarefas de crianza ou de coidado. O acollemento a tempo parcial aos dereitos parentais ten, ademais da vantaxe obvia de conservar o dereito á retribución derivada da parte de xornada que se mantén, a de preservar o contacto coa empresa e, polo tanto, unha actividade laboral importante para a preservación e o desenvolvemento das carreiras profesionais. Caben, así mesmo, outros pactos de exercicio flexible dos dereitos de ausencia.

Sen prexuízo desas fórmulas de goce dos dereitos de ausencia, a duración dos mesmos pode variar. Nos sistemas xurídicos máis tradicionais, son licenzas moi longas, con poucos ou ningún dereito de Seguridade Social asociados, ás que se acollen sistematicamente as mulleres por mor de estereotipos sociais moi arraigados (Ballester, 2017:194). Se o limiar mínimo previsto na normativa europea é de catro meses, os sistemas máis desenvolvidos e máis orientados cara a defensa da igualdade entre mulleres e homes o establecen máis o menos nun ano (Cabeza, 2005:21), mentres que os máis tradicionais o poden recoñecer ata tres anos de duración. Estes últimos obedecen a un modelo clásico no que se presume que o home é a principal fonte de rendas á unidade familiar e que á muller lle corresponde fundamentalmente o labor de coidado, de tal xeito que a retribución desta, como segundo aporte familiar, é prescindible nos tempos de crianza de fillos e fillas e, eventualmente, de atención aos membros maiores da familia.

Neste ámbito de consideracións, as licenzas para a asunción de obrigas de coidado teñen unha pegada antitética: dunha banda, poñen en risco as carreiras profesionais e condicionan a promoción das persoas traballadoras. Doutra, lles permiten o mantemento do seu vínculo laboral coas empresas e, polo tanto, a preservación da súa presenza no mercado de traballo.

A experiencia de moitos anos pon de relevo que os dereitos de ausencia están desproporcionadamente feminizados, en porcentaxes que en ocasións se achegan ao 99 por 100 dos casos. Por iso, as políticas actuais no ámbito da Unión Europea e do Reino de España se orientan na co-responsabilidade e no labor e coidado e, xa que logo, no incentivo de que os homes e os outros proxenitores se acollan a estes dereitos (Cabeza, 2020: 41).

b) Dereitos de presenza no traballo. Por contraposición aos anteriores, os dereitos de presenza refírense aos que lles recoñece a normativa ás persoas traballadoras de adaptación do seu tempo ou das súas condicións de traballo para compatibilizar as súas obrigas laborais e extra-laborais (Ballester, 2017:170). A adaptación é un concepto que provén do dereito anti-discriminatorio e que se ten desenvolvido en particular na discriminación por discapacidade (Gutiérrez, 2017), pero que tamén está collendo pulo no ámbito da conciliación da vida familiar e laboral.

Compatibilizar as obrigas familiares e laborais é un reto que ten que ver en particular coa introdución de mecanismos de flexibilidade que lles permitan ás persoas traballadoras ter certo control verbo das condicións nas que realizan a súa prestación de servizos. En particular, ten moita importancia a distribución do tempo de traballo, en termos de xornadas flexibles adaptadas ás necesidades persoais. Por exemplo, a xornada semanal de catro días de traballo, a xornada continuada ou o horario flexible -que permita comezar e rematar o traballo diario nunha franxa máis ou menos ampla, sempre que se cumpra o número de horas previstas- son técnicas máis o menos habituais nas organizacións produtivas. Ás veces, os convenios colectivos e os plans de igualdade conteñen un número máis ou menos amplo de horas anuais de prestación de servizos a disposición dos traballadores e traballadoras para que as realicen no tempo que mellor lles conveña.

Canto ao tempo de traballo, hai un conflito moi evidente entre as necesidades de flexibilidade das persoas traballadoras e as da empresa. A normativa laboral, desde hai máis dun cuarto de século, ven favorecendo esta última mediante unha batería de medidas que tenden a darlle ás organizacións produtivas máis capacidade de disposición dos seus cadros de persoal. Xornadas irregulares, flexibilidade horaria a prol da empresa, cómputos anuais ou plurianuais da xornada máxima, máis adaptabilidade na utilización das horas extraordinarias, amplas xornadas complementarias no contrato a tempo parcial son, entre outras, ferramentas das que se poder valer as entidades empresariais para dispor máis eficientemente da súa forza de traballo.

É obvio que estas medidas prexudican as necesidades de conciliación da vida familiar e laboral. Tradicionalmente, se impuxo unha perspectiva máis atenta ás necesidades das empresas. No entanto, nos últimos anos se está producindo un claro desenvolvemento de medidas de adaptación do tempo ás necesidades das persoas traballadoras. É unha tendencia necesaria en termos de organización dos tempos da vida, pero tamén de igualdade e non discriminación. De feito, os países con xornadas

máis longas e con máis capacidade de decisión das empresas verbo dos tempos de traballo acollen sistemas de relacións laborais nos que hai moita diferenza de taxa de emprego entre homes e mulleres e, por suposto, unha brecha salarial superior á media.

65

Por iso, as medidas de adaptación do tempo de traballo que a parte traballadora pode requirir da empresa son fundamentais e están emerxendo na normativa a nivel europeo e a nivel interno. A antedita Directiva (UE) 2019/1158 e o Estatuto dos Traballadores logo dunha importante reforma que se introduciu por Real Decreto-ley 6/2019, do 1 de marzo, regulan este tipo de medidas (Fernández, 2020). En realidade, non se recoñecen como dereitos subxectivos puros das persoas, pero si como acomodacións que as persoas traballadoras poden solicitarlles ás empresas e que estas deben atender na medida das posibilidades, emprendendo unha negociación coa interesada e procurando, no caso de non poder acceder ao solicitado, ofrecerlle alternativas. Iso si, no caso de negativa da empresa ou de desacordo entre as partes, lle cabe ao traballador a posibilidade de interpoñer unha demanda xudicial para que por sentenza se lle recoñeza o dereito á adaptación nos termos solicitados.

Agora ben, coa revolución dixital e tecnolóxica, se abren outras posibilidades de manter unha prestación de servizos máis adaptada ás necesidades de compatibilizar o traballo co labor de coidado. En particular, o cambio de traballo presencial a traballo a distancia ou teletraballo é quizais a medida máis importante (Rodríguez, 2020:449). A nivel global, a experiencia da crise da pandemia da COVID-19 produciu unha expansión do teletraballo, ata entón practicamente marxinal agás nos países máis desenvolto. Froito dela, e xa á marxe das medidas de emerxencia derivadas daquela, as modalidades de traballo inter-mediadas polas tecnoloxías dixitais se mantiveron e se produciron regulacións nos distintos países. No caso español, a Lei 10/2021, do 9 de xullo, a regulou polo miúdo e sentou os alicerces para a súa normalización nas organizacións produtivas.

Secasí, a relación do teletraballo coa igualdade e non discriminación por razón de xénero é complexa. Exprésase que unha das maiores vantaxes que ten é a súa idoneidade para conciliar a vida familia e laboral, por máis que ten os evidentes problemas de que o traballo e o coidado se mesturan de xeito simultáneo ou, cando menos, no mesmo plano físico. Pero illa ás persoas que se acollen a el da organización produtiva e do colectivo de traballadores, dificulta a súa promoción profesional, as expón a riscos particulares na saúde laboral, en particular a riscos psico-sociais e, en xeral, as aliena dun dos eixos máis importantes de socialización, como é o traballo (Travis, 2014:290). De feito, hai estudos que suxiren unha dialéctica de comportamentos: en xeral, as mulleres teletraballan para conciliar as súas obrigas familiares e laborais, pero os homes, para obter máis amplos espazos de flexibilidade para o seu desenvolvemento persoal e profesional.

c) Os dereitos de Seguridade Social están moi relacionados cos de ausencia aos que xa se fixo referencia, aínda que teñen un espectro máis amplo. No contexto das sociedades tradicionais de repartimento sexista das tarefas -home que aporta as rendas familiares (*male breadwinner*) e muller ocupada no coidado (*care work*)- o segundo salario aportado por esta era máis continxente, de xeito que podía ser prescindible en aras da crianza e coidado da familia (León, 2009:198). Sen dúbida, isto non era así para as clases traballadoras, pero si para as clases máis acomodadas. Neste contexto, os dereitos de ausencia -por longos que foran- non se retribuían, porque non se percibía unha necesidade social. É dicir, unicamente se acollían ás excedencias e ás reducións de xornadas as mulleres con rendas familiares abondas para poder permitirse unha dedicación á crianza e ao coidado.

A lexislación interna española non ten tradición de protexer directamente estas licenzas totais ou parciais. Unicamente se ocupou da cobertura á maternidade e á paternidade, así como de circunstancias relativas ao embarazo e á lactación, derivadas da exposición da traballadora a axentes patóxenos que producen situacións de risco. Como excepción, recoñece unha protección de Seguridade Social no caso de que nais e pais teñan que reducir a súa xornada por mor da atención de menores con cancro ou con outras enfermidades raras.

A única medida de Seguridade Social de impacto en relación coas excedencias e reducións de xornada por garda legal consiste no establecemento dunha ficción legal: parte do tempo que as persoas pasen nesas situación se considera como cotizado aos efectos de certas prestacións, en particular aos efectos das pensións. Non se pode negar a importancia destas medidas, porque contribúen á redución da brecha de pensións entre mulleres e homes (Grau, 2020:55). Pero, desde logo, non valen para favorecer que as persoas se acollan a estes dereitos. De feito, desde a Unión Europea se fai fincapé en que a baixa taxa de utilización masculina dos mesmos está moi relacionada coa falta de cobertura ou coa baixa cobertura da Seguridade Social ou, máis en xeral, porque son licenzas non retribuídas (Cabeza, 2020: 29).

No caso dos sistemas de Seguridade Social que si protexen directamente as licenzas de crianza e coidado, as experiencias son diversas, desde porcentaxes de reposición cativas ata outras que chegan ata o 100 por 100 da retribución en activo. Nos sistemas con máis tradición de atención ás relacións entre o traballo e o coidado hai unha tendencia de situar o nivel das prestacións por debaixo do dito 100 por 100 para provocar unha volta non moi demorada das mulleres á actividade laboral. Pola súa banda, a Directiva (UE) 2019/1158 esixe por primeira vez que os Estados Membros protexan economicamente o denominado permiso parental, neste caso unicamente dirixido ao coidado de menores. No que atinxe aos maiores, a dita Directiva garante por primeira vez un permiso, pero sen que aínda sexa necesariamente protexido (Gorelli, 2022:24).

Alén das medidas relacionadas coas licenzas de coidado, hai outras de Seguridade Social dirixidas á atención á familia, en xeral consistentes en subsidios ou rendas que protexen economicamente a crianza ou ben a atención a maiores. Este tipo de medidas están condicionadas na meirande parte dos casos a limiares de renda. No caso de España, a protección, dirixida basicamente ao nacemento e a crianza de fillos, con regras especiais para os partos e adopción múltiples e para as persoas con diversidade funcional, é ben ruín. De feito, é o aspecto máis feble do sistema interno de Seguridade Social, que produce non poucos efectos perversos en termos de informalidade do coidado e discriminación da muller no mercado de traballo.

d) Servizos públicos de calidade para o coidado. Este é un dos retos nos que máis se insiste desde a perspectiva das políticas públicas e, en particular, desde a Unión Europea. Xa desde o Cumio de Barcelona (2002), o Consello Europeo estableceu retos para o 2010 de atención por garderías públicas aos nenos e nenas de 0 a 3 anos que, por mor da crise do 2008 entre outras condicionantes, non se cumpriron. Por suposto, os servizos de coidado a persoas maiores mediante ofertas diferenciadas, centros de día, residencias e, en xeral, a atención á dependencia nos seus diversos graos ten unha importancia evidente e en crecemento debido ao avellentamento da poboación.

Ten tanta importancia o reto cuantitativo –porcentaxes de poboación atendida– como o cualitativo, en termos de calidade e fiabilidade dos servizos para que as persoas traballadoras poidan recorrer a eles. Os sistemas máis liberais optan por remitir ao mercado e á iniciativa privada a rede do coidado, cunha cativa intervención pública. Os máis sociais tenden a proveelo, cando menos mediante achegas económicas a prol das persoas nas que recaen as obrigas de coidado ou, directamente, das persoas atendidas. Pero tamén establecendo instalacións e servizos de titularidade pública que presten directamente a atención, a educación e a crianza. Por outra banda, un debate relacionado e de gran transcendencia é a idade do menor na que se inicia a escolaridade obrigatoria.

No caso de financiamento público dos servizos ofrecidos pola iniciativa privada, ou de aplicación de taxas polos servizos públicos en atención ás rendas dos individuos ou das unidades familiares, hai un risco evidente de que dito financiamento produza, como efecto indirecto, unha trampa do emprego. É dicir, que as persoas con baixos ingresos, e en particular as mulleres novas, opten por abandonar o mercado de traballo ou manterse nel máis marxinalmente para non perder certas rendas públicas. Trátase dun debate máis amplo, que ten incidencia básica nas políticas fiscais, pero que impacta directamente coa discriminación por razón de sexo e coa brecha salarial.

En termos de eficiencia, claramente os servizos de atención e procura de coidado son os que mellor resolven o conflito entre traballo e obrigas familiares. No entanto, hai unha relación moitas veces conflictiva ou competitiva entre os servizos e os an-

teditos dereitos de ausencia centrados en permisos, reducións de xornadas e excedencias. É dicir, as políticas públicas en ocasións optan por estes últimos por varios motivos, que poden ir desde un aforro de custes ou unha máis racional atención en termos de dispersión xeográfica ata agachar un desemprego máis elevado mediante permisos de crianza e de coidado. En termos axiolóxicos, hai que demandar un desenvolvemento harmónico das dúas técnicas, sen prexuízo de que se deba recoñecer que os dereitos de ausencia en ocasións responden á insuficiencia ou ao retroceso dos servizos públicos.

3 Conciliación e precariedade

A precariedade no emprego adóitase considerar como unha das circunstancias que dificultan a acaída atención das obrigas de coidado. De feito, as persoas con contratos temporais, a tempo parcial, mediante empresas de traballo temporal, autónomas ou falsas autónomas, mediante plataformas dixitais, a demanda e un longo etcétera teñen máis dificultades de partida para conciliar o mundo laboral e o mundo extra-laboral.

Así e todo, certas modalidades de traballo atípico poden, no caso de que estean sostidas por unha regulación axeitada, contribuír a facilitar o labor de coidado. É o caso do traballo a tempo parcial (Cabeza, 2013:25). Se a persoa traballadora opta por el voluntariamente e non por imposibilidade de obter un traballo a xornada completa, se ten certeza e seguridade dos horarios que vai desenvolver, de xeito que pode compatibilizar sen dificultades a prestación dos seus servizos e a atención aos seus labores de coidado, se pode retornar ou obter un contrato típico ou a xornada completa cando así o desexe, se ten unha igualdade material de dereitos coas persoas que traballan mediante contratos ordinarios, neses casos o traballo a tempo parcial pode ser unha boa ferramenta de conciliación. Non obstante, a regulación española ten como obxectivo prioritario a dispoñibilidade flexible do tempo de traballo para que a empresa teña a meirande capacidade de utilización do seu cadro de persoal cando o necesite. O resultado é un contrato baleirado de dereitos, que desde logo non se regulou para facilitar a conciliación da vida familiar e laboral, nin tampouco o pretendeu.

Outra modalidade de traballo que ten sona de servir ao obxectivo de poder compatibilizar o traballo e o coidado é o teletraballo. En xeral, a regulación do traballo a distancia se reformulou desde a pandemia da COVID19 por mor da súa xeneralización. A Lei 10/2021, do 9 de xullo, contén uns preceptos atentos aos aspectos cualitativos do contrato e á igualdade de dereitos coas persoas que traballan de xeito presencial. Sen dúbida, o feito de poder traballar desde o domicilio ou desde o lugar que libremente elixa a persoa traballadora facilita a atención ás obrigas de coidado e á súa conciliación coa prestación de servizos. Con todo, tamén é certo que o teletraballo

pode producir unha forte segmentación entre homes e mulleres, se estas se acollen masivamente a el para conciliar. Non se pode esquecer que produce un illamento importante da empresa (De Vicente, 2020:29).

Á marxe do traballo a tempo parcial e o teletraballo, tense apuntado que a prestación de servizos mediante empresas de traballo temporal pode ata certo punto facilitar a atención de obrigas extra-laborais pola intermitencia do traballo. Porén, non parece que iso sexa así, pola inseguridade económica que produce e pola flutuación da actividade, que implica pouca capacidade de control dos horarios laborais. En xeral, as formas máis emerxentes de prestacións de servizos -mediante plataformas dixitais, a chamada, a demanda...- caracterízanse por unha dispoñibilidade case continuada da persoa traballadora, que lle impide atender con suficiente seguridade outras obrigas laborais ou extra-laborais. O mesmo sucede así mesmo co traballo autónomo, no que ademais as mulleres se concentran no segmento máis vulnerable, sen traballadores ao seu cargo e con actividades moi inseguras na súa viabilidade. 69

4 Conciliación e fenda salarial

A fenda salarial entre homes e mulleres ten moitas explicacións, relativas a aspectos que van desde a segregación ocupacional ata a maternidade, pasando por clasificacións profesionais discriminatorias, ou discriminacións retributivas e na promoción profesional. Pero tamén a inequitativa distribución do labor de coidado entre ambos os dous sexos ten a súa pegada na inferior retribución que perciben as mulleres.

Por unha banda está a desproporcionada feminización no uso das licenzas, excedencias e reducións de xornada que produce, directamente, máis baixos salarios a causa do tempo deixado de traballar. E, indirectamente, maiores dificultades na promoción profesional das persoas que se acollen a estes dereitos. Por outra, e así mesmo, a forte presenza das mulleres nos contratos atípicos e, en particular, no contrato a tempo parcial como alternativa de manter unha relación co mercado de traballo compatible co coidado dos membros da familia. Por suposto, a simple aplicación da regra da proporcionalidade nas retribucións explica os efectos desta modalidade contractual. Pero, ademais, se produce un tratamento prexudicial do contrato a tempo parcial que amplía dita fenda.

A relación do tempo de traballo coas necesidades de coidado ten outras repercusións evidentes. A maior dispoñibilidade para a realización de horas extraordinarias ou para aceptar traballos en horarios irregulares no caso dos traballadores homes, a súa máis ampla tendencia a aceptar comisións de servizos, desprazamentos temporais de curta ou máis longa duración e, en xeral, a súa maior mobilidade derivada de novo de estereotipos sociais incide na diferenza salarial entre un e outro sexo. Como tendencia evidente, o número e a entidade das responsabilidades familiares produce

un comportamento diferenciado entre mulleres e homes: elas tenden a reducir a súa xornada ou limitar o seu horario de traballo; eles incrementan seus horarios, aceptan máis horas extraordinarias e, en xeral, amplían a súa dedicación ao traballo. É dicir, prodúcese un evidente reforzamento dos estereotipos sociais que, en definitiva, explica en parte a brecha retributiva.

5 Conciliación de vida familiar e laboral e estereotipos de xénero

Xa se fixo fincapé na dimensión de repartimento de roles sociais que ten o conflito entre o traballo e a familia, que provoca unha moi imperfecta co-responsabilidade. O labor de coidado repousa desproporcionadamente nas costas das mulleres, por máis que pouco a pouco os convencionalismos da sociedade van cambiando nunha dirección de certo compromiso masculino, aínda moi insuficiente.

Os estereotipos de xénero prescriben case sempre que as mulleres deben asumir o espazo doméstico do traballo non retribuído, de tal xeito que as incompatibilidades entre o coidado e o traballo, sexan reais ou pretendidas, deben resolverse antepoñendo o primeiro ou, cando menos relativizando, diminuíndo ou acomodando as súas expectativas profesionais (Suk, 2010:7).

As normas laborais tradicionalmente foron consecuentes con estes estereotipos, nunha orientación que se desenvolveu como “protectora da condición feminina”. Así foi en modelos como a ditadura do Xeneral Franco, que pretendeu erradicar ás mulleres do mercado de traballo, pero así seguiu a ser, desde logo, co cambio político e tamén noutros países europeos. Ademais das normas que lles impedían ou eximían de certas ocupacións por motivos máis ou menos obxectivos de seguridade e saúde no traballo, outras leis recoñecéronlles en exclusiva dereitos a elas que non tiñan que ver exactamente coa maternidade biolóxica. En particular, abundaron as regras que lles concedían dereitos exclusivos en relación cos crianza de fillos ou “maternidades” moi alongadas alén das semanas ordinarias de recuperación e coidado do neno ou a nena recentemente nados.

Por iso, cómpre expresar unha idea plenamente asumida desde a Unión Europea e tamén desde a lexislación interna: no que se refire ao coidado, os homes e as mulleres están exactamente na mesma posición, de tal xeito que as obrigas familiares deben ser afrontadas en pé de igualdade e de xeito co-responsable (Oliveira et al., 2020:295). Se a maternidade pode implicar diferencias, o coidado é un ámbito de idénticos deberes. Como a realidade social amosa que hai unha desproporción no uso dos tempos, a consecuencia é que cómpre orientar as políticas públicas e privadas cara a unha maior implicación masculina nas tarefas domésticas e de atención ás familias.

Sen prexuízo do dito, hai normas e convenios colectivos que aínda manteñen orientacións estereotipadas do traballo do home e da muller no que se refire ás cadan-

súas responsabilidades laborais e familiares. E hai unha concepción “estendida” da maternidade que propicia unha división sexista das obrigas, como se pasa a explicar de seguido.

71

6 Maternidade, paternidade e parentalidade

As normas laborais axiña estableceron dereitos vinculados á maternidade, xa desde os primeiros convenios da Organización Internacional do Traballo. Na actualidade, e en seguimento dos principais instrumentos vinculantes desa organización, as dezaseis semanas é unha norma bastante común dos países pertencentes a ela. Da maternidade se expresan dúas funcionalidades básicas, a recuperación física da nai tras o parto e a preservación das especiais relacións entre ela e o neno ou a nena. A primeira non suscita dúbidas de concepto nin ontolóxicas. A segunda, aínda que comunmente aceptada, suxire a pregunta das diferencias entre os dereitos vinculados á maternidade o os vinculados á crianza de fillos. Os primeiros poden serlles recoñecidos en exclusiva ás nais, os segundos deben estenderse en pé de igualdade aos pais ou aos outros proxenitores.

Alén da maternidade ou paternidade adoptiva, que xeran en diversos sistemas -entre eles, o español- dereitos simétricos á maternidade, coas diferencias lóxicas derivadas da inexistencia de condicionantes biolóxicas, hai anos que se abriu o debate da necesidade de regular un concepto de paternidade paralelo, que se lle concedera ao pai -ou máis axeitadamente, ao outro proxenitor, para dar cabida ás familias con diversidades de orientacións e identidades sexuais-

A paternidade regulouse en varios sistemas internos. No caso do español, xa desde o 2007, e foi ampliando o número de semanas progresivamente, ata o cambio decisivo, producido no 2019 polo Real Decreto-lei 6/2019, do 1 de marzo. Con el, se funde coa maternidade creando unha licenza única, por nacemento e coidado de fillo, de dezaseis semanas de duración, das que seis delas son obrigatorias. Deste xeito, os dous proxenitores desfrutan de permisos simétricos, dotados na súa utilización de amplos espazos de flexibilidade na distribución ata que o neno ou a nena cheguen á idade dun ano.

Con esta regulación simétrica, o Dereito interno sitúase á cabeza dos países da Unión Europea nunha regulación da paternidade que ten como un dos seus obxectivos prioritarios loitar contra os estereotipos de xénero. Para as empresas, o nacemento dun fillo lles supón un reto organizativo tanto no caso dos pais -ou dos outros proxenitores- como das nais, xa que uns e outras gozan de dereitos simétricos.

No entanto, a regulación da paternidade supón dous novos retos: dunha parte, a diferenza entre a paternidade e a parentalidade. Os dereitos de parentalidade ou de crianza teñen unha finalidade distinta, cando menos en teoría, pero moi próxima

na realidade. Como expresa a Directiva (UE) 2019/1158, o permiso de paternidade recoñécese co gallo do nacemento do fillo e o permiso parental por motivo do nacemento do fillo. É dicir, a paternidade ten unha connotación de proximidade temporal co nacemento que non ten o permiso parental. Non obstante, na práctica son intercambiables, como recoñece a propia Directiva.

O outro reto consiste nos dereitos das familias diferentes da tradicional. Non só os das familias definidas en termos da súa orientación sexual, para as que a normativa europea e interna xa establece a plena equiparación de dereitos. Hai retos máis complexos para as familias monoparentais, para as que teñen fillos con diversidade funcional e para os proxenitores con diversidade funcional, entre outras realidades. Son tipoloxías de familias das que se deben ter en conta as súas necesidades para unha regulación reflexiva das relacións entre as actividades profesionais e as obrigas familiares.

Por outra parte, e como xa quedou apuntado, os límites entre os dereitos de maternidade e de crianza de fillos na práctica moitas veces quedan des-debuxados, ata tal punto que se reforan os estereotipos sociais máis tradicionais. Hai convenios colectivos que recoñecen dereitos expandidos de maternidade de disfrute exclusivo da muller, baixo o argumento de que serven ao fin de preservar as especiais relacións dela co seu fillo ou filla de curta idade. Por desgraza, este tipo de medidas veñen sendo avaladas pola doutrina xudicial do Tribunal de Xustiza da Unión Europea³. Expresan unha idea moi tradicional de que a crianza é un labor de incumbencia fundamentalmente feminina. E, en aparencia, o Tribunal expresa unha xurisprudencia contraditoria co obxectivo da co-responsabilidade no coidado que se plasma na antedita Directiva (UE) 2019/1158. Desde logo, esa contradición debería ser superada mediante un cambio de doutrina xudicial.

7 Familia e coidados: aspectos conceptuais

Cando se expresa a idea do labor de coidado e a súa relación dialéctica co traballo retribuído no mercado laboral, se da por suposta a existencia dunha unidade de convivencia que se reconduce ao concepto de familia. Porén, este concepto dista moito de ser unívoco, ben ao contrario, as estruturas familiares adoptan unha fisionomía variada. Por outra banda, hai sistemas normativos que, máis ou menos de conformidade cos valores sociais predominantes, privilexian determinados núcleos de familia en detrimento doutros. Xa se fixo referencia á cuestión dos modelos diferentes dos tradicionais.

Pero hai outra dimensión que ten que ver máis ben con modelos sociais diferenciados entre unhas realidades xeográficas e outras e con modelos públicos de aten-

³ Recentemente, asunto C-463/19, asunto *Syndicat CFTF du personnel de la Caisse primaire d'assurance maladie de la Moselle*, sentenza do 18 novembro 2020.

ción á familia. Desde a primeira perspectiva, cómpre ter en conta que a familia se entende de xeito máis nuclear en certas realidades xeográficas, conformada en exclusiva polo ou polos proxenitores e por descendentes menores de idade. Noutras, o concepto é máis amplo, con relacións de convivencia entre xeracións que transcenden do primeiro grao e que chegan, así mesmo, a relacións colaterais de irmáns ou mesmo curmáns. Co engadido de que, en ocasións, os procesos de emancipación da unidade familiar se adían moito máis tarde da maioría de idade. Ademais, hai diferentes consideracións ao parentesco por afinidade, que pode ser tido en conta ou non a determinados efectos.

Desde a segunda perspectiva, a atención da familia repousa en certas sociedades nos vínculos informais, de xeito que hai a presuposición de que o coidado de menores e de maiores dependentes se produce eficazmente no eido familiar, sen que o poder público interveña de xeito decisivo. Fronte a estes modelos “familistas” característicos dos países mediterráneos, outros países desenvolveron xa desde hai décadas servizos públicos de atención, produto de sociedades máis desenvolvidas e nas que, ao mesmo tempo, seguramente os modelos de familia “expandida” non prevalecen. Claro que, desde logo, os fenómenos migratorios inciden nesta realidade e mesturan diferentes concepcións da familia no mesmo espazo xeográfico.

Todo isto impacta nas políticas públicas e nas normas relativas á relación entre a vida profesional e o traballo de coidado. Desde unha perspectiva xa anteriormente expresada, hai unha tensión entre maior ou menor entidade dos servizos públicos e máis ou menos dereitos de ausencia dos traballadores e traballadoras conciliaren súa vida familiar e laboral. De tal xeito que o devalo dos servizos públicos produce un incremento de licenzas e excedencias.

Así mesmo, existe un debate importante verbo das relacións de familia que se deben ter en conta para recoñecer dereitos laborais, xa sexan de ausencia ou de presenza. Non só están en xogo cuestións de modelos familiares, senón tamén de estereotipos de xénero. Comezando por estes últimos, hai certa controversia relativa á concesión de dereitos parentais no caso de familiares afíns. Recoñecerlos implica, desde logo, concederlle unha marxe importante de decisión a espazos informais nos que, probablemente, a muller estea nunha situación de debilidade polo feito de que os seus ingresos vaian ser, estatisticamente, inferiores aos do home. Quérese dicir que é farto probable que unha muller se acolla a un permiso ou a unha excedencia para o coidado dos proxenitores da súa parella masculina polo feito de ser ela a segunda aportación de rendas da unidade familiar. Mesmo cando as retribucións dos dous proxenitores son simulares en contía, os estereotipos de xénero expoñen máis á muller ao “desfrute” deses dereitos.

Desde esa perspectiva, hai unha opinión crecente de que, no caso do sistema español de relacións laborais, sería conveniente limitar o ámbito dos familiares polos

que se poden coller os dereitos aos consanguíneos, co exclusión explícita das relacións afíns. Mesmo esta técnica se empregou durante a normativa de urxencia da COVID-19 para loitar contra os estereotipos de xénero⁴. Non obstante, hai moitas resistencias para un cambio desta natureza.

Á marxe deste aspecto relacionado coa discriminación por mor de xénero, o tema central refírese ao feixe e á extensión das relacións familiares que deben ser tidas en conta para recoñecer dereitos laborais derivados das necesidades de coidado. A este respecto, a posición da Directiva (UE) 2019/1158 é ambivalente: ríxida dunha banda e flexible da outra. Ríxida, porque unicamente contempla como “familiares” aos é ás pais e nais, fillos e fillas, e parella de feito, haxa ou non matrimonio. É dicir, non se consideran dereitos de ausencia ou adaptacións das condicións de traballo por atención de irmáns ou irmás ou parentes alén do segundo grao. Por outra banda, a Directiva garda absoluto silencio canto ás relacións de afinidade.

Pero ao mesmo tempo é flexible no que se refire ao permiso por coidado, porque se lle recoñece a un familiar -no senso descrito no parágrafo anterior- pero tamén a calquera persoa que conviva coa que precisa de atención. É dicir, nesta específica licenza non ten ningunha incidencia a relación familiar cando existe convivencia.

Os sistemas que repousan en modelos informais de familia tenden a expandir o ámbito familiar no que se establecen dereitos laborais para a atención destas necesidades. Por contraste, os que establecen servizos formais de atención ás necesidades de coidado tenden a restrinxir o grao no que se recoñecen os mesmos. O que, por outra banda, é obxecto dunha controversia que ten algo de paradoxal: nos primeiros hai unha demanda académica e política de restrinxir dereitos alén da familia estritamente considerada, para producir modelos máis formalizados nos que a muller non sexa a vítima das relacións informais condicionadas por estereotipos de xénero. No canto, nos segundos hai unha reivindicación perceptible de recoñecer dereitos de coidado con máis flexibilidade e mesmo transcendendo as relacións familiares para concedelos a ligazóns de afecto que non pasan nin pola consanguinidade ou afinidade nin sequera pola convivencia (Weldon-Johns, 2021:316).

No fondo deste debate está, desde logo, a transposición aos Estados membros da Unión Europea da Directiva (UE) 2019/1158. Pero tamén está a transformación dunha sociedade máis avellentada, na que os vínculos de relación e de convivencia sitúanse alén do concepto de familia e mesmo alén da convivencia. A afectividade, sexa ou non marital, ou as obrigas morais ou xurídicas polas que alguén que traballa deba coidar a outra persoa, son conceptos en evolución e cambio. Claro que está por ver se, nos novos contextos, recoñecer dereitos en eidos informais ten ou non pegas de xénero. A sospeita é que a vai ter, e de novo en prexuízo das mulleres.

⁴ En concreto, no art. 6 do RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19.

8 Traballo doméstico

Unha referencia ao traballo doméstico é ineludible cando se reflexiona verbo das relacións entre o traballo e o coidado e se fai, como perspectiva ineludible, desde o punto de vista da discriminación por mor de xénero. O traballo doméstico agroma como realidade moi expandida coincidindo coa incorporación da muller ao mercado de traballo. A idea é que se emprega masivamente como substituto do labor de coidado que realizaba a muller cando non prestaba servizos no mercado de traballo formal (Mantouvalou, 2013:137).

Hoxe en día, e non por casualidade, o traballo no fogar está máis expandido en países en vías de desenvolvemento que en países desenvolvidos (Murphy, 2013:599). Hai unha dobre causa para este fenómeno aparentemente contraditorio: por unha parte, a inexistencia dunha rede de servizos de calidade e de dereitos laborais accesibles para o coidado de menores e de maiores dependentes, máxime no contexto de sistemas de relacións laborais asolados polo andazo da informalidade. Por outra, as condicións legais especialmente des-protectoras que rexen o emprego do fogar, así mesmo caracterizadas pola informalidade e pola ausencia de dereitos. Mesmo se pode suxerir un terceiro motivo, baseado na emigración desde os países subdesenvolvidos aos países ricos, que produce un des-abastecemento da provisión de coidados nos ámbitos informais da familia. Non por casualidade moitas mulleres inmigrantes nutren nos países de acollida o mercado dos coidados, sexan ou non familiares.

Xa se suxeriu, como realidade ben contrastada, a feminización do emprego doméstico. Nas súas orixes, mesmo se consideraba máis no eido das relacións familiares que nas do traballo retribuído. Na súa evolución, o recoñecemento do carácter laboral do vínculo veu da man do establecemento dun limiar de dereitos moi inferior ao do contrato de traballo ordinario, baixo o argumento de que unha equiparación produciría como consecuencia unha taxa de informalidade moito máis elevada.

En realidade, a pouca consideración social do traballo doméstico está xunguida á súa feminización e á infra-valoración das ocupacións socialmente atribuídas ás mulleres, como se as aptitudes e as habilidades propias deste tipo de traballo foran inherentes e lles foran naturalmente dadas ás persoas do sexo feminino (Cabeza, 2019). Polo demais, a realidade empírica amosou que unha mellora das condicións laborais e da normativa aplicable a esta relación de traballo non produciu un incremento da informalidade, máis ben ao contrario.

Con todo, mantén a súa condición de relación laboral especial, e así sucede en moitos sistemas comparados, nos que se suxeita a normas diferenciadas e menos protectoras. Por exemplo, é moi habitual que, dada a condición especial da persoa empregadora, ao contrato para prestar servizos no fogar familiar non se lle apliquen as normas xerais de seguridade e saúde no traballo. Así mesmo, hai regras especiais de tempo de traballo e de extinción da relación laboral. No eido da Seguridade Social,

a infra-protección foi habitual verbo de moitas continxencias. No caso español, só hai poucos anos se recoñeceu a igualdade de dereitos en relación cos contratos ordinarios no que se refire a baixas por incapacidade temporal e moi recentemente se regulou a prestación por desemprego para as empregadas do fogar.

A aprobación por parte da Organización Internacional do Traballo do Convenio no 189, do 2011, sobre as traballadoras e traballadores domésticos resultou un fito decisivo no recoñecemento de dereitos para este tipo de traballos e de persoas traballadoras. É un auténtico convenio de dereitos humanos que paseniñamente vai crecendo no seu número de ratificacións. No caso español, a súa moi recente ratificación⁵ implica unha inminente modificación da normativa desta relación laboral, hoxe en día contida no Real Decreto 1620/2011, do 14 novembro.

Sen prexuízo desta onda reformadora e de mellora de dereitos, o certo é que persisten moitas situacións de abuso e de denegación de dereitos. A combinación entre servizo doméstico e condición de inmigrante, en particular cando vai unida á irregularidade de residencia no país de prestación de servizos, produce auténticas situacións de traballo forzoso e de vulneración dos dereitos máis primarios vinculados á propia dignidade das persoas. De feito, o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos ten ditado doutrina ao respecto, coñecemento de situacións de abusos realmente rexeitables⁶.

9 Conclusión

Como remate deste percorrido, cómpre unha valoración da actualidade desde unha perspectiva normativa e xurídica. Hai que recoñecer que, no contexto internacional, o sistema español de relacións laborais operou un avance grande no que se refire aos dereitos laborais de conciliación entre o traballo e a familia. As primeiras normas procedentes do ano 1989, como a Lei 3/1989, do 3 marzo, pola que se amplía a deza-seis semanas o permiso por maternidade e se establecen medidas para favorecer a igualdade de trato; ou, en particular, a Lei 39/1999, do 5 de novembro, para promover a conciliación da vida familiar e laboral das persoas traballadoras, se dirixiron máis ben a facilitar a dobre xornada da muller e a redundar nos dereitos de ausencia, sen promover políticas de co-responsabilidade masculina. Porén, as normas máis modernas re-enfocaron a perspectiva do conflito entre o traballo e a familia.

Baixo a vixencia daquelas leis, ademais, o tópicos da conciliación da vida laboral e familiar foi acollido e asumido como propio por un pensamento fondamente conservador no social, de tal xeito que mesmo se asocia a esta corrente política. Unicamente coa aprobación da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva

⁵ Aprobada polo Congreso dos Deputados o 9 xuño 2022.

⁶ Por exemplo, asunto *Siliadin c. República de Francia* (2005).

de mulleres e homes e do RD-Lei 6/2019, do 1 de marzo, de medidas urxentes para a garantía da igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes no emprego na ocupación, se reverteu a situación, e a cuestión da conciliación entre traballo e familia asume como obxectivo fundamental a co-responsabilidade e a non discriminación por mor de sexo. Ademais, a orientación sexual das persoas intégrase con normalidade nas institucións laborais de coidado, como epifenómeno da súa igualdade no que atinxe aos dereitos familiares.

Iso si, os retos que quedan pendentes son maiúsculos, como xa foi apuntado. Entre outros, cabe salientar a atención das diversas formas de familia, e en particular a monoparental como máis vulnerable, as familias con proxenitores con diversidades funcionais, cuxos dereitos familiares son especialmente protexidos pola Convención de Nacións Unidas verbo dos dereitos das persoas con discapacidade (2006), ou as familias con fillos con diversidades familiares. A transposición da normativa da UE, en particular da Directiva (UE) 2019/1158 abre unha oportunidade inmejorable para o debate e a reflexión.

No entanto, a lexislación española oscila entre elementos de modernidade e institucións produto de concepcións sociais pretéritas. Presuntos dereitos recoñecidos en pé de igualdade a homes e mulleres, pero dos que “desfrutan” case en exclusiva as mulleres, son auténticos pesos mortos para elas na consecución da igualdade material no mercado de traballo. Non cabe dúbida de que a tradicional dobre xornada feminina constitúe unha das explicacións máis evidentes das discriminacións que aínda persisten. A normativa laboral precisa dunha urxente auditoría con perspectiva de xénero que elimine certos “pesos mortos”, en particular excedencias que na actualidade teñen difícil encaixe coas conviccións sociais. É urxente, ademais, unha re-definición da protección á familia na normativa de Seguridade Social que favoreza a crianza dos fillos e a co-responsabilidade nesta tarefa.

Claro que sería inxusto non recoñecer que, en certos aspectos, a normativa interna sitúase a día de hoxe na vangarda europea, como no permiso por paternidade, ou nos dereitos de adaptación do tempo ou as condicións de traballo. Nesta dialéctica entre tradición e cambio, a ética do coidado non debería ser un pensamento de xénero, senón un compromiso compartido entre diferentes sexos, identidades e orientacións sexuais, é dicir, entre todas as persoas en situación de coidar.

Referencias:

Ballester, M^a. Amparo (2017). *Retos y perspectivas de la discriminación laboral por razón de género*, Valencia: Tirant lo Blanch.

Cabeza, Jaime (2005). “La conciliación de la vida familiar y laboral. Situación en Europa”, *Revista de Derecho Social* 31, 21-40.

- (2013). *El trabajo a tiempo parcial y las debilidades del modelo español*. Albacete: Bomarzo.
- (2019). “El trabajo doméstico en la normativa de la OIT”, *Trabajo y Derecho*, n° extra 9.
- (2020). “La Directiva de conciliación de la vida familiar y profesional”, *Revista de Derecho Social*, n° 92, 41-80.
- Casas, M^a Emilia (2018). “Conciliación de la vida familiar y laboral: constitución, legislador y juez”, *Derecho de las Relaciones Laborales* 10, 1065-1084.
- De Vicente, Fernando (2020). “Teletrabajo y salud laboral en la era COVID: el nuevo marco normativo de prevención de riesgos laborales en el teletrabajo”, *Documentación Laboral* 121, 29-48.
- Fernández, Marta (2020). “Conciliación de responsabilidades de progenitores y cuidadores e igualdad de oportunidades en la Directiva (UE) 2019/1158”, *Revista Derecho Social y Empresa* 12, 1-30.
- Gorelli Hernández, Juan (2022). “Un análisis normativo de la evolución de las políticas de conciliación en la Unión Europea. De la maternidad a la corresponsabilidad”, *Feméis: Revista Multidisciplinar de Estudios de Género* 7 (2), 10-43.
- Grau Pineda, Carmen (2020). *La brecha de las pensiones en España*. Albacete: Bomarzo.
- Gutiérrez Colominas, David (2017). “La obligación de realizar ajustes razonables en el puesto de trabajo”, *Trabajo y Derecho*, n° extra 6.
- León, Margarita (2009). “Gender equality and the European Employment Strategy: The work/family balance debate”, *Social Policy and Society* 8 (2), 197-209.
- Mantouvalou, Virginia (2013). “Human rights for precarious workers: The legislative precariousness of domestic labour”, *Comparative Labour Law & Policy Journal* 34, 133-165.
- McAllister, Marc Chase (2020). “Proving sex-plus discrimination through comparator evidence”, *Seton Hall Law Review* 50, 757-804.
- Murphy, Clíodhna (2013). “The enduring vulnerability of migrant domestic workers in Europe”, *International and Comparative Law Quarterly* 62 (3), 599-627.
- Oliveira, Álvaro; Corte, Miguel e Fabián Lütz (2020). “The new Directive on work-life balance: Towards a new paradigm of family care and equality?”, *European Law Review* 3, 295-323.
- Reche Tello, Nuria (2018). “Los derechos de conciliación de la vida personal, familiar y laboral”, en Ventura, Asunción e Santiago García (dirs.). *El derecho a la igualdad efectiva de mujeres y hombres. Una evaluación del primer decenio de la Ley Orgánica 3/2007*, Pamplona: Aranzadi.
- Rodríguez, Susana (2020). “Medidas para la conciliación de la vida laboral y familiar ante la emergencia sanitaria por COVID-19”, *Derecho de las Relaciones Laborales* 4, 449-472.
- Sauvé, Roger (2009). *Family life and work life. An uneasy balance*, The Vanier Institute of the Family, Ottawa.
- Suk, Julie C. (2010). “Are gender stereotypes bad form women? Rethinking discrimination law and work-family conflict”, *Columbia Law Review*, 110 (1), 1-69.
- Travis, Michelle A. (2014). “Equality in the virtual workplace”, *Berkeley Journal of Employment & Labor Law*, 24 (2), 283-376.
- Weldon-Johns, Michelle (2021). “EU work-family policies revisited: Finally challenging caring roles?”, *European Labour Law Journal*, 12 (3), 301-321.

Capítulo 04

Dime o teu sexo (e nacionalidade) e direiche en que traballas

79

Olga Alonso-Villar e Coral del Río¹

1 Limiar

O envellecemento da poboación, a maior participación das mulleres no mercado de traballo formal, o desigual reparto entre homes e mulleres das tarefas de coidados e demais responsabilidades dentro do fogar, así como a insuficiente oferta de servizos públicos de coidados, fan necesario que os fogares externalicen parte das súas actividades de coidados contratando persoal a tal fin. Non é estraño, pois, que o desenvolvemento e a mellora das condicións laborais do sector de servizos persoais e aos fogares sexa un dos obxectivos da Comisión Europea de cara a facilitar a compatibilidade da vida familiar e laboral e, consecuentemente, incrementar as taxas de participación das mulleres no mercado de traballo, así como as súas horas de traballo remunerado (*European Commission, 2018*).

Os servizos persoais e aos fogares constitúen un sector fortemente feminizado. Así, de acordo cun informe do *European Federation for Services to Individuals* (EFSI, 2018), as mulleres representan o 91% do sector na Unión Europea. En 13 dos 24 países para os cales o informe proporciona datos, a taxa é superior ao 90% (incluída España) mentres que nos 11 países restantes as taxas móvense entre o 80% e o 90%. Ademais, o sector concentra boa parte do emprego das mulleres, especialmente en países como Bélxica, Chipre, Francia, Italia, Portugal, Reino Unido e, sobre todo, España, con porcentaxes que oscilan entre arredor do 10% e case o 14% do emprego feminino no país correspondente.

Aínda que non é o obxectivo deste traballo, non convén esquecer, sen embargo, que ademais dos servizos de coidados remunerados, están os coidados non remunera-

¹ Catedráticas de Economía Aplicada, Universidade de Vigo, ECOBAS. Este capítulo é parte dos proxectos de I+D+i /axudas PID2020-113440GB-I00 e PID2022-137352NB-C42, financiados por MICIU/AEI/10.13039/501100011033 e "FEDER Unha maneira de facer Europa". As autoras forman parte da rede de investigación EQUALITAS (Economía da desigualdade e análise da pobreza).

dos que os fogares, e sobre todo as mulleres, desenvolven dentro deles. En media, as mulleres europeas empregan 3.5 horas ao día en actividades domésticas e de coidados, mentres que os homes empregan 1.5 horas (datos recollidos no mencionado informe do EFSI, 2018). Polo que o grao de feminización dos servizos persoais e de coidados vai máis aló do que abordaremos neste capítulo, que está centrado no traballo remunerado, xa que as mulleres son as que principalmente realizan estas tarefas tanto dentro como fóra do seus fogares.

Outra característica do sector de coidados é a alta porcentaxe de inmigrantes que se concentran nel como consecuencia das peores condicións laborais que a miúdo estas persoas están dispostas ou obrigadas a aceptar (máis horas de traballo das que a lei establece, menor salario por hora e a necesidade, nalgúns casos, de convivir no fogar que as contrata) debido a súa maior situación de vulnerabilidade e, en ocasións, de irregularidade (*European Commission, 2018*).

Neste capítulo ofrecemos unha aproximación ao sector de coidados no mercado laboral seguindo un enfoque cuantitativo. Comezaremos concretando que se entende por sector de coidados no contexto europeo e cales son as dificultades existentes á hora de determinar o tamaño do mesmo. Como discutiremos en detalle máis adiante, estas dificultades van ter moito que ver có tipo de información dispoñible nas estatísticas oficiais (en ocasións a información está condicionada polas propias clasificacións das actividades económicas e das ocupacións utilizadas a nivel internacional), así como pola situación de irregularidade que se produce dentro do sector de coidados. Posteriormente, facendo uso dos microdatos (é dicir, de datos por individuo) da *Encuesta de Población Activa* (EPA) proporcionada polo *Instituto Nacional de Estadística* (INE, a partires de agora), ofreceremos unha análise pormenorizada do grao de feminización das ocupacións máis estreitamente vinculadas cós coidados en España, distinguindo entre o papel xogado polas mulleres nativas e as inmigrantes. Convén ter presente que a elevada concentración das mulleres e da poboación estranxeira nas actividades de coidados forma parte dun problema máis xeral de segregación laboral. O sexo da persoa (muller fronte a home) e a súa nacionalidade (española fronte a estranxeira) condiciona o tipo de traballo que esta fai; e en particular, a ocupación na que traballa. É por isto que, utilizando os microdatos da EPA, así como os da *Encuesta de Estructura Salarial* (EES), neste capítulo analizaremos se as mulleres nativas, as mulleres inmigrantes, os homes nativos e os homes inmigrantes tenden a concentrarse en distintos tipos de ocupacións. Ofreceremos unha panorámica xeral da segregación ocupacional por razón de sexo e nacionalidade existente no mercado laboral español (e tamén no galego cando os datos o permiten). Ademais de mostrar o grao de segregación e a súa evolución entre 2006 e 2021, ofreceremos estimacións das implicacións que isto ten en termos salariais para as mulleres nativas, as mulleres inmigrantes, os homes nativos e os homes inmigrantes.

2 Dimensión do sector de servizos de coidados

Tal e como se define o sector de servizos persoais e aos fogares a nivel internacional (chamado sector PHS na terminoloxía inglesa habitualmente usada), este abarca diferentes actividades que teñen un efecto directo sobre o benestar dos individuos. Isto inclúe o coidado de nenas e nenos, de persoas maiores e de persoas con discapacidade, así como tarefas de limpeza, xardinería, pequenos arranxos domésticos, etc. Trátase dun sector constituído fundamentalmente por mulleres e persoas inmigrantes, no que o traballo non declarado (como consecuencia da falta de transparencia do mercado, do menor coste para os empregadores, así como da posición de desvantaxe por parte da persoa empregada) é práctica común nos diferentes países, aínda que con diferenzas importantes entre eles, polo que non é doado determinar o tamaño real do mesmo². 81

A hora de facer comparativas internacionais outra dificultade adicional é que os países europeos difiren na delimitación do sector. Cando se fala deste sector, o habitual é centrarse nos servizos proporcionados aos fogares (excluíndo as veces os servizos de coidado institucionalizados) asociados a dúas categorías concretas da clasificación estatística internacional das actividades económicas (NACE, nas súas siglas en inglés): “actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico” e “actividades de traballo social sen aloxamento”, que inclúen tanto atención a maiores e persoas con discapacidade como coidados de nenas e nenos. Convén ter presente, sen embargo, que esta aproximación ao sector é imperfecta, xa que as dúas actividades económicas mencionadas non inclúen o total de actividades que poderían ser consideradas de coidados (por exemplo, os prestados en establecementos residenciais para maiores ou persoas con discapacidade). Ademais, a primeira categoría refírese aos fogares como empregadores de traballadores/as domésticos/as, e non ao emprego destes traballadores en si mesmo, que tamén incluíría as persoas que son contratadas a través de empresas.

Como podemos ver na Figura 1, as actividades dos fogares como empregadores de servizo doméstico ocupan en España, xunto con Italia e Chipre, un papel destacado dentro do contexto europeo. Así, no ano 2021, mentres na Unión Europea (UE a partir de agora) este sector representaba o 0.9% do emprego total, en España acadaba o 2.7%. Sen embargo, se nos fixamos no traballo social sen aloxamento, Dinamarca, Finlandia, Noruega e, a certa distancia, Francia estarían á cabeza en Europa, con porcentaxes que oscilarían entre o 6.8% e o 4.5% do emprego total dos respectivos países.

² En España e Italia o traballo non declarado podería representar o 70% do sector, mentres que en Suecia sería do 15% e en Francia e Bélxica do 30% (ÉFSI, 2018).




Figura 1 Porcentaxes de emprego no sector de servizos de coidados (en relación ao emprego total) en diferentes países europeos, ano 2021³

Fonte: Elaboración propia con datos de Eurostat: Labour Force Survey.

Se sumamos o emprego destas dúas categorías de actividades, tamén vemos que en España o conxunto dos servizos persoais e aos fogares ten un peso lixeiramente máis alto que no conxunto da UE (representando no período 2008-2021 entre o 4% e o 5% do emprego en España e entre o 3% e o 3.5% na UE), aínda que as diferencias nos últimos anos parecen verse acurtadas debido fundamentalmente a perda de peso do sector en España (ver Figura 2)⁴.

Outra forma, aínda que imperfecta tamén, de medir o peso do sector PHS consiste en sumar o emprego de dúas categorías da clasificación internacional de ocupacións (ISCO, nas súas siglas en inglés): “limpadores/as e axudantes/as domésticos/as” e “coidadores/as no fogar”. Un problema para obter información do emprego nestas dúas categorías é que require o uso dunha clasificación detallada das ocupacións (clasificación a 4 díxitos) que non está dispoñible para todos os estados membros, polo que os estudos que seguen este enfoque teñen que complementar a información existente na *Labour Force Survey* con fontes de datos alternativas. Seguindo esta aproximación, o tamaño do sector PHS en España tamén é salientable, con valores superiores ao 4%, estando á cabeza de Europa xunto a Francia, Italia, Portugal, Reino Unido, Bélxica e Suecia (EFSI, 2018).

³ Nos países marcados con asterisco non temos información sobre o emprego en actividades dos fogares como empregadores.

⁴ A figura non mostra datos previos a 2008 xa que a clasificación das actividades económicas a 2 díxitos existente no período anterior non nos permite identificar o emprego en actividades de traballo social sen aloxamento.




Figura 2. Evolución da porcentaxe de emprego no sector de servizos de coidados en España e na UE-27, 2008-2021

Fonte: Elaboración propia con datos de Eurostat: *Labour Force Survey*.

3 O sector de servizos de coidados: mulleres e inmigrantes

Como mencionamos anteriormente, o sector de servizos persoais e aos fogares (PHS) está fortemente feminizado, non só en España senón tamén nos países da nosa contorna, incluíndo aqueles que están á cabeza en materia de igualdade de xénero (como é Suecia). Así, de acordo co citado informe do EFSI (2018) que utiliza os datos de emprego nas ocupacións de “limpadores/as e axudantes/as domésticos/as” e “coidadores/as no fogar”, as mulleres representaban no ano 2016 o 80% do emprego en ditas ocupacións en Suecia e Eslovenia e a case o 100% en Portugal e Chipre; situándose España por riba da media europea cunha taxa ao redor do 95%⁵. Aínda máis, nese sector concéntrase case o 14% das traballadoras en España, valor que case duplica a media europea (7.5%), polo que este sector supón un nicho importante de emprego para as mulleres no noso país.

Ademais de ser un sector altamente feminizado, o PHS ten unha forte presenza de inmigrantes, patrón detectado en países como Bélxica, Alemaña, Francia, Irlanda, Italia, Chipre e España (*European Commission*, 2018). A situación de irregularidade que

⁵ O grao de feminización tamén é elevado en España se en lugar de fixarnos nas ocupacións utilizamos as actividades económicas correspondentes. Así, un informe sobre coidados do *Consejo Económico e Social* (CES, 2022) calcula que a porcentaxe de mulleres en “actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico” é arredor do 88%, mentres que a porcentaxe en “actividades de servizos sociais sen aloxamento” é do 85% (nos anos 2019 e 2020). Estas porcentaxes parecen ir decrecendo no tempo xa que en 2011 eran 91% e 88%, respectivamente.

se da moitas veces en espazos feminizados, sobre todo se hai poboación inmigrante involucrada, non pode senón producirse especialmente no contexto dos coidados. No caso de España, por exemplo, “a economía irregular ou non declarada parece prevalecer entre a man de obra estranxeira (especialmente entre as mulleres), e os servizos de coidados non profesionais (con e sen aloxamento) parecen ser una opción bastante estendida entre a inmigración irregular” (*European Commission*, 2018:40)⁶. Un informe sobre inmigración do *Consejo Económico y Social* (CES) tamén vai nesta dirección, xa que en España o emprego feminino estranxeiro en servizo doméstico reflexado na enquisa de poboación activa é moito máis alto que o que mostra a cifra de afiliación correspondente (430,000 fronte a 180,000 persoas en 2018); un patrón que non se produce na mesma medida nas mulleres españolas, polo que a situación de irregularidade no emprego doméstico parece ser maior entre as mulleres inmigrantes (CES, 2019). Todo isto indica que as estimacións resultantes das enquisas oficiais dos servizos de coidados e demais tarefas realizadas dentro dos fogares (que moitas veces son compaxinadas polas persoas contratadas para servizo doméstico) seguramente son inferiores as cifras reais do sector.

A concentración das mulleres inmigrantes no sector PHS está fortemente vencellada á crecente incorporación das mulleres nativas ao mercado de traballo formal, á persistente asimetría no reparto de tarefas domésticas entre homes e mulleres e á necesidade de facilitar a conciliación da vida laboral e familiar. Esta conciliación vese freada nas fases de crianza e especialmente nas de coidados de longa duración, cuxa demanda en Europa tense incrementado considerablemente como consecuencia do envellecemento da poboación.

Na Unión Europea ten habido avances importantes nos últimos anos en materia de conciliación por coidado de menores na medida que se ten producido unha ampliación na oferta pública de educación infantil e garderías. Sen embargo, en materia de coidados de longa duración, as dificultades das familias seguen a ser importantes, a pesares de ser este un dos piares básicos dos estados de benestar (xunto con sanidade, educación e pensións). Este é o caso especialmente do modelo mediterráneo, no que os coidados son proporcionados maioritariamente polas familias, e en concreto, polas mulleres.

Hai que ter presente que en materia de coidados de longa duración, en Europa estase producindo “unha orientación cara a atención no fogar fronte ao modelo residencial, e é probable que aumente a súa demanda tras o impacto do COVID-19 nos establecementos colectivos de coidados de longa duración, se ben os servizos de atención domiciliar son deficitarios e insuficientes en moitos países, a excepción dos países

⁶ Ademais, en relación ás actividades de coidado, o informe estima que os salarios hora que se están a pagar en España no mercado informal poden ser un 43% menores que no mercado de traballo regulado e conxecturan que isto podería ser consecuencia da maior presenza de inmigrantes irregulares así como do elevado número de horas que traballan.

nórdicos, o que agudiza os problemas de accesibilidade aos mesmos da poboación con graos de discapacidade máis graves. [...]. En consecuencia, o acceso aos coidados de longa duración realízanse en moitas ocasións a través de organizacións do sector terciario, e tamén mediante os coidados informais, que teñen ido en aumento e son maioritariamente prestados polas mulleres (delegados en moitos casos na poboación inmigrante)” (CES, 2020, pp. 21-22)⁷.

No caso de España, segundo datos da *Encuesta de discapacidade, autonomía persoal y situaciones de dependencia* do INE de 2020, case o 11% da poboación maior de 79 anos con discapacidade ten como coidadora principal á empregada do fogar, mentres que só o 3% é atendida maioritariamente por persoal socio-sanitario. En calquera caso, as tarefas de coidado seguen a recaer fundamentalmente nas familias, e en concreto nas fillas, xa que o 46% desta poboación dependente tenas a elas como coidadoras principais (fronte a un 18% que ten aos fillos varóns). As cifras para Galicia son un pouco diferentes, debido a que menos do 4% da poboación maior dependente ten como coidadora principal á empregada doméstica, e arredor do 68% ten aos fillos ou fillas (o INE non ofrece datos desagregados por sexo para as comunidades autónomas). En conclusión, Galicia parece ter un modelo familista aínda máis forte que o conxunto do estado.

4 Composición por sexo e nacionalidade das ocupacións de coidados en España, 2011-2021

Nesta sección ofrecemos información polo miúdo sobre a elevada presenza que as mulleres nativas e inmigrantes teñen nos servizos de coidados en España. Para levar a cabo esta análise usamos os microdatos dunha das enquisas oficiais máis importantes coas que estudar o mercado laboral español, como é a EPA. Os datos refírense os segundos trimestres dos anos 2011 e 2021. En relación á nacionalidade, seguiremos a definición empregada na EES, que é a outra enquisa nacional de referencia en España, de acordo coa cal consideraremos como estranxeira a calquera persoa que non teña só nacionalidade española. A razón pola que usamos a definición da EES é para poder utilizar unha definición consistente coa seguida na análise de segregación ocupacional que ofrecemos na sección seguinte, na que utilizamos esta enquisa.

Nesta análise tomamos os datos de emprego da EPA porque esta inclúe a todas as persoas asalariadas (e tamén as paradas e as inactivas) ao ser unha enquisa dirixida ás familias. Pola contra, a EES só inclúe a traballadores/as que presten servizos en centros de cotización (pertencentes a industria, construción e servizos) e que estean dados de alta durante todo o mes de outubro do ano correspondente. Están excluí-

⁷ Ademais do problema do acceso aos coidados de longa duración está a calidade dos mesmos, pois déctanse baixos niveles de formación nas persoas que os prestan (*European Commission*, 2018; CES, 2020).

das desta enquisa as actividades agrícolas, gandeiras e pesqueiras e as que teñen aos fogares como empregador, en particular o traballo doméstico. Dada a importancia que teñen estas dúas actividades no noso estudo, nós usamos os datos de emprego da EPA e só utilizamos a EES para estimar os salarios medios das ocupacións alí recollidas.

O noso enfoque difire parcialmente do empregado nas comparacións internacionais presentadas nas primeiras seccións deste capítulo, nas que se utilizaba o sector de servizos persoais e aos fogares (PHS), por dúas razóns. Unha, porque nós tomamos como base as ocupacións e non o sector de actividade, xa que consideramos que as ocupacións delimitan mellor as tarefas asociadas a cada tipo de traballo. Así, tarefas incluídas no sector doméstico de acordo coa delimitación do PHS, tal e como comentamos anteriormente, son as de coidados de persoas maiores e crianzas, limpeza, preparación de alimentos, etc., pero tamén a axuda no estudo, a educación escolar temperá, así como a xardinería ou as pequenas reparacións domésticas (EFSI, 2018). Na nosa aproximación queremos deixar fóra das tarefas de coidados aquelas que teñen que ver coa educación, así como as de xardinería ou reparacións, para centrarnos nas tarefas de coidados persoais e de limpeza/alimentación (Díaz Gorfinkiel e Martínez-Buján, 2018). A segunda razón é que nós estamos interesadas nas tarefas de coidados máis alá de onde son desenvolvidas esas actividades, de aquí que na nosa aproximación ós coidados non recollamos só os servizos prestados nos domicilios senón tamén noutros espazos, como son as garderías e os centros de xeriatría (Martínez-Buján e Moré, 2021).

Na primeira parte da análise que amosamos nesta sección, tomamos como referencia a clasificación nacional de ocupacións (CNO-2011) a 2 díxitos e seleccionamos as dúas ocupacións que poden recoller mellor os servizos de coidados: a ocupación 91 (“empregados/as domésticos/as”), que inclúe tarefas de limpeza, lavado de roupa, pasado do ferro, preparación de alimentos, etc.; e a 57 (“outros/as traballadores/as dos coidados ás persoas”), que inclúe o coidado a domicilio de persoas maiores ou con necesidades así como o coidado de nenos/as⁸.

A Figura 3 mostra a composición por sexo e nacionalidade destas dúas ocupacións en España para os anos 2011 e 2021, que é o período máis longo que podemos ofrecer coas mesmas definicións para estas ocupacións. A ocupación de coidados a domicilio de maiores e adultos dependentes e de coidados de crianzas representaba

8 A clasificación de ocupacións a 2 díxitos non nos permite distinguir entre o coidado de nenos/as en garderías e no fogar. Se combinásemos a ocupación 57 coa actividade económica 97 da CNAE-2009 que se refire as persoas contratadas polos fogares para diferentes funcións (non só limpeza e coidados, senón tamén servizos de xardinería, chofer, etc.), estaríamos aproximándonos mellor aos coidados de nenos/as nos fogares pero estaríamos deixando fora ás persoas contratadas a través de empresas que fan servizos de coidado a persoas maiores dentro dos fogares. Por esta razón, optamos por non cruzar a ocupación 57 coa actividade económica 97, co cal estamos incluíndo coidados de crianzas fora do fogar pero non o coidado de maiores fora do mesmo, o que supón unha asimetría no tratamento dos coidados de maiores e crianzas.

no 2021 o 1.9% do emprego total da economía española mentres que a ocupación de emprego doméstico era o 2% (fronte ao 2.1% e o 2.9%, respectivamente, no ano 2011). Polo tanto, constatamos que o peso dos servizos de coidados medidos en termos de ocupacións é similar ao que representa o sector de coidados PHS mostrado na Figura 2 da sección 2, que estaba definido baseándose nas actividades económicas en lugar das ocupacións (o peso nese caso era 4.9% para o ano 2011 e 4.1% para o 2021). As similitudes tamén comprenden a evolución ao longo do período, xa que detectamos unha caída do peso dos servizos de coidados entre 2011 e 2021, que parece afectar máis ao emprego doméstico que ao de coidados persoais.




Figura 3 Total de persoas empregadas en ocupacións de coidados e de servizo doméstico, e distribución por sexo e nacionalidade, 2011 e 2021

Fonte: Elaboración propia cós microdatos da EPA.

A Figura 3 mostra que tamén o número de persoas empregadas en coidados de adultos a domicilio e coidado de crianzas, e non só a porcentaxe que estas ocupacións representan en termos de emprego, diminuíu lixeiramente entre o ano 2011 e o 2021, mentres que o servizo doméstico experimentou unha caída máis forte. Tal vez a crise económica motivou que os fogares reduciran a externalización dos servizos

que consideraron máis prescindibles e de aí que os coidados ás persoas maiores e crianzas experimentaran menos caída que o emprego doméstico, que tende a recoller tarefas de limpeza ademais de coidados.

- 88 Así mesmo, o gráfico pon de manifesto novamente que son as mulleres as que prestan este tipo de servizos, aínda que con diferenzas entre nativas e inmigrantes. As nativas están concentradas nos coidados aos maiores e ás crianzas mentres que as inmigrantes teñen especial presenza no servizo doméstico. Parece ser este grupo o que máis emprego perdeu entre 2011 e 2021.

Para afinar un pouco máis á hora de acoutar os servizos de coidados, no que sigue facemos uso da clasificación CNO-2011 a 3 díxitos. Para identificar estes servizos fixémonos en varias ocupacións a 3 díxitos pero tamén temos en conta información sobre o sector económico para deste xeito aquilatar o máximo posible os diferentes servizos de coidados. Así, cruzamos a ocupación 561, “auxiliar de enfermaría”, coa actividades económicas 871, 872 e 873 da CNAE-2009 a 3 díxitos, que se corresponden con asistencia en establecementos residenciais, en particular xeriatria (en liña có feito para anos previos por Martínez-Buján e Moré, 2021). Deste xeito, podemos aproximarnos aos coidados das persoas maiores en residencias (que fan tarefas de axuda na hixiene persoal dos/as residentes, cambian sabas, axudan a comer, administran menciñas, etc.). Tamén cruzamos a 572 (“coidado de nenos/as”) coa actividade económica 970 da CNAE-2009, referida aos fogares como empregadores de persoal doméstico, para así identificar os coidados de nenos/as no domicilio. O resto da ocupación 572 recollerá os coidados prestados nas garderías. Finalmente, a nosa lista de ocupacións de coidados inclúe a ocupación 571 (“coidado de persoas a domicilio excluindo nenos/as”) e a ocupación 910 (“empregados/as domésticos/as”).

No conxunto de servizos de coidados así definidos traballaban en 2021, de acordo cos datos da EPA, máis de medio millón de mulleres nativas e máis dun cuarto de millón de mulleres inmigrantes (en concreto, 560,537 e 292,368 mulleres, respectivamente), mentres que a presenza de homes nos coidados era testemuñal (30,528 nativos e 18,027 inmigrantes). Estes servizos representaban o 4.6% do emprego da economía (porcentaxe un pouco maior que a que estimamos anteriormente en base á clasificación a 2 díxitos).

A Figura 4 mostra a distribución porcentual de cada grupo demográfico entre estes cinco tipos de coidados. Volvemos constatar que a presenza de homes nos servizos de coidados é residual, especialmente para os nativos, mentres que máis do 25% das mulleres inmigrantes concéntranse en actividades de coidados e arredor do 7% das mulleres nativas tamén traballan aí. Observamos que as mulleres nativas están equitativamente distribuídas polos cinco tipos de servizos, con pesos relativos que non distan moito dos que cada servizo ten no conxunto da economía (que aparece recollido na columna da dereita do gráfico). Sen embargo, as mulleres estranxeiras están fortemente concentradas no emprego doméstico e nos coidados a maiores nos fogares.




Figura 4 Porcentaxe de mulleres nativas, mulleres inmigrantes, homes nativos e homes inmigrantes nas diferentes ocupacións de coidados, 2021

Fonte: Elaboración propia cós microdatos da EPA.

5 Unha aproximación á segregación ocupacional por sexo e nacionalidade en España (e Galicia)

Dada a importancia que ten a inmigración no sector de coidados, nesta sección mostremos, en primeiro lugar, a evolución da inmigración en España e Galicia ao longo do século XXI. A continuación, facendo uso de microdatos da EPA, analizaremos a segregación ocupacional por sexo, e tamén por sexo e nacionalidade conxuntamente. A maior parte da análise que combina sexo e nacionalidade centrarase no contexto nacional xa que o tamaño das mostras de inmigrantes en Galicia recollidas nas bases de datos oficiais é pequeno. En calquera caso, ofreceremos datos para Galicia sempre que sexa posible. O período de estudo é o 2006-2021, o que nos permitirá coñecer como era a situación antes da crise económica que tivo lugar a partires do 2007 así como a súa evolución dente entón, incluíndo tamén a etapa pandémica.

Ademais, facendo tamén uso dos microdatos da EES, ofreceremos unha valoración económica da distribución ocupacional das mulleres nativas, mulleres inmigrantes, homes nativos e homes inmigrantes tendo en conta os salarios medios das ocupa-

cións nas que cada un destes grupos se concentra e tamén os salarios dos sitios nos que están infra-representados. Isto permitiríanos resumir nun único indicador a “calidade” (medida en termos salariais) da distribución por ocupacións de cada un destes grupos. Finalmente, mostraremos cales son as ocupacións máis feminizadas e as máis masculinizadas.

5.1 Evolución da inmigración no período 1998-2021

A inmigración no conxunto de España incrementouse substancialmente dende finais dos anos 90 do século pasado. Como mostra a Figura 5, en 1998 había pouco máis de medio millón de inmigrantes en España, sumando homes e mulleres (ver eixo vertical esquerdo), pero esta cifra ía ascendendo paulatinamente ata alcanzar os 5.7 millóns de persoas en 2011, ano no que se atinxe a cifra máis elevada de todo o período. E aínda que o número de inmigrantes varóns foi entre o 2001 e o 2017 lixeiramente superior ao de mulleres, nos últimos anos as cifras son análogas (pouco máis de 2.7 millóns de cada sexo).

En Galicia, a poboación inmigrante tamén aumentou notablemente ao longo do período. Así, mentres en 1998 había menos de 20,000 inmigrantes, en 2012 a cifra superaba as 112,000 persoas, e aínda que o número experimentou un descenso entre os anos 2013 e 2016, igual que ocorreu no conxunto do estado, os valores foron paulatinamente crecendo a partires de entón, especialmente as cifras de mulleres (ver Figura 5, eixo vertical dereito).




Figura 5 Número de mulleres e homes inmigrantes en España e Galicia, 1998-2021.

Fonte: Elaboración propia con datos de INEbase.

En calquera caso, como se mostra na Figura 6, a taxa bruta de inmigración procedente do estranxeiro é máis baixa en Galicia que no conxunto do territorio nacional⁹. De acordo coa serie que ofrece o INE, con datos dispoñibles a partires de 2008, a taxa bruta de inmigración española é ao redor dun 70% (nalgúns anos case un 100%) máis alta que a galega. Así, se nos fixamos no ano 2019, que é cando ambos os dous territorios presentan as súas taxas máis elevadas, observamos que mentres en Galicia chegaron uns 9 inmigrantes procedentes do estranxeiro por cada 1000 residentes, en España esa cifra ascende a case 16.




Figura 6 Taxas brutas de inmigración procedente do estranxeiro en España e Galicia, 2008-2020.
Fonte: Elaboración propia con datos de INEbase.

Este forte crecemento da poboación inmigrante na primeira década do século XXI aconteceu ao mesmo tempo que as taxas de participación feminina foron en aumento (Figura 7). Así, a taxa de actividade das mulleres en España era do 42% a principios do 2002, e foi subindo progresivamente ata acadar o 53% a finais do 2010, manténdose nese valor dende entón. A taxa de actividade das mulleres en Galicia tamén aumenta no período, pero con menos intensidade, pasando de case un 41% en 2002 a superar o 49% a partires do 2011.

⁹ A taxa bruta de inmigración procedente do estranxeiro defínese como o total de poboación inmigrante, procedente do estranxeiro que chega a unha poboación ao longo dun ano, por cada 1000 habitantes desa poboación.




Figura 7. Taxas de actividade (en %) de mulleres e homes en España e Galicia, 2002-2022 (datos trimestrais)
 Fonte: Elaboración propia con datos de INEbase.

A Figura 5 tamén revela que a gran recesión económica que se produce a partir de 2007 vén acompañada nos primeiros anos de descensos importantes nas taxas de inmigración, tanto en Galicia como en España. A partir de 2013 ditas taxas comezan a crecer de novo ata a chegada da pandemia provocada polo COVID-19, que volve orixinar descensos importantes nas devanditas taxas. Así, en 2020, a taxa en España non alcanzaba o 10% e en Galicia apenas superaba o 5%.

En canto á procedencia da poboación inmigrante por grandes áreas xeográficas (ver Figura 8), tanto en España como en Galicia destaca a posición da UE e tamén de América (do Sur e Centro América), sendo esta segunda gran rexión da que procede boa parte da inmigración feminina. A procedencia latinoamericana é importante no conxunto do territorio nacional, pero especialmente en Galicia polos vínculos históricos e culturais existentes. Pola contra, os países africanos teñen unha menor presenza relativa en Galicia.




Figura 8 Procedencia da poboación estranxeira por grandes rexións de orixe en España e Galicia, 2021
 Fonte: Elaboración propia con datos de INEbase.

A seguir, a Figura 9 detalla os principais países emisores de persoas migrantes chegadas ao noso país. En España destacan Marrocos (cun 16% da inmigración total) e Romanía (cun 12%), aínda que países como Colombia e Venezuela tamén teñen pesos importantes (entre ambos representan un 9% do total). En Galicia, pola contra, os países que máis destacan son Portugal (cun 13%), Venezuela (cun 12%), Brasil (8%) e Colombia (8%), seguidos de cerca por Romanía e Marrocos (cun 7% cada un de eles). Polo tanto, o peso que Sur América ten na inmigración establecida en Galicia resulta moi destacable dentro do territorio nacional.




Figura 9 Principais países de procedencia da poboación estranxeira en España e Galicia, 2021
 Fonte: Elaboración propia con datos de INEbase.

5.2 Unha ollada á segregación ocupacional no período 2006-2021

Para levar a cabo esta análise usamos os microdatos das dúas enquisas máis importantes existentes en España para analizar o mercado laboral mencionadas na sección anterior (a EPA e a EES), para todos os anos dispoñibles dende 2006¹⁰. Tomando os datos da EPA, podemos determinar o número de persoas (distinguindo entre mulleres e homes, nativas e inmigrantes) que traballa en cada ocupación, mentres que obtemos da EES o salario medio (por hora) de cada ocupación, así como o salario medio de cada grupo dentro de cada ocupación.

Dado que, como xa comentamos, a EES non inclúe as actividades contratadas directamente polos fogares como empregadores (aínda que si o traballo realizado a través de empresas do sector), non sempre temos mostra na ocupación de emprego doméstico. Neses casos, o seu salario proven dunha fonte alternativa, INEBASE-EPA, que recolle os salarios medios ofrecidos polo INE na súa páxina web para as diferentes ramas de actividade e ocupacións, a nivel agregado. Deste xeito, o salario que lle estamos a asignar ao servizo doméstico é seguramente maior có real, xa que estamos utilizando o salario medio do sector chamado “actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico”, que inclúe non só tarefas de limpeza senón tamén servizos de chofer, xardinería, etc.

Outra cuestión importante que debemos ter presente á hora de valorar os nosos resultados é que os salarios que utilizamos ao longo deste estudo proveñen da economía formal xa que, como dixemos anteriormente, a EES só contén a cotizantes á seguridade social.

A maior parte da análise aquí presentada emprega a clasificación nacional de ocupacións (CNO-2011) a 2 díxitos existente no ano correspondente, que permite distinguir entre máis de 60 ocupacións. Débese ter presente que a clasificación non é perfectamente homoxénea ao longo de todo o período xa que cambia no ano 2010.

A Figura 10 mostra a evolución da segregación ocupacional no período 2006-2021. Incorporáanse aquí tres análises distintas. En primeiro lugar está a segregación por razón de sexo (para España e Galicia), que mostra o grao en que mulleres e homes se concentran en ocupacións ou traballos diferentes en lugar de estar distribuídos entre eles de forma homoxénea. Para medir a segregación ocupacional por sexo utilizamos o índice I_p , que estase a empregar nos informes da UE para facer un seguimento da segregación laboral (tanto ocupacional como sectorial). Se as mulleres se concentrasen totalmente nunhas ocupacións nas que non houberse homes (e polo tanto, os homes estivesen concentrados noutras ocupacións nas que non houberse mulleres), o índice I_p acadaría o seu máximo. Se polo contrario as mulleres, que en 2021 representan o 46% das persoas ocupadas en España (é dicir, con traballo remu-

¹⁰ En concreto, usamos a EPA do segundo trimestre para os anos comprendidos no período 2006-2021 e a EES cuatrimestral para os anos 2006, 2010, 2014 e 2018.

nerado), estiveran distribuídas entre as distintas ocupacións de xeito acorde ao seu peso na poboación (isto é, representando o 46% do emprego de cada ocupación), a segregación por sexo sería nula. No ano 2021, a segregación ocupacional por sexo en España era do 24% o cal significa que un 24% das persoas con traballo remunerado (case 1 de cada 4) tería que cambiar de ocupación para que non houbose segregación por sexo. Os niveis para Galicia eran similares (25%). Obsérvase que a segregación por sexo non mudou moito nos últimos 15 anos (o valor do índice en 2006 era 27% tanto en Galicia como en España), mostrándose só un pequeno descenso entre 2007 e 2012.




Figura 10. Segregación ocupacional por sexo (España e Galicia), por nacionalidade, e por sexo e nacionalidade (España), 2006-2021 (índice I_p e I_p estendido).

Fonte: Elaboración propia cós microdatos da EPA.

A segunda análise incluída na Figura 10 refírese a segregación por nacionalidade, que mostra se a poboación nativa e a estranxeira traballa en ocupacións moi diferentes. Presentamos aquí só a situación en España dado que o número de observacións de inmigrantes na mostra para Galicia é pequena (en calquera caso, comprobamos que o nivel de segregación por nacionalidade en Galicia é similar ao detectado en España, aínda que lixeiramente menor). Observamos que o índice I_p toma un valor bastante baixo, preto dun 10% nos primeiros anos e dun 7% nos últimos, o que significa que os datos máis recentes mostran que ao redor dun 7% da poboación tería que cambiar

de ocupación para que poboación nativa e inmigrante estivese igualmente distribuída por ocupacións. A razón de que o índice tome un valor tan baixo non depende só de se a poboación inmigrante tenda a concentrarse nuns tipos de traballos ou doutros, senón tamén do peso demográfico da mesma. O feito de que esta poboación represente só un 12% da poboación ocupada en España fai que a súa concentración en determinadas ocupacións non quede ben recollida cando utilizamos indicadores agregados, como é caso do índice Ip. Volveremos sobre esta cuestión máis adiante.

A terceira análise incluída no gráfico anterior fai referencia á segregación ocupacional por sexo e nacionalidade en España cando ambas características téñense en conta simultaneamente (a situación en Galicia é similar). É dicir, distinguimos entre mulleres nativas, mulleres inmigrantes, homes nativos e homes inmigrantes e analizamos as distribucións destes catro grupos entre as máis de 60 ocupacións analizadas. Neste caso, non podemos utilizar o índice Ip tradicional senón unha variante do mesmo que permite calcular a segregación cando hai máis de dous grupos demográficos involucrados. Este índice tamén mide a porcentaxe de persoas (incluíndo mulleres inmigrantes e nativas así como homes inmigrantes e nativos) que tería que cambiar de ocupación, para que os catro grupos estiveran adecuadamente representados en cada ocupación. A Figura 10 mostra que en 2021 o 26% das persoas terían que cambiar de ocupación para que non houbera segregación por sexo e nacionalidade, un nivel que non está moi lonxe do existente na segregación por sexo mostrado anteriormente (24%). A evolución deste indicador é moi similar o mostrado anteriormente cando as variables sexo e nacionalidade foron analizadas por separado, observándose unha pequena caída nos primeiros anos e estancamento dende o 2014.

É importante ter en conta que os poucos cambios detectados na segregación ocupacional ao longo do período 2006-2021, durante o cal tiveron lugar a Gran Recesión e a pandemia, non implica que as fases de crise económica teñan impactado nos distintos grupos do mesmo xeito en termos de emprego. De feito, como recolleemos na Figura 11, as fases de recesión económica deron lugar a unhas taxas de paro moito máis elevadas entre a poboación inmigrante que entre a nativa, e as taxas de paro das mulleres nativas foron sempre máis altas cás dos homes nativos, a pesares da forte destrución de emprego ocorrida en sectores moi masculinizados (patróns que tamén se detectan en Galicia, aínda que non son amosados no gráfico).




Figura 11 Taxas de paro en España por sexo e nacionalidade, 2006-2021

Fonte: Elaboración propia con datos de INEbase.

Dado que a segregación total ou agregada que mostramos anteriormente non recolle ven a situación dos grupos pequenos, xa que a contribución de cada grupo a este total está moi condicionada polo peso demográfico do grupo, a continuación analizamos a situación de cada un deles por separado. A Figura 12 mostra o nivel de segregación de cada grupo, é dicir, se o grupo está moi repartido entre todas as ocupacións ou pola contra tende a concentrarse nalgunhas delas. Para elo usamos o índice Dg que é consistente có anterior índice I_p , xa que a segregación total medida polo índice I_p pódese escribir como a suma ponderada da segregación de cada grupo (dada por Dg) usando como pesos os tamaños relativos de cada un deles.¹¹ O índice Dg representa a porcentaxe de persoas do grupo en cuestión que tería que cambiar de ocupación para que o seu nivel de segregación fose cero (é dicir, para que en cada ocupación o peso do grupo fose análogo ao seu peso na economía).

11 Para máis detalles ver Alonso-Villar e Del Río (2010).




Figura 12. Evolución da segregación ocupacional de cada grupo, definido por sexo e nacionalidade, en España no período 2006-2021 (índice Dg)

Fonte: Elaboración propia cós microdatos da EPA.

A análise só fai referencia a España debido ao pequeno tamaño da mostra de inmigrantes ocupados/as residentes en Galicia. Vemos que, independentemente do ano no que nos fixemos, o nivel de segregación máis alto correspóndelle sempre ás mulleres inmigrantes, seguidas dos homes inmigrantes e das mulleres nativas. En concreto, en 2021, o 40% das mulleres inmigrantes terían que cambiar de ocupación para estaren repartidas homoxeneamente polas ocupacións, unha porcentaxe moito máis baixa da que había en 2006, que era o 56%¹². Obsérvase que a segregación das mulleres inmigrantes en 2021 non é moi diferente da dos homes inmigrantes (38%), para os cales o nivel mantívose bastante estable ao longo do período analizado. As mulleres inmigrantes tamén son o grupo que experimenta unha caída máis forte da segregación no período analizado¹³. En canto ás mulleres nativas, a súa segregación baixou do 32% en 2006 ao 27% en 2021, manténdose constante dende 2013. A segregación dos homes nativos estivo en torno ao 23% en todo o período, o cal significa que o 23% dos mesmos tería que cambiar de ocupación para estar homoxeneamen-

12 Estudos previos mostran que a segregación das mulleres inmigrantes varía de xeito importante dependendo do país de orixe (Del Río e Alonso-Villar, 2012).

13 Hai que ter presente que nos anos previos á Gran Recesión, a forte chegada de inmigración estivo acompañada por un importante aumento da súa segregación ocupacional. O modelo de crecemento que tivo lugar neses anos en España estivo moi vencellado ao emprego en ocupacións nas que a poboación inmigrante tende a concentrarse, como é a construción (no caso dos homes), o emprego doméstico (no caso das mulleres), ou nos servizos de restauración (con presenza de ambos) (Del Río e Alonso-Villar, 2012; Alonso-Villar e Del Río, 2013).

te representados en todas as ocupacións. Esta análise tenos permitido visibilizar a situación de grupos pequenos, como é o das mulleres e os homes inmigrantes, que doutro xeito quedarían escurecidos na segregación total ou agregada.

A modo de ilustración, a Táboa 1 do apéndice recolle as ocupacións máis feminizadas e ás máis masculinizadas para o ano 2021, así como o peso da poboación nativa e inmigrante en cada unha de elas. Como podemos ver, as mulleres representan o 97.7% do emprego doméstico, que está repartido entre un 51.5% de mulleres nativas e un 46.2% de mulleres inmigrantes. Nesta ocupación, que representa o 2% do emprego da economía, traballan o 15.8% de todas as mulleres inmigrantes ocupadas, unha porcentaxe moito máis alta ca que existe noutras ocupacións feminizadas. O que indica que en España o servizo doméstico é un nicho laboral importante para as mulleres inmigrantes. A segunda ocupación máis feminizada é a de "outras/os traballadoras/es dos coidados ás persoas", na cal as mulleres representan o 93.1% do emprego (e as inmigrantes case o 23%). As mulleres tamén teñen unha presenza moi elevada en "outro persoal de limpeza" (cun 83.4%), "coidados ás persoas en servizos de saúde" (80.4%), "caixeiras/os e vendedoras/es de billetes" (79.8%), "outras/os administrativas/os con atención ao público" (77.6%), "outras/os administrativas/os sen atención ao público" (74.5%), "profesionais de apoio á xestión administrativa" (70.7%), "profesionais da saúde" (70.4%), e "outras/a profesionais do ensino" (70.1%). Na economía galega, información que non recollemos na táboa anterior, o patrón é similar aínda que destacan tres ocupacións moi feminizadas que na española non o son tanto. Este é o caso de "axudantes de preparación de alimentos" (no que o 89% do emprego en Galicia é feminino), "comerciantes propietarias/os de tendas" (cun 66% de mulleres) e "servizos de restauración" (cun 65%).

5.3 Ganancias e perdas salariais derivadas da segregación ocupacional

Pero non queremos quedarmos aí, vendo simplemente se os grupos están desigualmente repartidos polas ocupacións. Queremos dar un paso máis e ter en conta se os grupos están sobrerrepresentados en sitios ben pagados e infrarrepresentados nos que teñen baixos salarios, ou todo o contrario. Para elo faremos uso de ferramentas que temos desenvolvido en diferentes traballos previos, cun perfil máis metodolóxico.

Se tiveramos poucas ocupacións na economía, ou se utilizáramos una clasificación ocupacional moi agregada, sería doado ter unha idea do que lle ocorre a un grupo simplemente botándolle unha ollada á representación do mesmo en cada ocupación e ao salario medio da mesma (información que mostra a Táboa 1 para as ocupacións máis feminizadas e as máis masculinizadas para o ano 2021, onde o salario de cada ocupación está expresado en relación ao salario medio da economía)¹⁴. Sen

14 Un salario superior a 1 significa que esa ocupación ten un salario superior á media mentres que un salario menor que 1 indica o contrario. Vemos que o salario hora no emprego doméstico representa a metade

100

embargo, se temos moitas ocupacións, o cal é desexable para poder afinar á hora de comprobar se os distintos grupos están realmente traballando no mesmo tipo de traballos ou non, pode ser útil utilizar algún indicador que resuma, dunha forma axeitada, o que está a pasar nas distintas ocupacións, especialmente se queremos facer comparacións ao longo do tempo.

Isto é precisamente o que mostramos na Figura 13 para o caso español. Se un grupo tende a concentrarse en sitios ben pagados e ten pouca presenza nos de salarios baixos, o índice correspondente a ese grupo tomará un valor superior a cero (o grupo tería unha ganancia monetaria asociada á súa distribución ocupacional). Sen embargo, se o grupo está sobre-representado en ocupacións mal pagadas e ten pouca presenza nas de salarios altos, o índice tomará un valor negativo para ese grupo (o grupo tería unha perda monetaria derivada da súa distribución ocupacional)¹⁵.




Figura 13 Evolución das ganancias ou perdas monetarias derivadas da distribución ocupacional de cada grupo (estimadas en porcentaxe do salario medio da economía) en España, 2006-2021.

Fonte: Elaboración propia cós microdatos da EPA e a EES.

do salario hora medio. Dentro das ocupacións máis feminizadas, o salario máis alto correspóndelles ás/aos profesionais da saúde, cun salario hora case un 70% por riba da media. Debemos ter presente, sen embargo, que o salario medio dunha ocupación pode recoller situacións moi distintas se hai moitos tipos de traballos diferentes dentro da mesma. Isto pode ser o caso, por exemplo, das/os profesionais da saúde (enfermería, medicina de familia, cirurxía, odontoloxía, logopedia, etc.) e o ensino (infantil, primaria, secundaria, etc.). Para recoller mellor os diferentes tipos de traballo, tería sido útil utilizar unha clasificación das ocupacións a 3 díxitos en lugar de 2, pero a EES non proporciona información con este nivel de desagregación.

15 Para máis detalles ver Del Río e Alonso-Villar (2015).

A figura mostra que os homes nativos teñen unha distribución ocupacional que lles favorece, xa que o indicador é sempre positivo. Repárese en que esta vantaxe é a maiores das ganancias monetarias derivadas de recibir salarios máis altos que os outros grupos dentro das ocupacións, aspecto que este indicador non recolle. Así, no 2021, a ganancia media dos homes nativos derivada da súa distribución por ocupacións pódese cuantificar nun 3% do salario medio da economía. É dicir, aínda que non gañasen máis que outros compañeiros/as de profesión (mulleres e inmigrantes), en media están a obter un soldo un 3% por riba do soldo medio da economía só polo mero feito de estar nas ocupacións que están (e ter pouca presenza noutras)¹⁶. Esta vantaxe salarial dos homes nativos asociada a súa distribución por ocupacións parece terse reducido lixeiramente ao longo do período, xa que en 2006 estaba ao redor do 6%.

Noutro extremo estarían as mulleres inmigrantes, para as cales os valores do indicador son negativos. As perdas destas mulleres asociadas ao tipo de ocupación que desempeñan (é dicir, tendo en conta os salarios medios que se pagan nelas) estiveron entre o 25% do salario medio da economía no ano 2006 e o 19% no 2021. Obsérvase que a distribución ocupacional dos homes inmigrantes non é tan prexudicial como a das mulleres inmigrantes dado que as perdas para eles estiveron entre o 15% do salario medio da economía ao principio do período e o 11% ao final do mesmo.

En canto ás mulleres nativas, a análise mostra que a súa distribución ocupacional é bastante neutra, nin lles da vantaxes nin desvantaxes xa que o valor do índice é próximo a cero (con pequenas perdas ao principio do período e menores ganancias ao final do mesmo).¹⁷ En calquera caso, a distribución ocupacional deste grupo parece experimentar unha lixeira melloría ao longo do período.

6 Comentarios finais

Na última década do século pasado e durante os primeiros anos do século actual, España experimentou un cambio migratorio extraordinario. Pasou de ser un país de emigrantes a converterse nun país receptor de inmigrantes, procedentes principalmente da UE (con Romanía á cabeza), de América Latina (destacando Colombia e Venezuela), así como do norte de África (sendo Marrocos o país do mundo do que

16 Aínda que por simplicidade non mostramos o gráfico aquí, a vantaxe salarial dos homes nativos cando temos en conta tanto a súa distribución ocupacional como a remuneración que teñen dentro das ocupacións en comparación a outros grupos pódese cuantificar para o ano 2021 nun 8% do salario medio da economía.

17 Se ademais tiveramos en conta a súa posición de desvantaxe salarial dentro das ocupacións en relación aos homes constataríamos que, en conxunto, teñen unha perda salarial equivalente ao 4% do salario medio da economía en 2021 (perda que é menor ca que tiñan en 2006, que era dun 9%).

procede a porcentaxe de inmigrantes mais alta)¹⁸. Isto permitiu que as taxas de inmigración en España equiparáranse ás de países como Francia, Alemaña ou Reino Unido, que tiñan unha forte tradición como receptores de inmigración, incluída a española e, en particular, a galega. Os motivos desta expansión da inmigración en España foron económicos, derivados do notable crecemento económico que o noso país experimentou neste período (o produto interior bruto creceu anualmente un 3.8% entre os anos 1998 e 2007), así como do aumento da demanda de man de obra en determinados traballos, especialmente de baixos salarios, que non eran cubertos pola man de obra nativa (Alonso-Villar e Del Río, 2013).

En particular, o crecente movemento das mulleres nativas cara o traballo remunerado, a persistente asimetría entre homes e mulleres na distribución de tarefas dentro do fogar, os insuficientes servizos públicos de coidados e a existencia dun modelo que favorece as axudas económicas para o coidado a dependentes fronte ao modelo asistencial, teñen provocado en España un incremento na mercantilización do traballo reprodutivo e de coidados en xeral. Esta demanda de servizos foi en boa parte cuberta polas mulleres inmigrantes, que teñen máis difícil acadar postos acordes coa súa cualificación e é máis probable que acepten salarios máis baixos debido a súa maior situación de vulnerabilidade. De feito, a forte chegada de inmigrantes a España estivo acompañada de incrementos nas taxas de participación laboral feminina, seguramente como resultado do aumento da oferta de servizos de coidado e domésticos a prezos accesibles para unha boa parte da poboación nativa, que máis que compensou o efecto competencia polos postos de traballo existentes.

Como se documenta na investigación de Palencia (2022), a literatura económica suxire que este mecanismo de absorción dos fluxos migratorios a través dos servizos de coidados ten operado en diferentes países desenvolvidos (Estados Unidos, Reino Unido e Italia), facilitando o crecemento da oferta de traballo das mulleres nativas con altos niveis educativos, que substitúen parte do seu traballo dentro do fogar asociado ao coidado de cativos/as por traballo remunerado. Tamén hai evidencia internacional de que parte do traballo de coidados ás persoas maiores tradicionalmente realizado polas mulleres nativas dentro dos seus fogares é trasladado á poboación inmigrante. No caso de Italia, por exemplo, isto permitiu incrementar a oferta laboral das mulleres así como retrasar a súa xubilación. No caso de España, as análises econométricas tamén mostran que a inmigración permitiu incrementar o emprego das mulleres nativas con responsabilidades familiares, en relación aos homes, vía a externalización dos coidados, así como reducir a brecha de xénero en termos de intensidade laboral (días e horas traballadas) e ingresos. A inmigración feminina pare-

18 O crecemento da poboación inmigrante en España entre finais do século XX e principios do XXI foi moito máis forte ca dos países do mundo con maior poboación migrante. Porén, os fluxos migratorios experimentaron importantes caídas coa chegada da Gran Recesión de 2008 e a forte destrución de emprego que aconteceu.

ce así complementar máis que substituír o traballo remunerado das mulleres nativas en España.

A diferenza dos resultados existentes para outros países comentados anteriormente, que centraban as vantaxes da inmigración nos efectos da mesma sobre as nativas con alto nivel educativo, en España a mercantilización do traballo doméstico parece ter sido especialmente positivo para as mulleres de baixo nivel educativo e as súas familias xa que, noutras circunstancias, estas mulleres terían visto reducida a súa oferta de traballo ao chegar á maternidade por non dispoñer de recursos económicos suficientes para privatizar os servizos de coidados (Palencia, 2022). En calquera caso, os estudos mostran que a oferta de traballo das mulleres cualificadas que teñen dependentes ao seu cargo tamén aumentou en España ao seres substituídas no traballo doméstico polas mulleres inmigrantes (Farré et al., 2011).

Pero a concentración das mulleres, e especialmente das mulleres inmigrantes, non se produce só nos traballos de coidados. Como temos mostrado neste capítulo, o fenómeno de segregación laboral por sexo e nacionalidade é máis xeral. Os homes nativos tenden a empregarse nas ocupacións mellor remuneradas, o que lles proporciona unha vantaxe salarial que nós estimamos representa un 3% do salario medio da economía en 2021, o que supón máis dun 40% da súa vantaxe salarial total (sendo o 60% restante consecuencia dos seus maiores salarios, respecto a mulleres e inmigrantes, dentro das ocupacións). Unha situación diferente é a das mulleres nativas, que están máis repartidas entre ocupacións ben remuneradas e mal pagadas, polo que a súa distribución ocupacional dálles unha ganancia próxima a cero (aínda que teñen desvantaxes salariais dentro das ocupacións). A situación é moito peor para os homes e, sobre todo, para as mulleres estranxeiras, que tenden a concentrarse nos traballos peor remunerados. As nosas estimacións suxiren que as perdas das mulleres inmigrantes derivadas da súa segregación no mercado laboral representan ao redor do 19% do salario medio da economía, e as dos homes inmigrantes sitúanse no 11%. Para os homes inmigrantes, ditas perdas explican a totalidade da súa desvantaxe salarial, mentres que para as mulleres inmigrantes a segregación explica o 76% das súas perdas salariais totais. Todo o cal amosa a importancia, en termos monetarios, da segregación ocupacional por sexo e nacionalidade no mercado laboral español.

Referencias

- Alonso-Villar, Olga e Del Río, Coral (2010). “Local versus Overall Segregation Measures”, *Mathematical Social Sciences* 60(1), 30-38.
- Alonso-Villar, Olga e Del Río, Coral (2013). “Occupational segregation in a country of recent mass immigration: evidence from Spain”, *Annals of Regional Science* 50, 109-134.
- CES (2019). *La inmigración en España: Efectos y Oportunidades*. Colección Informes 02/2019. Disponible en: <http://www.ces.es/documents/10180/5209150/Inf0219.pdf> (último acceso, xuño 2022).

CES (2020). *El sistema de promoción de la autonomía personal y atención a las personas en situación de dependencia*. Colección Informes 02/2020. Disponible en_ <http://www.ces.es/documents/10180/5226728/Inf0320.pdf> (último acceso, xuño 2022).

CES (2022). *Mujeres, trabajos y cuidados: propuestas y perspectivas de futuro*. Colección Informes 01/2022. Disponible en: <http://www.ces.es/documents/10180/5282746/Inf0122.pdf> (último acceso, xuño 2022).

Del Río, Coral e Alonso-Villar, Olga (2012). “Occupational segregation of immigrant women in Spain”, *Feminist Economics* 18(2), 91-123.

Del Río, Coral e Alonso-Villar, Olga (2015). “The Evolution of Occupational Segregation in the United States, 1940-2010: The Gains and Losses of Gender-Race/Ethnicity Groups”, *Demography* 52(3), 967-988.

Díaz Gorfinkiel, Magdalena e Martínez-Buján, Raquel (2018). “Mujeres migrantes y trabajos de cuidados: transformaciones del sector doméstico en España”, *Panorama Social* 27, 105-118.

European Commission (2018). *An analysis of Personal and Household Services to support work life balance for working parents and carers*. Publications Office of the European Union. Disponible en: <https://ec.europa.eu/social/BlobServlet?docId=20330&langId=en> (último acceso, xuño 2022).

EFSI (2018). *Statistical overview of the personal and household services in the European Union*, Disponible en: http://www.efsi-europe.eu/fileadmin/MEDIA/publications/2018/PHS_Industry_monitor_April_2018.pdf.

Farré, Lidia; González, Libertad e Ortega, Francesc (2011). “Immigration, family responsibilities and the labor supply of skilled native women”, *Journal of Economic Analysis and Policy*, 11 (1), 1-48.

Martínez-Buján, Raquel e Moré, Paloma (2021). “Migraciones, trabajo de cuidados y riesgos sociales: las contradicciones del bienestar en el contexto de la COVID-19”, *Migraciones* 53, 1-26.

Palencia, Amaia (2022). *Immigration, childcare and gender differences in the Spanish labor market*. ECINEQ (Society for the Study of Economic Inequality), Working Paper Series 2022-610.

Apéndice

Ocupacións máis feminizadas	Mulleres nativas (s/ ocupación)	Mulleres estranxeiras (s/ ocupación)	Emprego ocupación (s/total)	Homes nativos (s/grupo)	Homes estranxeiros (s/grupo)	Mulleres nativas (s/grupo)	Mulleres estranxeiras (s/grupo)	Salario hora (s/salario medio)
	Empregadas/os domésticas/os	51.5	46.2	2.0	0.0	0.5	2.6	15.8
Outras/os traballadoras/es dos coidados ás persoas	70.2	22.9	1.9	0.2	0.5	3.3	7.3	0.70
Outro persoal de limpeza	69.4	14.0	3.4	0.9	1.8	5.8	8.1	0.68
Traballadoras/es dos coidados ás persoas en servizos de saúde	73.9	6.5	2.4	0.9	0.4	4.4	2.7	0.80
Caixeiros/os e vendedoras de billetes	74.1	5.7	0.8	0.3	0.2	1.5	0.8	0.75
Empregadas/os administrativas/os con tarefas de atención ao público non clasificadas/os baixo outros epígrafes	73.8	3.8	2.9	1.3	0.4	5.4	1.9	0.83
Outras/os empregadas/os administrativas/os sen tarefas de atención ao público	69.0	5.5	2.7	1.4	0.3	4.6	2.5	0.87

Profesionais de apoio á xestión administrativa; técnicas/os das forzas e corpos de seguridade	67.2	3.5	1.6	1.0	0.2	2.7	1.0	1.14
Profesionais da saúde	67.2	3.2	4.0	2.3	1.9	6.7	2.2	1.69
Outras/os profesionais do ensino	63.8	6.3	1.3	0.7	1.0	2.0	1.4	1.09
Profesionais en ciencias sociais	66.7	3.0	1.1	0.7	0.1	1.8	0.6	1.14
Técnicos sanitarios e profesionais das terapias alternativas	66.5	2.9	0.8	0.5	0.3	1.3	0.4	0.91
Dependentes en tendas e almacéns	61.8	7.2	4.2	2.5	2.3	6.5	5.2	0.72
Profesionais do ensino infantil, primaria, secundaria e post-secundaria	66.8	1.8	4.8	3.1	0.3	7.9	1.5	1.44
Empregadas/os de axencias de viaxes, recepcionistas e telefonistas	57.9	10.2	1.8	1.1	0.8	2.5	3.1	0.80
Axudantes de preparación de alimentos	49.1	17.2	0.7	0.3	1.4	0.9	2.1	0.69

Traballadoras/es dos servizos persoais	57.2	8.2	2.3	1.4	1.9	3.3	3.2	0.75
Occupacións máis masculinizadas								
	Homes nativos (s/ocupación)	Homes estranxeiros (s/ocupación)	Emprego ocupación (s/total)	Homes nativos (s/grupo)	Homes estranxeiros (s/grupo)	Mulleres nativas (s/grupo)	Mulleres estranxeiras (s/grupo)	Salario hora (s/salario medio)
Traballadores/as en obras estruturais de construción e afíns	75.2	23.9	3.1	4.9	11.7	0.1	0.0	0.82
Mecánicos/as e axustadores/as de maquinaria	93.3	5.6	1.6	3.1	1.4	0.0	0.1	1.00
Traballadores/as especializados/as en electricidade y electrotecnoloxía	88.4	9.9	1.7	3.1	2.6	0.1	0.1	0.97
Soldadores/as, chapistas, montadores/as de estruturas metálicas, ferreiros/as, elaboradores/as de ferramentas e afíns	88.3	9.7	1.3	2.5	2.1	0.1	0.0	1.00
Traballadores/as de acabado de construcións e instalacións (excepto electricistas), pintores/as e afíns	84.5	12.7	1.5	2.6	2.9	0.1	0.1	0.80
Peóns da construción e da minería	67.0	29.7	0.7	0.9	3.2	0.1	0.0	0.75
Maquinistas de locomotoras, operadores de maquinaria agrícola e de equipos pesados, e marifeiros/as	88.8	7.7	1.1	2.1	1.4	0.1	0.0	1.03

Condutores/as de vehículos para o transporte urbano ou por estrada	84.3	11.0	3.7	6.6	6.5	0.3	0.7	0.81
Supervisores/as en enxeñaría de minas, industrias manufactureras e construción	85.1	3.9	0.7	1.2	0.4	0.2	0.1	1.43
Traballadores/as dos servizos de protección e seguridade	83.2	3.0	2.3	4.0	1.1	0.8	0.2	1.11
Traballadores/as cualificados en actividades forestais, pesqueiras e cinxéticas	79.7	4.5	0.2	0.3	0.1	0.1	0.1	1.03
Traballadores/as cualificados en act agrícolas	72.0	12.3	1.5	2.2	2.9	0.5	0.4	0.88
Técnicos/as das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC)	79.9	4.1	1.7	2.8	1.1	0.6	0.5	1.08
Peóns do transporte, descargadores/as e repoñedores/as	62.1	15.4	1.6	2.1	3.9	0.7	1.4	0.71
Montadores/as e ensambladores/as en fábricas	68.2	8.3	0.8	1.1	1.0	0.4	0.2	1.06
Profesionais das tecnoloxías da información	71.9	3.5	0.9	1.4	0.5	0.5	0.6	1.48
Técnicos/as das ciencias e enxeñarías	72.1	2.9	1.7	2.5	0.7	1.0	0.4	1.20
Recolledores/as de residuos urbanos, vendedores/as pola rúa e outras ocupacións afíns	62.4	12.1	0.8	1.1	1.6	0.5	0.2	0.83
Peóns agrarios, forestais e da pesca	38.7	34.2	1.9	1.5	10.2	0.7	3.6	0.68

Táboa 1. Porcentaxe de mulleres e homes (por nacionalidade) nas ocupacións máis feminizadas/masculinizadas e salarios, España 2021
 Fonte: Elaboración propia a partir de EPA e a EES.

Capítulo 05

As cadeas globais dos coidados. O patriarcado alén das fronteiras

109

Iria Vázquez Silva¹ e Sabela Pérez-Martín²

To survive the Borderlands
you must live *sin fronteras*,
be a crossroads

Gloria Anzaldúa

1 Do traballo doméstico á sostibilidade da vida

O carácter absolutamente necesario do traballo de coidado para a sostibilidade da vida humana non pareceu ser suficiente para convertelo, como se merece, en obxecto de reflexión e incluílo na axenda política (e académica) durante moito tempo. Este non é un feito casual. Probablemente débese á insistencia dos homes de preservar o poder sobre nós, as mulleres, a través da división sexual do traballo. Este reparto diferenciado de tarefas garante que a labor de coidados se siga prestando por parte das mulleres; de modo que os principais beneficiarios deses coidados (os varóns, as empresas e os estados) obviaron e continúan a obviar, o traballo de coidados.

En moitas sociedades, o concepto de cidadanía segue vinculado a unha noción de individuo autónomo, autosuficiente, ligado á posesión de propiedades e outros recursos materiais que debe sustentar economicamente a todas as persoas da familia “dependentes”. Esta idea de cidadanía implica unha visión moi limitada dos seres humanos como individuos produtivos e racionais e unha idea moi nesgada sobre os conceptos opostos de autonomía-dependencia, obviando que a dependencia é algo

1 Profesora de Socioloxía, Universidade de Vigo. Grupo de estudos en Traballo Social: investigación e transferencia (GETS-IT), UVigo.

2 Investigadora na área de Traballo Social. Grupo de estudos en Traballo Social: investigación e transferencia (GETS-IT), UVigo.

inherente á condición humana e que a vulnerabilidade non é algo excepcional ou limitada a determinadas épocas da vida (Vázquez e Mayobre, 2012).

110 A partires da segunda onda do movemento feminista, o debate sobre o traballo doméstico e de coidados comezou a multiplicarse. A finais dos anos 60 o persoal tórnanse político, e as relacións de poder que anteriormente se consideraban relegadas á intimidade da parella, comezan a ser analizadas desde o enfoque de xénero. Xírase a ollada para analizar o que acontece dentro da "caixa negra" dos fogares, onde as mulleres se ocupan case en exclusiva de todo o traballo. Ao longo dos anos 70 iníciase un grande debate sobre conceptos como o "traballo doméstico", a "división sexual do traballo no fogar" e o "traballo reprodutivo", entre outros. Nesta década examínase a fondo como o capitalismo e o patriarcado sacan rédito deste traballo gratuíto que levan a cabo as mulleres dentro dos fogares. Despois de poñer sobre a mesa esta cuestión e de ríos de tinta, chegamos á primeira década do ano 2000 onde comezamos a loitar por visibilizar a "sostibilidade da vida" (Pérez-Orozco, 2011, unha autora clarificadora), como un dos novos conceptos centrais no debate sobre o traballo dos coidados.

Desde a antropoloxía e a economía feminista fíxose un esforzo moi grande por identificar e comprender os vínculos entre a feminización dos coidados e a súa desvalorización dentro do sistema patriarcal e capitalista. Tanto se os coidados son remunerados (as empregadas do fogar, a axuda a domicilio, traballadoras de residencias, de escolas infantís, etc.) como se non son remunerados (dentro da familia, das asociacións, etc.), existen dous elementos comúns: son menosprezados económica e socialmente, ao tempo que son realizados, na súa maioría, por mulleres. De feito, como sinala a economista Cristina Carrasco, e aquí a clave do asunto: son desvalorizados porque son desenvolvidos principalmente por mulleres.

A pesares dos esforzos, a día de hoxe, esa visibilidade económica, académica e política dos coidados segue a ser insuficiente. A sostibilidade da vida (tamén en termos ecolóxicos) debería ser o tema central na axenda pública; pero non o é. Este desleixe das institucións acrecentouse coa recensión económica de 2008 que supuxo un estrangulamento dos estados de benestar europeos que foron na dirección oposta á sostibilidade da vida... Como sinala a investigadora Antía Pérez-Caramés (2011), a crise de 2008 afectou máis ás condicións de vida das mulleres, non só porque se viron máis prexudicadas polos recortes en dereitos sociais ao ser a quen se lles asigna socialmente a responsabilidade dos coidados nas familias; senón tamén porque sabemos que tralas crises, a recuperación do emprego masculino acaba por ser máis rápida que a do feminino. Ademais de que coas recesións se produce un retroceso nos avances en materia de política de igualdade.

Certamente, a pandemia mundial, o confinamento, a supresión da actividade nos centros educativos, os peches dos centros de día etc. impuxo unha realidade, a dos

coidados, sacando a luz a existencia dunha crise de reprodución de escala planetaria, da que os estudos feministas xa viñan alertando décadas atrás (Pérez-Caramés, 2021). A partires desta pandemia comezouse a falar dos traballos “esenciais” na nosa sociedade, incluíndo ao traballo doméstico e de coidados, aprobándose o subsidio extraordinario para empregadas do fogar (que cubriu unicamente ás persoas dadas de altas no sistema especial de empregadas do fogar)³. A pandemia, nos seus inicios, ao longo do ano 2020, foi un momento de “certa” visibilidade da “sostibilidade da vida”. Porén, a día de hoxe, o traballo doméstico e de coidados no estado español segue indo parello á precariedade, temporalidade, inseguridade ou discriminación, sendo un dos empregos peor tratados respecto á súa remuneración, ás condicións de traballo e aos dereitos laborais básicos.

2 A cegueira de xénero (e dos coidados) nas migracións

Neste capítulo temos o obxectivo de abordar os coidados que, durante moitas décadas, estiveron invisibilizados (por causa de dobres ou triplas omisións): aqueles coidados que traspasan as fronteiras, é dicir, os coidados que xorden e se xestionan ao longo dos procesos migratorios.

Primeiramente, é importante explicar por que este tipo de coidados a través das fronteiras quedaron na sombra durante décadas, comezando a falarse deles só a partir da década dos 90. Podemos facer mención a diversas causas, e todas elas se entrecruzan co nesgo patriarcal existente (tamén) nas ciencias sociais e no estudo das migracións. Por unha banda, as mulleres até a segunda metade do s. XX apenas eran incluídas como suxeitos na emigración, xa que estaban consideradas a miúdo como “meras acompañantes dos seus maridos”, verdadeiros migrantes que se sacrificaban pola familia. Na década dos 80, comeza xa a falarse das mulleres inmigrantes e o seu papel clave como suxeitos nas migracións. Na seguinte década, concretamente en 1994, a brillante socióloga Hondagneu-Sotelo foi máis alá, e non se limitou a mostrar a presenza das mulleres inmigrantes, senón que considerou que o xénero debía de ser contemplado como unha variable para comprender as migracións e as relacións de poder nos procesos migratorios, polo que resulta imprescindible avaliar o impacto das migracións desde unha perspectiva de xénero.

Ademais, a esta omisión hai que sumarlle unha variable máis: até a década dos 90 a análise do traballo doméstico e de coidados estaba ausente nos estudos migratorios, xa que principalmente se investigaba a emigración da man de obra duns países cara outros. Como é habitual, a cegueira de xénero ocultaba os coidados e a xestión dos mesmos nas migracións. En definitiva, até ben recentemente, non só se lle res-

³ Pódese consultar no Real Decreto-lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte a Covid-19.

tou importancia á participación das mulleres nas migracións en tanto traballadoras cos seus proxectos propios, senón que tamén se agochou a transcendencia social e económica do traballo reprodutivo, deixando fóra da análise os significados e diferenciacións de xénero e parentesco que son centrais na división do traballo e porén na composición das migracións (Gregorio, 2009).

Podemos concluír que os estudos migratorios teñen moito que agradecer aos estudos feministas, dos que tomaron “prestados” conceptos chave para comprender dun xeito máis certo estes procesos, como: a) A reflexión sobre a invisibilidade das mulleres. b) A aplicación da variable de xénero como fundamental nas migracións; c) A distinción entre produción e reprodución, tamén para comprender os procesos migratorios.

3 Como se forman as cadeas globais dos coidados?

Xa se mencionou noutros capítulos anteriores, que o estado español, como outros países mediterráneos, caracterízase por seren un estado de benestar “familista” dado que, as familias (mellor dito, as mulleres dentro desas familias) constitúen un elemento característico na xestión dos coidados. Pero, a gran demanda de coidados dentro dos fogares, a falla de co-responsabilidade por parte dos varóns, unhas políticas públicas insuficientes e as longas e ríxidas xornadas laborais debuxaron neses países mediterráneos, unha paisaxe dificilmente sostible a finais do século XX.

Hai que lembrar que na nosa contorna continúa habendo unha grande desigualdade no reparto do traballo doméstico entre os membros da familia. Ademais, o sistema de cobertura social dos coidados no contexto español é nimio, ao que hai que sumarlle unhas longas xornadas laborais, que fan que a ecuación do tempo continúe sen saír. É neste momento cando se acode de xeito xeneralizado á contratación de traballadoras que se dedican ás tarefas domésticas e ao coidado de persoas no fogar. De feito, este desaguizado acaba facendo un emerxer un concepto: “a crise dos coidados”, como unha das crises ás que nos temos que enfrontar como sociedade, e que nos obrigará (antes ou despois) a reconsiderar a economía poñendo a vida no centro (Pérez-Orozco, 2006).

Esta crise dos coidados implicou a externalización e mercantilización dun traballo que durante toda a historia desenvolveron exclusivamente as mulleres da familia. Esta externalización está fortemente vinculada co ascenso da feminización das migracións a finais do século pasado cara España e outros países europeos. Por todos estes motivos, desde a década dos 90, moitas mulleres inmigrantes se insiren no servizo doméstico e de coidados, un sector especialmente precarizado, onde a economía somerxida continúa tendo protagonismo, polo que o sistema non lles garante a cobertura de prestacións sociais públicas. Son sobre todo mulleres procedentes de Latinoamérica que como Sònia Parella (2004) caracterizou dun xeito certo sofren

unha “tripla discriminación” como mulleres, migrantes e traballadoras. Segundo estimacións da Organización Internacional do Traballo (OIT, 2021), en España ao redor dun terzo das preto de 700.000 persoas empregadas do fogar seguen estando sen contrato nin afiliación á seguridade social. A confluencia das leis de estranxeiría e as leis de emprego doméstico conducen a desenvolver un sector ocupacional certamente oculto, que se realiza a miúdo en condicións de irregularidade administrativa e de informalidade laboral.

No contexto do estado español, os datos aportados neste libro por Olga Alonso-Villar e Coral del Río manifestan a grande presenza de mulleres estranxeiras no eido do traballo doméstico e dos coidados: segundo os datos da EPA (II trimestre, 2021, INE), de todas as mulleres inmigrantes ocupadas en España, un 23,1% delas o están nestes dous sectores. Tamén está documentada a preferencia das familias españolas polas coidadoras latinoamericanas, consideradas máis “cariñosas” e “pacientes”, ademais de que estas mulleres encaixan coa imaxe poscolonial de traballadoras ideais onde se valora positivamente que sexan de relixión católica e falen español (Martínez-Buján, 2010).

Ademais do valor cuantitativo, neste capítulo queremos atender tamén á dimensión cualitativa que vencella ás persoas que coidan e ás que son coidadas, tanto desde unha perspectiva de xénero, como de clase social, orixe ou etnicidade. É neste punto onde irrompe a teoría das cadeas globais de coidado. Non se trata só de comprender e cuantificar este traballo de coidados nos países de destino, senón de comprender o que queda atrás, os “baleiros” de coidados que quedan tamén nos fogares de orixe.

Entón, como se conforman esas cadeas globais de coidado? Por que se comezou a falar da internacionalización da reprodución? Todas escoitamos falar da internacionalización da produción (ou globalización), aínda que matizada hoxe por crises varias (pandemia, crise climática, enerxética...). Pois ao mesmo tempo que se ía desenvolvendo este proceso globalizador na produción, dun xeito paralelo, se comezou a debater sobre uns servizos que é difícil que se realicen *in situ* nos países empobrecidos: os servizos domésticos e de coidados que, como dixemos anteriormente, a partir de finais do século XX comezan a ser un nicho laboral prioritario de moitas mulleres inmigrantes. É dicir, esta demanda inscíbese no proceso de transferencia internacional do traballo reprodutivo, paralelo á globalización da produción que se desenvolve no mundo. Moitas mulleres do sur global migran cara Europa para traballar nos espazos nos que está naturalizada unha suposta capacidade inherente ás mulleres: o traballo de coidados e do sostemento do fogar.

A partires deste fenómeno comeza a falarse das “cadeas globais de coidado”, que se poderían definir como unha serie de lazos persoais ao longo do mundo baseados no traballo de coidado pago ou non pago, onde cada persoa traballadora de coidado depende doutra traballadora de coidado (Zimmerman et al., 2006). Diferentes estudos

de caso, como veremos máis adiante, teñen analizado este fenómeno en diferentes contextos xeográficos, sendo unánimes en canto aos trazos principais das persoas que compoñen cada un dos chanzos: estas son maioritariamente, mulleres.

- 114 Noutras palabras, se por unha banda, son as mulleres máis pobres (e inmigrantes) as que coidan ás crianzas (ou outras persoas dependentes) das familias de clase media do país de destino, son mulleres aínda máis pobres- ou máis vellas ou máis rurais- as que coidan das súas crianzas (ou outras persoas dependentes) no país de orixe. É dicir, é unha especie de “fuga de coidados” desde estes países cara os de destino. Podemos visualizar a metáfora dunha cadea na que se vai transvasando a desigualdade de xénero de país en país, e que se ve determinada, ao mesmo tempo, polo sistema do capitalismo global, o sistema patriarcal do país de orixe e o sistema patriarcal do país de acollida (Hochschild, 2001). En definitiva, existen dous sistemas de opresión, o patriarcado e o capitalismo colonial que se entrecruzan demandando “coidadoras” que emigran dun continente a outro, deixando atrás a outras persoas que antes coidaban (crianzas, pais maiores, etc.), unhas necesidades de coidados que serán cubertas por outras mulleres, aínda máis precarias, nos seus países de orixe.

Esta análise está atravesada polo marco da “interseccionalidade”, unha corrente nacida na década dos 80, inspirada no feminismo negro da man de autoras como Angela Davis (1981) ou Kimberlé Crenshaw (1989), que comezaron a vincular a explotación da clase social coa racial e de xénero. Este enfoque, enriquecido tamén polo feminismo latinoamericano e árabe, axudounos a comprender a esfera do “feminino” como unha categoría internamente fragmentada pola clase social, a procedencia, as características étnicas, a idade, a relixión ou a orientación sexual... Moitas destas condicións son variables clave para comprender por que son determinadas persoas (mulleres, migrantes etnificadas, moitas latinoamericanas, algunhas en situación administrativa irregular), as que teñen máis papeletas para traballar nun sector, o doméstico e de coidados, que a pesares de ser “esencial” segue a ser subestimado económica e socialmente. Grazas a este “xiro interseccional” ficou claro que non podemos examinar o poder do patriarcado sen examinar como se entrecruza (e multiplica o seu poder) xunto a outros sistemas de opresión. As experiencias específicas das mulleres se ven condicionadas por outros factores, como a raza/etnicidade, a procedencia ou a clase social. Esta nova mirada interseccional máis ampla e profunda, ensinounos a entender que xa non ten sentido falar da liberación ou do empoderamento individual, de cada quen, na súa casa, no seu traballo, dentro da súa parella... senón que o empoderamento feminista só poderá ser colectivo; o marco da imaxe xa non volveu ser o mesmo.

En definitiva, a ollada interseccional obríganos a pensar a realidade desde outro prisma, onde as categorías identitarias se entrecruzan, situando a determinadas mulleres en determinados nichos laborais. Por este feito, é urxente adoptar unha pers-

pectiva decolonial feminista para denunciar a conexión existente entre as opresións patriarcais, capitalistas e racistas que median na economía dos coidados e que afectan as mulleres máis vulnerábeis (Aguirre e Ranea, 2020).

Desde esta nova perspectiva, unha achega indiscutible da teoría global dos coidados consiste en mostrar as consecuencias da emigración, incluíndo o impacto causado entre as persoas que se quedan nos fogares de orixe das persoas migrantes. Esta teoría da cadea global dos coidados pon de manifesto dun xeito certo que a análise acerca de como se xestiona o traballo de coidados nas migracións non pode limitarse só ás mulleres inmigrantes, senón que é necesaria a incorporación das persoas que se quedan no país de orixe. O fío da emigración lévanos de novo a ollar cara o país de orixe. Así, coidar a través das fronteiras, ou os chamados “coidados transnacionais”, comezaron a ocupar estudos e debates desde finais do século XX. O termo “transnacionalidade” comezou a empregarse nesta época para poñer o acento sobre a formación e articulación de relacións e comunidades a través das fronteiras. Fálase entón de “familias transnacionais” cando os seus membros viven repartidos en nacións distintas, pero manteñen a unidade emocional, económica e de axuda suficiente para definirse a si mesmos como familia. Porén, ao igual que ocorre co resto dos tipos de familias, nas familias transnacionais, “hai poder por debaixo da mesa”: é dicir, a xeración, o xénero, o teu rol de parentesco... inflúe no teu grao de oportunidades e se xeran tensións, coalicións, etc... que, como veremos, tamén cruzan as fronteiras.

4 Mulleres coidando ao redor do mundo: se as mulleres paramos...

As primeiras análises sobre as cadeas globais de coidados centráronse nas “maternidades transnacionais”, é dicir, a xestión da maternidade alén das fronteiras. O artigo “I’m here, but I’m there” de Hondagneu-Sotelo e Avila (1997), foi pioneiro ao popularizar este termo de maternidade transnacional. Este estudo mostra a forte moral social castigadora que recae sobre as nais latinoamericanas migrantes nos Estados Unidos, sendo habitual o sentimento de culpabilidade ou tristeza por ter que separarse das súas crianzas como consecuencia do proceso migratorio. Outros estudos van na mesma liña, como o de Salazar (2001) sobre as nais migrantes filipinas en Italia, mostrando tamén a dor e sanción social que sofren estas nais transnacionais. Tamén no seu rol de nais, no contexto español, tivo moita difusión a publicación “Educar desde el locutorio” (2008) que aporta unha reflexión sobre como manter vínculos positivos coas túas crianzas a través das fronteiras e do teléfono. Esta primeira vaga académica centrouse na análise dos costes emocionais que supón a maternidade transnacional para as mulleres migrantes, así como nas consecuencias que ten para as súas crianzas, subliñando a experiencia traumática para ambas partes.

Algúns destes estudos destacan a asiduidade coa que as nais migrantes e as súas crianzas se atopan separadas polas fronteiras. Por exemplo, o 40% das mulleres latinoamericanas entrevistadas por Hondagneu-Sotelo nos Ánxeles tiñan algunha filla ou fillo no seu país de orixe. Moitas destas investigacións conclúen que o principal motivo e xustificación da migración destas mulleres é o benestar e o futuro das súas crianzas, que son as principais beneficiarias económicas das ganancias das súas nais (Lamela et al., 2009).

Un dos encontros comúns na maioría destas investigacións sobre a maternidade transnacional é que a maternidade é o resultado dunha construción social e cultural temporalmente situada (nun contexto específico). Pero unha vez admitido isto, se manteñen dentro do esquema familiar onde a responsabilidade como coidadora principal das crianzas recae sobre a nai biolóxica. Por este motivo, é preciso destacar o insistente esforzo que desde unha perspectiva feminista interseccional se ten realizado precisamente á hora de visibilizar a diversidade de experiencias maternais en función de diferentes variables, como a clase social, a cultura, a etnia ou o tipo de estrutura familiar (Hill, 1994). Neste senso, a antropoloxía feminista segue tratando de “des-esencializar” o suposto vínculo universal entre nai e fillo/a, mostrando as múltiples formas nas que se expresan as prácticas maternais e o amor maternal. Non resulta trivial lembrar que o discurso social en torno ao deber moral de comportarse como unha “boa nai” parece que estivo (e segue estando) moi estendido, a pesares de que na práctica só unha minoría cumpre ese rol maternal intensivo e exclusivo.

E que é da paternidade “transnacional”? Pois tamén se falou dela, pero en moita menor medida. A maioría dos estudos pioneiros neste eido analizaron a paternidade transnacional de latinos nos Estados Unidos. Por exemplo, Jason Pribilsky (2004) estuda a paternidade transnacional dos ecuatorianos en Nova York. A súa análise evidencia que a moral social castigadora recae máis sobre as nais, xa que a emigración dos pais supón, en moitos casos, unha continuación do seu papel de absentismo.

Podemos concluír que é unha evidencia que a maternidade (e en menor medida a paternidade) transnacional foron as experiencias de coidado transnacional máis estudadas. Agora ben, as mulleres inmigrantes non deben ser reducidas ao seu rol de nais (nin existe un xeito universal de matemar). Moitas delas non son nais, e moitas outras solapan este rol de coidado con moitos outros. Así, por exemplo, estudos posteriores afondaron no traballo de coidado que reciben as persoas maiores que quedan nos países de orixe. Estas investigacións centráronse en analizar os sentimentos de solidariedade, obriga e reciprocidade que rodean o coidado transnacional e na organización dos coidados cara á proxenitura anciá a través das fronteiras, prestados por colectivos migrantes ao redor do mundo (Baldassar et al., 2007). Pero, as persoas maiores non son unicamente receptoras de coidados, senón que, noutro tamén foron provedoras dos mesmos. Diferentes traballos de campo analizaron ás “avoas transnacionais” ou “avoas da emigración” como son nomeadas as avoas

mexicanas que emigran aos Estados Unidos (Díaz e Da Gloria, 2017). Moitas avoas coidaban ás súas netas e netos en México mentres as súas nais e pais residían nos Estados Unidos; pero cando se comezaron a dar reagrupacións familiares, moitas avoas emigraron xunto ás crianzas para seguir coidándoas na emigración, e algunhas delas se dedicaron na súa vellez a ir e vir de México a Estados Unidos presentando unha “circularidade migratoria” e de coidados.

Na maioría destas investigacións que fomos recollendo distínguense dous tipos de traballo de coidados, empregando os conceptos en inglés *caring about* e *caring for*. Así, o coidado transnacional exerceuse no senso de *caring about*, termo que poderíamos traducir como un coidado no senso de disposición ou preocupación sobre outras persoas, e que neste caso se materializa a través de chamadas, *whatsapp*, correos electrónicos, etc. cara a familia de orixe. Mentres que o traballo de coidado en senso de *caring for*, que se refire a coidar a alguén, nun senso máis material, incluíndo a provisión diaria de benestar físico e emocional, se pon en práctica nas visitas das persoas inmigrantes por vacacións ou estadias máis longas as súas familias de orixe. Este feito mostra a complexidade do concepto de “coidar” que nos desvela tanto a unha dimensión “material”, corporal, xa que coidar implica atender ao corpo e as súas necesidades fisiolóxicas; como “inmaterial”, afectivo-relacional, relativa ao benestar emocional que proporcionan eses coidados ás persoas que os reciben.

En calquera caso, recentes estudos poñen o acento no feito de que os coidados non son lineais; é dicir, a vida vai transcorrendo e podes pasar períodos como persoa coidadora ou coidada, tanto en orixe como en destino... Un bo exemplo é o que mostran Evergeti e Ryan (2011) na análise familiar dunha enfermeira irlandesa residente en Reino Unido; desde que esta inmigrante ten fillas, a súa nai e a súa sogra viaxan temporalmente a Reino Unido para axudala no coidado das súas crianzas. Despois duns anos, esta inmigrante terá que acoller a súa nai anciá para coidala en Reino Unido. Este exemplo pon de manifesto o flexible que pode ser a xestión do traballo de coidados nunha familia transnacional: as persoas coidadoras pasan a ser, en pouco tempo, persoas receptoras de coidados, cruzando as fronteiras, neste caso, para poder levar a cabo ambos obxectivos.

O certo é que a dependencia dos seres humanos non é algo específico de determinados grupos de poboación (crianzas, anciás, etc.) senón que é a representación da nosa vulnerabilidade, é unha característica universal: todas e todos somos dependentes e necesitamos coidados, nunhas etapas da vida temos máis dependencias biolóxicas, noutras máis emocionais, etc. (Carrasco, 2009). Se lle deramos peso a este feito, o traballo dos coidados revalorizaríase e tornaría como o que é, a esencia da vida.

5 Os coidados transnacionais en Senegal. Quen está ao final da cadea?

118 Para exemplificar a diversidade de contextos onde se dan as cadeas globais de coidado, imos expor aquí a situación da emigración senegalesa en Galicia e o encaixe desta cadea. A través dun traballo de campo lonxitudinal de máis de seis anos, realizouse unha análise de 14 familias transnacionais, entrevistando por unha banda aos/as migrantes senegalesas residentes en Galicia e, posteriormente a diferentes membros da súa familia en Senegal⁴, sobre todo nais, cónxuxes, irmáns/ás e nalgún caso tías ou sobriñas. Entrevistouse en total a trinta inmigrantes residentes en Galicia e dezanove persoas da familia en Senegal⁵.

En primeiro lugar, imos contextualizar brevemente como se organizan os coidados en Senegal. A maioría das familias son extensas (conviven tres xeracións en cada casa) e o número medio de persoas por fogar, segundo o censo senegalés, é de 8,7 persoas (ANSD, 2019). O máis habitual é a residencia patrilocal; é dicir, as mulleres senegalesas, unha vez casan, trasládanse a vivir ao fogar familiar do seu marido, deixando atrás as súas familias de orixe. Na sociedade senegalesa o traballo de coidados é realizado polas mulleres que residen do fogar, aínda que funciona certa xerarquía na que son as mulleres novas (fillas, noras, etc.) as que realizan os traballos máis pesados e coidan aos membros maiores da casa. As mulleres da familia posúen un sistema de quendas, polo cal se van repartindo o traballo reprodutivo. Ás veces tamén se lles paga a outras mulleres (*les bonnes*) para realizar certas tarefas como a cociña ou o lavado da roupa (que é a man). En xeral, estas familias extensas funcionan dun modo estruturado e por quendas, na que as propias mulleres desenvolveron estratexias para facer máis soportable dito traballo. Nestas familias, o poder de recibir atención e coidados, vén fundamentalmente da man da idade e da posición como nai de fillos varóns. Todo este traballo reprodutivo é central nunha sociedade na que non existe estado de benestar nin protección social na enfermidade ou na vellez. A pesares de que este traballo é imprescindible para a supervivencia das familias extensas, tamén se atopa totalmente desvalorizado en Senegal.

Esta forma de organización na maioría das familias e o seu específico sistema de coidados resultan cruciais para comprender a maternidade e a maternaxe en Senegal⁶; e partindo dese fenómeno, podemos afondar no tipo de maternidade transnacional levada a cabo polas migrantes senegalesas.

4 Entrevistamos en Senegal a aquelas persoas definidas polas propias participantes como a súa "familia"; sen partir de definicións previas, senón deixando que as propias persoas seleccionaran ás persoas "familiares" no país de orixe.

5 Pódese consultar en detalle a metodoloxía empregada na tese de doutoramento de Iria Vázquez Silva (2014).

6 Facilitará a nosa análise a distinción conceptual entre a maternidade biolóxica e a maternaxe, concepto que fai referencia a quen debe dar os coidados ás crianzas (Juliano, 2007).

Por unha banda, para as mulleres migrantes senegalesas que adoitan partir de fogares extensos e patrilocais, máis que falar dunha transferencia directa de traballo de coidados dunha muller a outra muller, teríamos que falar dunha transferencia de traballo desde unha muller a un grupo de mulleres. Porén, non é só o volume de mulleres que residen neste tipo de fogares o que facilita esa delegación de traballo, senón que a singularidade da familia extensa senegalesa, se atopa no seu peculiar sistema de quendas á hora de compartir o traballo de coidados. É esta a variable máis relevante para comprender como se desenvolve por exemplo a maternidade “libre de culpas” das senegalesas. Dita maternidade transnacional se ve favorecida (comparando con outros casos vistos anteriormente) polo feito de que ser nai e emigrar non entra en conflito, de modo xeral, coa concepción de maternidade manexada tanto polas propias nais como polo seu contexto social. Este feito supón unha excepcionalidade con respecto á maioría da literatura precedente. Contrariamente, nas culturas onde a familia nuclear é predominante, se exerce presión dun xeito moi particular sobre as nais emigrantes, poñéndoas entre a espada e a parede en contextos nos que o discurso e as expectativas sociais sobre a maternidade intensiva facían especialmente dura a experiencia da maternidade transnacional.

Ademais da maternidade transnacional, as migrantes senegalesas tamén desenvolven coidados transnacionais cara os seus sogros, e sobre todo, cara as súas sogras⁷. Como xa comentamos, os fogares patrilocais e as normas culturais en Senegal, fan que as noras asuman os coidados dos sogros, uns coidados que continúan, a pesares de que estas mulleres emigran. Así, as chamadas, o envío de agasallos e as viaxes a Senegal se enferman as súas sogras e sogros son prácticas habituais destas mulleres, que temos denominado as “noras transnacionais”.

Ao longo deste epígrafe fomos relatando como a estrutura extensa “reparte” os custos do traballo de coidados; pero o patriarcado segue operando, xa que seguen sendo mulleres as principais responsables dos coidados, tanto no país de orixe como no de destino.

E quen son os últimos elos desta cadea? Son *les bonnes*, mulleres moi novas, que traballan como internas nas casas, e moitas delas son protagonistas, a súa vez, dunhas migracións rural-urbanas. É moi habitual que as familias senegalesas contraten a estas mulleres internas, xa que a metade das familias entrevistadas na investigación desenvolvida, contaban con estas empregadas domésticas. Na maioría dos casos, *le bonne* é contratada xa antes de que se produza a emigración da muller da familia; porén, unha vez que emigra a “muller da casa”, recae sobre *le bonne* unha maior carga de traballo e responsabilidade, sobre todo, con respecto ao coidado das

7 En Senegal as mulleres casan máis novas (21,2 anos) que os homes (28 anos), ao que se suma tamén unha maior esperanza de vida das mulleres que dos homes. Polo tanto, nos fogares é máis habitual a existencia de sogras maiores viúvas ante a morte máis temperá dos sogros.

crianzas e das persoas maiores que quedan no fogar en Senegal (as denominadas *left behind*, é dicir, "as que quedan", na literatura migratoria).

120 As investigacións sobre cadeas de coidados coinciden en destacar que, nos países de orixe, os últimos elos da cadea son ocupados por mulleres que ocupan os últimos postos da pirámide social: isto é, son as máis novas, ou as máis pobres, ou as máis rurais, etc. Esta degradación xerárquica da cadea global dos coidados resulta especialmente evidente no caso destas mulleres internas en Senegal. No traballo de campo realizado neste país se puido detectar que son mulleres moi novas, de trece ou catorce anos, procedentes de diferentes zonas do rural senegalés, de zonas marxinais de Dakar ou de determinados países fronteirizos (como Guinea), sen recursos e a miúdo analfabetas. Tradicionalmente moitas destas traballadoras eran de etnia sereer e diola, xa que supostamente había certa preferencia por estas etnias para realizar estes traballos; aínda que na actualidade non semella que exista esta predilección tan clara como décadas atrás. Por outra banda, é común que estas mulleres procedan de familias monomarentais; de feito, en varios dos casos analizados, é a viuvez das súas nais o que motiva que estas rapazas teñan que deixar os estudos primarios para comezar a contribuír economicamente ao fogar familiar.

O certo é que, a partires da morte dos seus pais, moitas destas rapazas se ven empurradas ao traballo doméstico, onde ademais adoitan ser internas, comendo e durmindo onde traballan, aliviando polo tanto o presuposto familiar neste senso. Estas mozas reciben uns soldos moi baixos pola realización do seu traballo, que pode variar entre 5.000 CFA por mes (menos de dez euros) para as máis novas que se ocupan das crianzas, e un 40.000 CFA por mes para as mulleres máis experimentadas que se ocupan de todo o traballo reprodutivo (a cociña, a limpeza, lavar a roupa, as crianzas, os/as maiores, etc.). O traballo doméstico en Senegal caracterízase por unhas condicións de traballo especialmente precarias e informais, debido en parte a súa forte depreciación e por estar totalmente feminizado; o que, obviamente, non é un feito casual.

A miúdo, a contía exacta dos salarios percibidos depende do humor da persoa empregadora, polo que está suxeito a moitas variacións. Nesta liña, Fatou Bintou Yaffa (da Confédération Nationale de Travailleurs du Sénégal – CNTS, Visión Sindical, 2009) sinala que o traballo destas empregadas domésticas non está recoñecido polos lexisladores, o cal abre a porta a todo tipo de abusos. Este baleiro xurídico, unido a carencia de vontade política e de datos estatísticos que avalen e describan a situación que viven estas mulleres traballadoras, dificulta a protección dos seus dereitos. Tristemente, esta realidade é compartida por moitas empregadas domésticas no mundo. De acordo coa Organización Internacional do Traballo (OIT), das 75,6 millóns de persoas traballadoras domésticas en todo o mundo, ao redor do 81% teñen un emprego informal; noutras palabras, están totalmente desprotexidas. A principios do século XXI podemos concluír que a maioría destas mulleres son migrantes internas e internacionais (Lutz, 2013).

Concretamente, en Senegal, estímase que tan só o 2% do total del mulleres que traballan no servizo doméstico están dadas de alta na seguridade social, e é habitual un deterioro precoz da saúde, dada a dureza do traballo que levan a cabo (Gassama, 2005). A miúdo, o salario recibido é tan baixo que, despois de pagar (se é o caso) un aluguer e ter enviado diñeiro para a familia no campo (polo xeral aos seus pais), estas mozas apenas logran sobrevivir. De feito, a súa motivación para emigrar do rural ao urbano é enviarlles diñeiro aos seus pais. Nalgunhas situacións, as mulleres internas sofren, ademais da explotación laboral, agresións sexuais.

O certo é que, como quizais estades a pensar, a migración rural-urbana co fin de traballar no servizo doméstico é un fenómeno que se produciu a nivel histórico en diversas zonas da xeografía mundial. Como sinala Sònia Parella (2003:12), a mercantilización do traballo doméstico-familiar sempre existiu, da man da figura da “criada” ou o “criado” e do servizo doméstico tradicional, este último, nutrido principalmente de mulleres novas procedentes de áreas rurais. En España, as mulleres do eido rural foron as traballadoras máis habituais deste nicho laboral, antes de que unha combinación de diferentes tipos de factores fixera que as mulleres procedentes do estranxeiro ocuparan en grande medida este tipo de ocupacións. En África, se ben a mobilidade interrexional adoita asociarse aos varóns, o número de mulleres africanas que se desprazan cara as cidades incrementouse moito durante a década dos setenta e oitenta, a consecuencia dunha crecente oferta de postos de traballo como empregadas domésticas.

Para exemplificar o relatado anteriormente, falaremos do caso de tres mulleres empregadas domésticas que traballan nunha casa en Saint Louis, a cidade máis importante do norte de Senegal. Estas mulleres están empregadas na casa de Nakime, unha muller senegalesa que foi entrevistada tanto en Vigo como en Saint Louis, acompañándoa nunha das súas visitas a súa cidade de orixe.

Nakime, de 35 anos de idade, reside a maior parte do ano, ao redor de nove meses, na cidade de Vigo, onde traballa no eido da limpeza. Nos meses de inverno, regresa a súa cidade de orixe, Saint Louis. Nakime está casada, e o seu marido, tamén senegalés, traballa en Vigo todo o ano. Teñen dúas fillas, e Nakime exerce unha maternidade transnacional deixando a filla maior, de catro anos de idade, en Vigo ao coidado do pai e dunha veciña de confianza, mentres ela regresa uns meses a Senegal coa filla pequena, que ten seis meses. Nakime exemplifica claramente a nai migrante que desenvolve a activación de diferentes estratexias de maternidade que lle permitan coidar e “monitorizar” o coidado das súas fillas, á vez que traballa en Vigo e viaxa varios meses ao ano ao seu país de orixe.

As estancias de Nakime en Senegal están motivadas por varias razóns. Por unha banda, como xa comentamos, das mulleres casadas se “espera” que coiden as súas sogras; por iso, Nakime aproveita estas estadías no seu país de orixe para convivir

coa súa sogra e estar pendente da súa saúde, xa que ten unha idade avanzada. Así mesmo, tamén aproveita estas viaxes para desconectar da súa vida laboral en Vigo e repoñer forzas “escapando” do inverno galego.

- 122 Na casa de Saint Louis vive durante todo ano a súa sogra e unha sobriña maior de Nakime, que tamén ten unha filla duns sete anos; tamén reside Mariane, unha traballadora doméstica e coidadora de quince anos. Cando Nakime viaxa a Saint Louis contrata a dúas empregadas domésticas máis, ao que se suma o traballo de Mariane, que reside nesa vivenda de Saint Louis todo o ano. Nestas visitas, Mariane será a encargada, case en exclusiva, de coidar á filla pequena de Nakime e tamén está pendente da outra nena pequena da casa. As outras dúas empregadas domésticas (tamén moi novas) dedícanse a comprar, limpar, lavar a roupa e axudar na cociña. Mariane, a empregada que traballa todo o ano na casa, procede dunha zona rural de Senegal e case nunca pode visitar a súa aldea de orixe, xa que é lonxe, e debe traballar todo o ano. Polo tanto, Mariane, tras varios anos de traballo nesta casa, xa forma parte dese novo fogar “desarraigándose” da súa familia e aldea de orixe.

Neste marco, os estudos pioneiros da socióloga Saskia Sassen (1983) detectaron un fenómeno similar ao analizar o recrutamento masivo de mulleres novas para traballar nas novas zonas industriais dos países periféricos. Esta demanda de traballo provocaba un masivo desprazamento de mulleres do campo cara as cidades, co conseguinte desarraigo das súas formas tradicionais de existencia. Segundo Sassen, no momento en que estas mulleres asalariadas non atopan traballo na cidade ou son substituídas por outras máis novas, resulta practicamente imposible que regresen as súas zonas rurais, posto que alí diminúen aínda máis as oportunidades económicas, o que as convirte en potenciais emigrantes cara os países do norte, que senten cultural e ideoloxicamente moi próximos.



As tres empregadas domésticas coas dúas pequenas que coidan (fotografía propia).

6 A modo de reflexión. Os paradoxos do patriarcado

A modo de peche, retomamos unha pregunta lanzada pola economista Amaia Pérez Orozco (2009): en que medida a migración saca á luz deficiencias na organización social dos coidados tanto en orixe como en destino, máis que ser a causa destas deficiencias? Ao longo do mundo, o reparto desigual dos coidados é unha consecuencia da estrutura patriarcal na que se asenta a nosa cultura e que vertebra un capitalismo colonial e global voraz que traspasa as fronteiras. O patriarcado asigna ás mulleres a responsabilidade de realizar estas tarefas nos fogares, e no mundo laboral esténdese esta explotación.

Resulta imprescindible levar a cabo unha reflexión colectiva profunda sobre como a nosa sociedade organiza os coidados: sen dúbida non é un feito casual que os

coidados estean pouco valorados social e economicamente, e que ademais sexan mulleres as que maioritariamente os leven a cabo. Se falamos de mulleres inmigrantes, este adoita ser un dos nichos laborais de entrada no mercado laboral, cunhas condicións (e a pesar dos avances) aínda moi precarias. Logo de percorrer diferentes casos, queda claro que son os fogares (e no seu interior, as mulleres) as que acaban axustando o desguisado dun sistema capitalista e patriarcal que despreza o sostemento da vida, e opera nun contexto cun sistema público de coidados que reluce pola súa ausencia.

Aínda a día de hoxe temos que seguir insistindo en que precisamos rachar con esa masculinidade hexemónica que é construída dun xeito perverso, poñendo o eido público e o traballo remunerado no centro; ao mesmo tempo a feminidade tamén é construída dun xeito perverso, entendéndoa como a socialización que seguimos a padecer as mulleres como “seres- para- outras persoas”, nas palabras de Simone de Beauvoir. E ben, xustamente, poñer o foco na sostibilidade da vida supón rachar dunha vez con esta socialización diferencial de xénero que asigna dous modelos antagónicos segundo o noso xénero, e pensar en fórmulas de sostén colectivo das vidas dun xeito igualitario entre homes e mulleres, tendo claros os límites do planeta.

Referencias

Agence Nationale de la Statistique et de la Démographie (2022). Disponível en: <http://www.ansd.sn/>

Aguirre, Estela e Beatriz Ranea (2020). *Investigación Mujer inmigrante y empleo de hogar: situación actual, retos y propuestas*. Madrid: Federación de Mujeres Progresistas.

Baldassar, Loretta (2007). “Transnational families and the provision of moral and emotional support: the relationship between truth and distance”, *Identities: Global Studies in Culture and Power*, 14, 385-409.

Carrasco, Cristina (2009). “Mujeres, sostenibilidad y deuda social”, *Revista de educación* número extraordinario, 169-191.

Confédération Syndicale Internationale (01.01.2010). *Gros plans sur Fatou Bintou Yaffa (CNTS-Sénégal)*. Disponível en: <https://www.ituc-csi.org/gros-plans-sur-fatou-bintou-yaffa.html?lang=fr>

Crenshaw, Kimberlé (1989). “Demarginalizing the Intersection of Race and Sex: A Black Feminist Critique of Antidiscrimination Doctrine, Feminist Theory and Antiracist Politics”, *University of Chicago Legal Forum* 1, 139-167.

Davis, Angela (2004/1981). *Mujeres, raza y clase*. Madrid: Akal.

Del Río, Coral e Alonso-Villar, Olga (2017). “Segregación ocupacional por razón de género y estatus migratorio en España y sus consecuencias en términos de bienestar”, *Economías* 91 (1), 124-163.

Díaz, Leticia e María Da Gloria (2017). “Abuelas en la migración. Migración circular, servicios de cuidados y reunificación familiar en una localidad del occidente michoacano”, *Relaciones Estudios de Historia y Sociedad* 151, 263-295.

Dreby, Joanna (2006). “Honor and virtue: mexican parenting in the transnational context”, *Gender and Society*, 20 (1), 32-59.

- Evergeti, Venetia e Louise Ryan (2011): "Negotiating transnational caring practices among migrant families", en Kraler, Albert; Kofman, Eleonore; Kohli, Martin Camille Schmoll (eds.). *Gender, generations and the family in international migration*, Amsterdam: Amsterdam University Press, 355-373.
- Gassama, Absa (2005). "Les Marchés du travail domestique au Sénégal", *Innovations*. 2 (22), 171-184.
- Gregorio, Carmen (2009). "Políticas de conciliación, externalización del trabajo doméstico y de cuidados y migraciones internacionales", comunicación en *III Congreso de Economía Feminista*, Baeza, 2-3 abril 2009. Disponible en: http://www.upo.es/congresos/export/sites/congresos/economiafeminista/documentos/Carmen_Gregorio_gil.pdf
- Hill, Patricia (1994). "Shifting the center: race, class and feminist theorizing about motherhood", en Nakano, Evelyn; Chang, Grace e Linda Rennie, (comps.) *Mothering: ideology, experience and agency*, Routledge. 45- 65.
- Hochschild, Arlie R. (2001). Las cadenas mundiales de afecto y asistencia y la plusvalía emocional", en Giddens, Anthony e Will Hutton (coords.) *En el límite. La vida en el capitalismo global*, Barcelona: Tusquets editores, 187- 208.
- Hondagneu-Sotelo, Pierrette (1994). *Gendered transitions: mexican experiences of Immigration*, L.A: University of California Press.
- Hondagneu-sotelo, Pierrette e Ernestine Avila (1997). "I'm here, but I'm there", *Gender and society*, 53, 548-571.
- Juliano, Dolores (2007). *Recorrido antropológico de la maternidad*. Compilado por Instituto Asturiano de la Mujer. Oviedo: Gobierno del Principado de Asturias. 15-30.
- Lamela, Carmen, Pérez-Caramés, Antía e Belén Fernández-Suárez (2009). The effect of networks on the selection of migrants and destinations: colombians in Galicia (Spain), *International Migration*. DOI: 10.1111/j.1468-2435.2009.00580.x
- Lutz, Helma (2013). "Domestic workers and migration", en Immanuele Ness (ed.) *The Encyclopedia of Global Human Migration*, Wiley-Blackwell. 1-5.
- Martínez-Buján, Raquel (2010). *Bienestar y cuidados: el oficio del cariño. Mujeres inmigrantes y mayores nativos*, Madrid: CSIC.
- Mayobre, Purificación e Iria Vázquez (2015). "Cuidar cuesta: Un análisis del cuidado desde la perspectiva de género", *Revista Española de Investigaciones Sociológicas REIS* 151, 83-99.
- Organización Internacional del Trabajo (2021). *Quiénes son los trabajadores domésticos*. Disponible en: <https://www.ilo.org/global/topics/domestic-workers/who/lang-es/index.htm>
- Instituto Galego de Estatística (2022). *Afiliación á Seguridade Social*. <https://www.ige.gal/web/index.jsp?paxina=001&idioma=gl>
- Instituto Nacional de Estadística. (2010). *Encuesta de Empleo del Tiempo 2009-2010*. https://www.ine.es/daco/daco42/empleo/cues_10.htm
- Parella, Sònia (2003). *Mujer, inmigrante y trabajadora: la triple discriminación*. Barcelona: Anthropos.
- Pérez-Caramés, Antía (2021). "Introducción. Los cuidados en la encrucijada del cambio social", *Atlánticas. Revista Internacional de Estudios Feministas*. 5(1), 1-29.
- Pérez-Orozco, Amaia (2006). "Amenaza tormenta, la crisis de los cuidados y la reorganización del sistema económico", *Revista de economía crítica*. 5, 7-37.
- ___ (2011). "Crisis multidimensional y sostenibilidad de la vida", *Investigaciones Feministas* 2, 29-52.
- Pribilsky, Jason (2004). "Aprendemos a convivir. Conjugal relations, co-parenting, and family life

among ecuadorian transnational migrants in New York City and the ecuadorian Andes”, *Global Networks* 4 (3), 313-334.

Rodríguez, Nora (2008). *Educar Desde El Locutorio: Ayuda a que tus hijos sigan creciendo contigo*, Barcelona: Plataforma Editorial S.L.

126 Salazar, Rhacel (2001). *Servants of globalization: women, migration and domestic work*. Stanford University Press.

Sassen, Saskia (1983). “Labor migration and the new international division of labor”, en Nash, June e María P. Fernández-Kelly (eds.). *Women, men and the international division of labor*, Albany: State University of New York.

Vázquez, Iria (2014). *La inmigración senegalesa en Galicia: remesas y cuidados en familias transnacionales*. Tese de doutoramento, Universidade da Coruña. Disponible en: <https://ruc.udc.es/dspace/handle/2183/12341>

Zimmerman, Mary K., Litt, Jacquelyn S. E Christine E. Bose (2006). *Global dimensions of gender and carework*. Stanford University Press.

Capítulo 06

As que limpan. Unha visión europea da discriminación por razón de xénero

127

*Javier de Cominges Cáceres*¹

De onde vimos: o contexto histórico¹

Desde o “proteccionismo” das leis franquistas se regulaba o traballo feminino como unha prestación de servizos do “sexo débil” que debía ser amparada no desenvolvemento dunha actividade laboral, totalmente secundaria á función que o estado lle reservaba dentro do ámbito familiar e do exercicio dos coidados cun carácter predominante reprodutivo. Esta situación vese inicialmente modificada na súa regulación formal trala promulgación da Constitución Española do ano 1978, en cuxo artigo 1º defínese o noso país como “un estado social e democrático de Dereito, que propugna como valores superiores do seu ordenamento xurídico a liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político”; e particularmente no seu artigo 14, dentro do capítulo referente aos “Dereitos e Liberdades” que poden ser directamente alegados ante os nosos xulgados e tribunais que: “os españois son iguais ante a lei, sen que poida prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social”. Posteriormente promúlgase como primeira norma pos-constitucional que regula os dereitos e obrigacións derivados do contrato de traballo, para os e as traballadoras por conta allea, no ano 1980, o Estatuto dos Traballadores (norma que se vería refundida no ano 1995 e, posteriormente, no 2015).

En ambos os Estatutos facíase unha referencia expresa a que, certas profesións, polas súas especiais características que as diferenciaban do resto de conxunto heteroxéneo de traballos, deberían regularse a través de normas específicas que tivesen en conta as súas circunstancias inherentes.

No século XIX, no Código Civil do ano 1889 (código que, aínda que reformado, segue en vigor) regulábase cunha clara predominancia cara ao poder do patrón, fronte á

¹ Avogado laboralista, profesor asociado na Universidade de Vigo.

do “criado/a” así se regulaba no artigo 1.583 que : “Pode contratarse esta clase de servizos sen tempo fixo, por certo tempo, ou para unha obra determinada. O arrendamento feito por toda a vida é nulo.” E no 1584, unhas misérrimas indemnizacións en caso de despedimento e unha presunción a favor do empregador sobre o salario e o seu pago que deixaba nunha situación totalmente desprotexida ao “criado/a”, que tiña que demostrar un feito negativo, de imposible proba, como era que percibira o seu salario:

“O criado doméstico destinado ao servizo persoal do seu amo, ou da familia deste, por tempo determinado, pode despedirse e ser despedido antes de expirar o termo; pero, se o amo despide ao criado sen xusta causa, debe indemnizarlle pagándolle o salario devengado e o de quince días máis.

O amo será crido, salvo proba en contrario:

1.º Sobre o tanto do salario do servente doméstico.

2.º Sobre o pago dos salarios devengados no ano corrente.

Como dicía, nun inicio ter “servo” era considerado como unha mostra de luxo ou da capacidade económica dunha familia, onde a persoa empregada doméstica desenvolvía de forma uniformada, dentro do seo de intimidade do fogar pero segregada do mesmo; cunha uniformidade que a cousificaba e vivindo en dependencias apartes na que ata existían portas de acceso diferenciadas na vivenda e separadas da visión. No momento actual as persoas empregadas domésticas convertéronse nun recurso complementario relevante e a miúdo necesario ante a falta de políticas sociais que cubran as necesidades globais que xorden no ámbito familiar. É un sector de traballadoras, xa podemos empezar a falar en feminino, onde se prestan servizos directos e indirectos claves, non só nas tarefas básicas do fogar, senón tamén no papel que desempeñan tamén no coidado de menores, maiores e dependentes, ante a falta de recursos dun estado, que se define como “social”.

Segundo a Organización Internacional do Traballo (organismo das Nacións Unidas): “Dos 75,6 millóns de traballadores e traballadoras domésticas en todo o mundo, o 76,2% son mulleres, o que significa que unha cuarta parte dos traballadores domésticos son homes. Con todo, o traballo doméstico é unha fonte de emprego máis importante entre as empregadas que entre os empregados.”

As cifras que manexamos en España son mesmo superiores en canto á determinación de que nos atopamos ante unha actividade totalmente feminizada. Segundo o Instituto Nacional de Estatística (no estudo efectuado no ano 2009), un 14,4% dos 17,1 millóns de fogares que hai en España ten algún tipo de servizo doméstico prestado de forma regular.

Segundo a Enquisas de Poboación Activa do segundo trimestre do ano 2022, en valores absolutos, atopámonos con 545.700 traballadores/as que prestan servizos nesta

actividade (en situación regular e irregular), dos cales 487.500 son mulleres e só 58.100 homes (ademais, non habemos de esquecer que, nesta relación laboral especial, tamén se inclúen aos xardineiros e choferes contratados por persoas físicas -o que se trata de figuras non moi abundantes no noso mercado de traballo-). Con todo, nos datos oficiais da Tesourería Xeral da Seguridade Social constan como dados de alta en xullo do 2022 no réxime especial de empregadas de fogar un total de 374.923 persoas, das cales a práctica maioría, 357.860 son mulleres e 17.042 homes.

Estas cifras dannos ademais outra das características máis problemáticas deste colectivo: o alto número de traballadoras que desenvolven esta actividade na economía mergullada; por tanto fóra do ámbito protector do noso sistema de seguridade social, en situacións de explotación e precariedade. Ao que hai que sumar a alta porcentaxe de traballadoras de nacionalidade estranxeira que prestan servizos nesta actividade.

Non é circunstancial ou arbitraria a situación de precariedade, a diferenza doutras profesións, vivida por este colectivo. Co que, antes de analizar a regulación en materia do desemprego hai que apuntar unha serie de circunstancias que, en maior ou menor medida, explican a singularidade desta realidade:

- Atopámonos cun ramo de actividade totalmente feminizado. A realidade demostrounos que profesións feminizadas adoitan, estatisticamente, ter peores condicións que outras actividades que son desenvoltas tradicionalmente por homes. Sendo profesións, a maiores, infra-valoradas. E todo iso a pesar de que, conforme a nova publicada no diario o “Público” (Bayona, 11/02/2022): “Un estudo da Universidade Carlos III e o Instituto Aragonés da Muller atribúe un valor equivalente a máis dun terzo da actividade económica do país a esas tarefas non remuneradas pero imprescindibles para o desenvolvemento das ocupacións de carácter retribuído.” Pois, como sinala en dita nova a socióloga Paz Olaciregui: “o sostemento da vida familiar é clave para soste a estrutura social. Sen o que chamamos traballo reprodutivo, que é produtivo, non se pode producir no resto da sociedade, non se podería saír a traballar”.
- Hai unha porcentaxe moi importante de traballadoras estranxeiras que teñen un descoñecemento das nosas normas e dereitos cunha ausencia de tecido social ou familiar e con falta de recursos. A situación vólvese aínda máis precaria canto nos atopamos con estranxeiras en situación irregular, nese caso a propia normativa impídelles que “legalmente” as poidan contratar. Este feito non impide que se lles dea traballo neste sector, pero sen contrato e sen cursar a súa alta. Neste caso a responsabilidade do ou da empregadora é plena e absoluta xa que se a empregada sofre un accidente poderá decidir reclamar ante os xulgados do social ou ante a Inspección de Traballo e a Seguridade social. Do mesmo modo, aínda que non conste a alta na seguridade social, pode reclamar todos os seus dereitos perante

a Inspección de Traballo ou os Xulgados, en igualdade de condicións con calquera outro/a traballador/a.

130

- Adoita tratarse dun colectivo de escasa sindicación. Ao non estar afiliadas non adoitan estar nas liñas de defensa da maior parte de sindicatos de implantación nacional ou estatal que teñen un poder activo para poder introducir cambios e melloras da regulación laboral e das prestacións
- É a única relación laboral que permite que sexa a persoa empregada a que se dea de alta na Seguridade Social e ingrese as cotas correspondentes. A condición de que estea a prestar servizos menos de 60 horas ao mes nun domicilio e se tivera pactado así (polo menos así era ata o un de xaneiro do 2023, momento no cal existe a obriga de que o/a empregador/a sexa quen curse a alta con independencia do número de horas que se traballe.)
- Na práctica isto permitía, por unha banda, trasladar a latosa carga de efectuar os trámites administrativos ante a Tesourería á empregada e, doutra banda, favorecía a existencia da economía mergullada, eliminando a responsabilidade do/a empregador/a no caso de que a empregada, sexa por descoñecemento, por falta de motivación ou por aforrarse o ingreso das cotas correspondentes, non procedera a cursar a súa alta na Seguridade Social.
- Trátase dunha actividade que se desenvolve no domicilio da persoa empregadora. O que tamén ten un amparo constitucional partindo do dereito á inviolabilidade do domicilio e ser considerado este unha esfera íntima de privacidade persoal e familiar (artigo 18.2 da Constitución Española). Este feito, por unha banda, dificulta que se poida demostrar a existencia de relación laboral (nos supostos de economía mergullada), e analizar como se desenvolve o traballo (número de horas por exemplo ao non estar obrigadas a fichar, o que resulta aínda máis gravoso no colectivo de internas) e, doutra banda, tamén permite que a relación laboral se poida rachar por perda de confianza, é dicir, sen ter que dar ningún motivo ou causa; nese caso a lexislación outorga unha indemnización menor á que tería calquera outro traballador ante un despedimento improcedente. Como veremos máis adiante, a reforma do RDL 16/2022 que reforma a figura do “desestimento” segue conservando como causa de despido: *“o comportamento da persoa traballadora que fundamente de maneira razoable e proporcionada a perda de confianza da persoa traballadora”*.
- A parte empregadora non é un empresario/a; o que tamén adoita implicar un descoñecemento sobre os dereitos das traballadoras, salario mínimo a abonar e as súas obrigacións como contratante. Resultando moitas veces complicado realizar os trámites legais necesarios para cursar a alta na Seguridade Social, cotizar, abonar o salario legalmente establecido, etc. Neste

ámbito é moi común atoparse coa máxima de: “non lle din de alta porque ela non quería”; o que non exime de ningunha responsabilidade ao empregador/a. É dicir, no ámbito laboral pártese da premisa de que non nos atopamos ante unha paridade de forzas entre as dúas partes que constitúen a relación contractual. Co cal a parte empresarial ten a absoluta responsabilidade de cumprir coa lexislación vixente con independencia da vontade da empregada.

- Todo o sinalado implica que concorre unha serie de singularidades nesta relación laboral que ten unha regulación especial nas que resultan como máis destacables:
- Igual que no contrato de alta dirección pódese cesar á traballadora a través da figura do desestimento; é dicir, sen dar ningún motivo nin razón, simplemente por unha situación de perda de confianza. A través da reforma do Real Decreto Lei 16/22 de 6 de setembro do 2022, dita falta de confianza deixa de chamarse desestimento para regularse como causa válida de despido, non modificando a indemnización que lle correspondería a parte traballadora, polo que parece máis ben una operación de cirurxía “estética”.
- Non se cotiza polo salario real que percibe, senón por unha serie de tramos, o que implica que se tenda a aplicar o tramo máis baixo para reducir custos de cotas de Seguridade Social co prexuízo futuro que iso xera ao causar prestacións de seguridade máis baixas. (a reforma da lei prevé que poidan cotizar polo salario real a partir do ano 2024).
- Teñen dereito a unha serie de indemnizacións significativamente inferiores ás que terían un traballador por conta allea.
- Nin cotizan nin teñen dereito á prestación por desemprego², tampouco ao Fondo de Garantía Salarial que cobre certos supostos de insolvencia do ou da empregadora (unha parte da indemnización por despedimento e até catro mensualidades). Feitos que, a raíz da Sentencia do Tribunal de Xustiza da Unión Europea son modificados polo RDL 16/22 a partir do 1 de outubro do 2022, momento no que comezan a cotizar por ambas prestacións.
- Adoitan ter unhas vidas laborais con interrupcións e con escasas bases de cotización o que, na práctica, se materializa en peores prestacións de seguridade social e, por tanto, manteñen unha dependencia económica.

² Isto é así até que ditou a Sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión europea, á que posteriormente faremos referencia.

2 O dereito ao desemprego e o marco legal

2.1 A nosa normativa interna

132

Estamos polo tanto ante un contexto no que é moi relevante tomar en conta que nos atopamos cun colectivo plenamente feminizado nun entorno político xestionado por homes, cunha contorna sindical controlada por homes, onde non resulta sinxelo introducir a situación de grupos, profesións ou actividades que se atopan feminizadas. A día de hoxe, por exemplo, a fenda salarial segue sendo unha vergoñosa realidade; as medidas de conciliación que ás veces implican menos oportunidades para as mulleres e peor salario e polo tanto, peores prestacións de seguridade social, xa que o salario é a base pola que se cotizará para xerar a futura xubilación, incapacidade permanente en caso de accidente ou enfermidade, etc. Con este contexto habemos de analizar a situación que viven as empregadas de fogar no caso que expomos xudicialmente, desde a perspectiva da protección ante o desemprego.

¿E cal é a situación legal que nos atopamos ante o desemprego? O artigo 41 da nosa Constitución, aínda que se atopa dentro dos principios reitores da política social e económica, resulta altamente relevante e transcendental xa que marca as liñas mestras da actuación dos poderes públicos do noso estado; no mesmo dispón que :

Os poderes públicos manterán un réxime público de Seguridade Social para todos os cidadáns, que garanta a asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade, especialmente en caso de desemprego. A asistencia e prestacións complementarias serán libres.

A inclusión de prestación por desemprego, ou máis popularmente coñecido como “paro”, faise de maneira expresa (hei de resaltar que é a única prestación que se inclúe nominalmente). Todas as persoas podemos entender que ao longo da nosa vida laboral, por motivos alleos á nosa vontade, xa sexa por peche da empresa, xa sexa por problemas de índole económico, organizativo ou produtivo que lle afecten de forma transcendental, xa sexa porque fose despedido/a, etc.; e nos atopamos cunha prestación básica do noso sistema de seguridade social, nun estado que se define como Social e de Dereito (art. 1 CE) que cobre situacións de necesidade nas que concorre unha carencia de rendas de traballo que permitan facer fronte aos gastos da vida diaria (vivenda, comida, etc.). Prestación do “paro” que aínda resulta máis importante no noso mercado laboral tomando en conta, a diferenza doutros países europeos, a alta taxa que temos de temporalidade e desemprego.

Pois ben, sabemos xa que a relación laboral das empregadas de fogar trátase dunha relación laboral, caracterizada de “especial”, pola singularidade de como e onde se desenvolve. Tamén hei de sinalar que, como pasaba co réxime de traballadores do mar ou das minas, tiña un réxime especial de seguridade social, distinto ao do resto de traballadores, até o ano 2012.

É a través dun Real Decreto que se publica no ano 2011 cando, aínda que recoñecendo que terá algunhas singularidades (habemos de lembrar a posibilidade, por exemplo, de cotizar por tramos), as empregadas de fogar intégranse no Réxime Xeral da Seguridade social, co resto de traballadores/as, no acceso a todas as prestacións, de Seguridade Social. Todas? Non. Hai unha excepción expresa recollida na norma que modifica o artigo 251 da Lei Xeral da Seguridade Social, o que regula a acción protectora da Seguridade Social que no seu apartado d) queda redactado do seguinte modo

“Os traballadores incluídos no Sistema Especial para Empregados de Fogar terán dereito ás prestacións da Seguridade Social nos termos e condicións establecidos neste Réxime Xeral da Seguridade Social, coas seguintes peculiaridades: (...)

d) A acción protectora do Sistema Especial para Empregados de Fogar non comprenderá a correspondente ao desemprego.

É dicir, a propia norma exclúe dun xeito expreso o seu dereito ao desemprego. Con todo, non se recolle na normativa que integra ás empregadas de fogar no réxime xeral ningunha fundamentación de por que se lles exclúe da aplicación da prestación de desemprego.

A idea inicial do Real Decreto do 2011 non era manter eternamente ás empregadas de fogar sen dereito ao paro, senón que establecía que se conformase un “equipo de sabios” composto polo Ministerio, os sindicatos e asociacións máis representativos de empresarios/as para que sinalasen baixo que singulares condicións podería regularse a prestación de desemprego (e integralas na regulación sobre a extinción do contrato de traballo, indemnizacións por despedimento, etc.); xunto a un estudo do impacto no emprego e nas condicións de traballo. Ambos deberían desenvolverse antes do 31 de decembro de 2012 para que, con anterioridade ao 31 de decembro do 2013 o goberno puidese legislar sobre estas materias.

Dez anos despois podemos comprobar que nin se efectuou o estudo de impacto nin se constituíu a comisión de persoas expertas nin se integrou ás empregadas de fogar na prestación por desemprego (até o RDL 16/22 que legisla soamente cara o futuro cunha demora de once anos), tampouco nas indemnizacións que corresponden por despedimento recollidas para o resto de traballadores/as por conta allea no Estatuto dos Traballadores.

É dicir, a ningún dos que conforman legalmente as forzas vivas para ser consultadas, impulsar a negociación e regular esta materia lles importou realmente; xa que ningún deles protestou ante a falta de convocatoria deste grupo, ante a falta de realización do informe de impacto nin ante a falta de desenvolvemento legal da inclusión, coas súas singularidades, na prestación por desemprego. Non se implicou o Ministerio, nin os gobernos de distinta índole política que gobernaron desde entón.

As empregadas de fogar, polas súas condicións intrínsecas xa sinaladas, e a pesares dos grandes esforzos que realizaron diversas asociacións para que sexan visibilizadas, non son percibidas como un grupo de presión eficaz que poida mobilizar nin á opinión pública, nin ás forzas políticas nin ao sector máis representativo, conforme á súa definición incluída na regulación laboral, de sindicatos e clase empresarial. É dicir, trátase dun colectivo moi vulnerable, cunhas condicións habitualmente precarias que se atopa invisibilizado. E como ben sabemos, o que non se ve non existe; até tal punto é así que até fai ben pouco o conxunto da cidadanía non tiña coñecemento do feito de que non tivesen dereito ao paro.

Para finalizar este apartado referente á normativa interna hai que sinalar que, aínda que puidemos comprobar que, expresamente a Lei (até que se ditou a Sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión europea) nega ás empregadas de fogar o dereito ao paro; o certo é que dita lei pode estar en conflito con outro artigo da nosa Constitución Española, que si que ten eficacia directa e pode ser alegado ante calquera xulgado ou tribunal, o artigo 14 que dispón:

“Os españois son iguais ante a lei, sen que poida prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social”.

Podendo no caso actual atoparnos ante unha discriminación por razón de sexo ou xénero, xa que, a non ser que nos atopemos ante unha razón de peso que o xustifique, estaríamos ante un colectivo composto maioritariamente por mulleres ao que se lle subtrae dun ámbito de protección da seguridade social básico. Non habemos de esquecer que o noso sistema legal de dereito baséase no principio de xerarquía, é dicir, se hai unha norma de rango menor que contradí o disposto nunha norma superior non pode ser aplicada; debendo ser considerada nula ou deixar de aplicarse, mesmo aínda que non se modifique legalmente esa norma.

2.2 Normativa a nivel internacional

Aínda que existe unha ampla normativa que regula a proscripción da discriminación por razón de sexo no ámbito das relacións laborais e a seguridade social, debemos destacar dous instrumentos, pola súa relevancia.

O primeiro é a existencia dunha norma europea, unha Directiva do ano 1978, que resulta de obrigado cumprimento en España e que, xerarquicamente, se atopa mesmo por riba da nosa Constitución, a Directiva 79/7/CEE do Consello, do 19 de decembro de 1978, relativa á aplicación progresiva do principio de igualdade de trato entre homes e mulleres en materia de seguridade social e que establece “o principio de igualdade de trato” no acceso ás prestacións de seguridade social, entre as que se inclúe expresamente o desemprego e que “suporá a ausencia de toda discriminación por razón de sexo, xa sexa directa ou indirectamente”.

Habemos de facer unha especial referencia ao feito de que o noso marco legal (interno, internacional e europeo a través dos compromisos asumidos), proscribe tanto a discriminación directa como indirecta; debendo diferenciar ambas.

A discriminación directa é a máis sinxela de visibilizar, por iso debemos distinguir entre: a) «discriminación directa»: a situación en que unha persoa sexa, fose ou puidese ser tratada por razón de sexo de maneira menos favorable que outra en situación comparable; b) «discriminación indirecta»: a situación en que unha disposición, criterio ou práctica aparentemente neutras sitúan a persoas dun sexo determinado en desvantaxe particular con respecto a persoas doutro sexo, salvo que dita disposición, criterio ou práctica poida xustificarse obxectivamente cunha finalidade lexítima e que os medios para alcanzar dita finalidade sexan adecuados e necesarios. 135

Neste caso, nunca nos atoparíamos ante unha discriminación directa xa que a lei non sinala que as mulleres que estean dadas de alta como empregadas de fogar non terán dereito ao desemprego; senón ante unha discriminación indirecta, posto que a norma o que regula é que as persoas traballadoras dadas de alta no réxime de empregados de fogar (xa sexan homes, xa sexan mulleres) non teñen dereito ao desemprego. Co que parece que a norma é neutra, non discrimina. Con todo, é cando nos mergullamos algo máis profundo cando observamos que aínda que a norma non discrimina ao colectivo de empregadas de fogar, este está composto case na súa totalidade por mulleres, polo que a exclusión da prestación por desemprego afecta a un colectivo de mulleres deixándoas nunha posición de desvantaxe en comparación por exemplo cun peón. Outro exemplo práctico para poder visualizar a discriminación indirecta podémolo ver habitualmente nas medidas de conciliación da vida laboral e familiar. Así, se hai unha práctica de empresa que dificulta ou penaliza a quen se acolla unha medida de redución de xornada para coidar dun familiar dependente, non nos atoparíamos ante unha discriminación directa por razón de sexo, (xa que as medidas de conciliación poden ser solicitadas tanto por homes como por mulleres); pero se acudimos aos datos que nos dá a realidade social do noso país, vemos que as medidas de conciliación son solicitadas habitualmente por mulleres. Co que unha medida que, en teoría, non discrimina por sexo, na práctica si que o fai, pois terá un maior impacto negativo no sexo feminino.

Retomando o dereito internacional que regula o dereito ao paro neste sector atopámonos co Convenio 189 da Organización Internacional do Traballo sobre as traballadoras e traballadores domésticos. O que se corresponde cun tratado internacional cuxa intención é homoxeneizar os dereitos e condicións básicas de traballo das empregadas de fogar a nivel planetario. Este tipo de tratados poden ser alegados tamén ante os nosos xulgados e tribunais, tendo só validez e eficacia no caso de que sexan, voluntariamente, ratificados polo noso Estado. É dicir, teñen que se aceptados e ratificados por cada Estado.

No que nos afecta, o seu artigo 14 di:

1. *Todo Membro, tendo debidamente en conta as características específicas do traballo doméstico e actuando en conformidade coa lexislación nacional, deberá adoptar medidas apropiadas a fin de asegurar que os e as traballadoras domésticos gocen de condicións non menos favorables que as condicións aplicables aos traballadores/as en xeral con respecto á protección da seguridade social, inclusive no relativo á maternidade.*
2. *As medidas ás que se fai referencia no parágrafo anterior poderán aplicarse progresivamente, en consulta coas organizacións máis representativas dos empregadores/as e dos e das traballadoras, así como con organizacións representativas dos e das traballadores domésticos e con organizacións representativas dos e das empregadoras, cando tales organizacións existan.*

Co que se trata dunha norma xenérica, de principios, que esixe unha regulación específica interna para dotar aos traballadores desa igualdade de condicións que sinala.

Debo resaltar que aínda que o Convenio adoptouse en Xenebra en xuño de 2011, España non o ratificou até xuño do ano 2022, co apoio unánime de todos os grupos do arco parlamentario. Tiveron que pasar once anos a pesar de que as asociacións que representan ás traballadoras do fogar, como SEDOAC -Servizo Doméstico Activo- ou Territorio Doméstico, levan anos reivindicándoo. A ratificación do Convenio da Organización Internacional do Traballo produciuse, ademais, non tanto de forma voluntaria, se non tras ditarse a relevante Sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea de 24 de febreiro do 2022, cuxo estudo será a parte final do presente capítulo.

3 A demanda xudicial que conseguiu o dereito ao desemprego para as empregadas de fogar en España

Como xa vimos, non cabía ningunha dúbida interpretativa de que a lei, no noso país, excluía expresamente o dereito ao desemprego para as empregadas do fogar. O que quedaba por determinar é se dita lei infrinxía un dereito superior, de natureza fundamental, como é o dereito á igualdade, ante a pregunta de se a práctica totalidade dos e das traballadoras teñen dereito ao paro, por que as traballadoras de emprego doméstico, case medio millón de persoas, exclúeselles deste dereito. Por isto, quedábanos por explorar a vía xurídica como intento de solucionar o que, a vía política, non resolvera nin mostrara ningún interese por resolver.

A fundamentación da cuestión xurdiu nos corredores da Universidade de Vigo, no ano 2019, mentres me atopaba impartindo a materia de Igualdade e Mercado Laboral no grao de Relacións Laborais cando nos atopabamos analizando co alumnado os supostos de discriminacións indirectas que poderían estar encubertas en normas aparentemente neutras. O antecedente que tiñamos era unha sentenza do Tribunal

de Xustiza da Unión Europea do ano 2012 que declara discriminatorio en España o cómputo que se facía para poder acceder á xubilación cando unha persoa estaba contratada a tempo parcial. No devandito caso ao ser traballadora a tempo parcial cada día de traballo non contaba como un día cotizado senón como unha porcentaxe dun día; o que dificultaba en exceso o acceso á pensión de xubilación aos traballadores/as a tempo parcial. No caso exposto, o INSS calculara que a traballadora, que traballaba unas cantas horas á semana como limpadora contratada no réxime xeral na limpeza dun portal e zonas comúns, non como empregada do fogar, podería xubilarse cando alcanzase a idade de 100 anos, o que na práctica se correspondía coa realidade de que esa traballadora nunca podería xubilarse. Polo tanto, aínda que se trataba dunha norma aparentemente neutra que se aplicaba a todos e todas as traballadoras a tempo parcial, o certo é que se constatou que a maior porcentaxe de persoas empregadas a tempo parcial eran mulleres (un 80%), o que provocaba por tanto unha clara discriminación indirecta por razón de sexo. Doutra banda, non é fortuíto o feito que as mulleres ocupen nunha porcentaxe elevadísima o traballo a tempo parcial, traballo que debemos lembrar implica menor salario, menores cotizacións, menores futuras pensións, menos posibilidades de ascenso ou promoción, etc. Xa que esta parcialidade se corresponde cun tipo de prestación de servizos que permite conciliar en maior medida o traballo co desenvolvemento do rol de coidados, limpeza, traballo e mantemento do fogar. É dicir actividades que aínda no día de hoxe seguen asumindo maioritariamente as mulleres por mor dos roles de xénero que historicamente lles foron atribuídos.

Polo tanto, a lección que aprendemos é que, desde a Xustiza Europea hai unha maior sensibilidade cara as cuestións de xénero, que se poden probar a través do maior impacto que visibilizan as estatísticas –de aí a relevancia que conorra un sistema de análise de datos obxectivos disgregados que nos permitan coñecer a realidade-. Outro punto ademais a tomar en conta para acudir a un ou outro tribunal é que a media de tempo para resolver o recurso o tribunal de xustiza da Unión Europea desde que se expón a cuestión prexudicial é dun ano; mentres que o Tribunal Constitucional, que está no momento actual saturado e cuestionado, poden ser cinco ou máis anos se se consegue superar o rigoroso filtro de acceso no que se quedan practicamente a maior parte dos Recursos de Amparo. O noso Tribunal só admite os recursos que entende que teñen un especial interese constitucional. O que é un requisito totalmente discrecional de difícil control e que, a súa aplicación, non ten posterior recurso. Por outro lado non sería primeira vez que o noso Tribunal Constitucional considerase unha materia como non discriminatoria e que, posteriormente, similar suposto tivera unha resolución ben distinta polo Tribunal Europeo.

Agora ben, acudir ao Tribunal con sede en Luxemburgo non é tan fácil; esixe, en resumo, dous requisitos. O primeiro é que se alegue que debe ser interpretada unha norma de ámbito europeo que pode estar en colisión cunha norma interna do noso

país. O Tribunal Europeo só pode interpretar o dereito europeo, xa que en ningún caso é competente para analizar o dereito interno dun país membro, senón só no caso de que este se atope en colisión cunha norma europea. O segundo requisito é que, a diferenza do restritivo recurso de amparo ante o Tribunal Constitucional, a cuestión prexudicial exposta ante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea debe ser formulada por un xulgado ou tribunal inicialmente, xa sexa de oficio, xa sexa porque estima a petición dunha das partes do proceso. Tras o cal o trámite permite alegar tanto á persoa demandante como á demandada, efectuar conclusións e, como sucedeu no noso caso, acudir mesmo ante o Tribunal para efectuar unha vista oral que permitise, dunha maneira máis comprensiva, explicar a situación e os dereitos que están en xogo.

Porén, a pesares da dificultade de acceder a este Tribunal, ao ser o máximo intérprete do dereito europeo (dereito que se atopa por riba da nosa Constitución), os efectos das súas Sentenzas non son soamente trasladables ao caso individual no que se expuxo a cuestión; senón que, como sucedeu na demanda que exporei, os efectos abarcarán a todo o colectivo de traballadoras en España: máis de medio millón de persoas entre traballadores dadas de alta e traballadoras en economía mergullada. Convertendo procedemento no que chamamos un preito “estratéxico”.

Por tanto, o obxectivo no noso caso era iniciar unha demanda estratéxica, é dicir, unha demanda individual que puidese dar unha resposta colectiva, ao poder modificar unha norma de xeito evidente que é inxusta, xa que deixaba nunha clara desprotección a medio millón de persoas que se vían apartadas dunha das prestacións de seguridade social máis básicas.

Pero para comezar necesitabamos unha persoa, un caso, que quixese demandar.

E nese momento apareceu Mariana.

Mariana, de orixe estranxeira, leva anos prestando servizos en España traballando nun domicilio, e se atopa desde o 2011 en situación regular, carecendo dunha especial formación que puidera permitir a súa recolocación futura noutro sector. Mariana non está no paro, nin intuía ser despedida, pero estaba totalmente preocupada polo seu futuro profesional. Non habemos de esquecer que o non ter dereito á prestación por desemprego non implica só o dereito ao paro, senón que o paro é a porta de acceso de subsidios e outras prestacións una vez este se esgota. Por exemplo, para o subsidio de desemprego de maiores de 52 anos, que se corresponde cun subsidio consistente nunha pequena paga mensual e o seguir cotizando cara ao futuro para as prestacións de xubilación, incapacidade permanente e morte e supervivencia (fundamentalmente orfandade e viuvez).

Esta axuda é fundamental para traballadores/as de postos de emprego habitualmente mal pagos e eminentemente físicos que, xa con certa idade, teñen practicamente imposible atopar un novo emprego.

Desde aí comezabamos cunha interesante perspectiva de inicio, xa que a reclamación se plantexaría non tanto solicitando o dereito a unha prestación á que non se cotizou (ao non ter dereito a paro, as empregadas de fogar non cotizan para esta continxencia co que nin a elas nin ao empregador/a se lles esixe o ingreso de ningunha cota no devandito concepto ante a Tesouraría Xeral da Seguridade Social); senón que pola contra presentaríase un escrito ante a Tesouraría solicitando o dereito a cotizar. É dicir o dereito a poder pagar para, nun futuro, poder ter dereito a toda a protección e todas as prestacións que derivan de tales cotizacións en igualdade de condicións que o resto de traballadores e traballadoras.

Para iso Mariana contaba co apoio da súa empregadora, que tampouco estaba de acordo con que non tivese dereito ao paro. É dicir, ambas estaban dispostas a pagar (unha incrementando os custos do salario e a outra reducindo o que ía percibir do mesmo) ingresando ditas cotas na Tesouraría. Non debemos de esquecer que o noso Sistema de Seguridade Social é contributivo e tamén asistencial, e que para poder ter dereitos hai que contribuír e participar do seu financiamento. O noso sistema se basea nos principios de solidariedade, universalidade e caixa única; a protección que xeran as cotizacións ante situacións de necesidade que poden xurdir en calquera momento da vida é moi superior ao custo económico que implica. Co que se aplica a máxima: "O/a que algo quere, algo lle custa".

Como comezou todo? A finais do ano 2019 presentamos un escrito ante a Tesouraría Xeral da Seguridade Social asinado tanto pola empregadora como pola empregada no que ambas, de mutuo acordo, pedían poder cotizar ao desemprego. É dicir, pedían pagar.

A resposta inicial da administración non foi por escrito. Ao constar os datos da traballadora nas súas bases chamouna un funcionario por teléfono para dicirlle que presentara un escrito absurdo, que igual non o sabía, pero que as empregadas de fogar non tiñan dereito ao desemprego, polo que se non tiñan dereito á prestación non podían cotizar por ela. Así o di a lei dunha maneira tan clara como as transparentes augas que bañan nosas amadas Illas Cíes.

Esta era, en resumidas contas, o obxecto do preito. A través do ingreso das cotizacións o que se ía a discutir era en realidade se tiña dereito ou non á prestación por desemprego. Se hai dereito poderase cotizar; se non hai dereito, non tería ningún sentido cotizar por esta continxencia.

A contestación da traballadora á chamada do funcionario foi que ela non entendía destas cousas e que, por favor, lle mandase a contestación por escrito. Aos poucos días chegou a contestación da administración na que, facendo un curta e pega da lei, dicíannos que era imposible cotizar para algo ao que non se tiña dereito: "a recorrente solicita cotizar pola continxencia de desemprego cando esta está expresamente excluída da súa cotización". E, no último parágrafo recollíase que, se non estábamos de acordo tiñamos de prazo dous meses para formalizar a demanda.

O primeiro paso xa estaba dado: ter un acto administrativo que poder recorrer ante os nosos xulgados, e no que poder conseguir un pronunciamento que resolvese a inxusta situación na que se deixaba a todas estas traballadoras.

- 140 A competencia non ía ser dos xulgados do social (que estarían encargados da concesión de prestacións), senón os especializados no contencioso/administrativo.

Covid mediante, tras a paralización que produciu o período duro de confinamento, formalizouse a demanda na que fundamentamos, de maneira extensa e motivada, a discriminación por razón de sexo, achegando estatísticas do Instituto Nacional de Estatística conforme o grupo de traballadores/as deste sector estaba composto fundamentalmente por mulleres e nunha situación de precariedade. E pedindo que se elevase a cuestión prexudicial ante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea.

A directiva europea, de rango superior á nosa lei xeral de seguridade social, a cal non podería ser infrinxida por ningunha norma ditada no noso país, sería a Directiva 79/7/CEE: aplicación progresiva do principio de igualdade de trato entre homes e mulleres en materia de seguridade social, cuxo obxectivo é garantir o cumprimento do principio de igualdade de trato entre homes e mulleres en materia de seguridade social. Esta norma apróbase o 19 de decembro de 1978 dando un prazo aos países que compoñen a Unión Europea para que a convertan en lei, como moi tarde, no ano 1984.

Como xa adiantamos a nosa intención era que o Tribunal de Xustiza da Unión Europea puidese pronunciarse sobre esta cuestión concreta.

Por que tiñamos tanto interese? En primeiro lugar porque se obtivésemos unha sentenza en Vigo a favor das cotizacións, materializaríase só nunha pinga de auga no medio do deserto; xa que en nada vincularía ao resto de xulgados e tribunais diseminados ao longo de toda a nosa xeografía.

En segundo lugar porque ante a rotundidade da norma española na exclusión do dereito ao paro facía moi difícil que un Xulgado ou Tribunal decidise non aplicala por entender que vulneraba dereitos fundamentais. Desde unha visión pragmática somos conscientes de que este tipo de pronunciamentos non abundan.

En terceiro lugar a opción que podería quedarnos sería acudir a un Recurso de Amparo ante o Tribunal Constitucional, xa que os mesmos dereitos básicos que se protexen na directiva europea veñen tamén recollidos na nosa constitución. Pero se volvemos ser realistas, non vía que esta solución nos fose a levar a bo porto. O noso Tribunal está, no momento actual colapsado, co que a resolución destes recursos se poden demorar anos e anos (mentres que todo o trámite ante o Tribunal Europeo levounos apenas ano e medio). Ademais, iso sempre que admitan a trámite o recurso, xa que a reforma da Lei Orgánica que regula o seu funcionamento dispón que só se admitirán aqueles asuntos que o Tribunal considere especialmente relevante, o que

deixa ao mero criterio do filtro inicial decidir que procesos vai resolver e cales non. E, por último, comparando as últimas sentenzas ditadas entre ambos os tribunais, viamos máis sensibilidade cara a unha análise con perspectiva de xénero á xustiza europea que aos nosos propios tribunais.

Por iso na nosa demanda explicamos e motivamos de forma extensa a vulneración do dereito á igualdade, tomando en conta a discriminación que sufría un colectivo feminizado, invisibilizado e vulnerable e solicitando ao xulgado que elevase esta cuestión ao Tribunal de Xustiza.

O seguinte paso foi celebrar unha vista oral no Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Vigo, ao que foi repartida a demanda no verán do ano 2020. Esta foi a primeira oportunidade que tivemos de poder explicar, e tentar convencer a un Xuíz de que a nosa lei, o noso sistema, e a situación vivida até a data era inxusta. E tiñamos a capacidade de modificala. Tamén foi o momento de preguntarlle á representante da Tesouraría Xeral da Seguridade Social que nos explicase o motivo ou razón de peso que puidese xustificar este trato desigual: por que? A resposta dada é que o seu papel era aplicar a lei, non interpretar os motivos ou razóns que a impulsaban.

Este foi o noso primeiro pequeno éxito, pois tras a vista ditouse unha resolución na que se admitiu elevar a cuestión prexudicial a Luxemburgo e se nos deu un prazo para persoarnos ante este Tribunal, continuando coa tramitación do procedemento xa en fase europea. Sen este paso non poderíamos ter seguido coa demanda; co que tamén é xusto recoñecer que o maxistrado deste Xulgado tivese a sensibilidade suficiente para decatarse do que estaba en xogo. Aínda así quedaba aínda un camiño por diante no que, en calquera momento, podíansenos parar os pés e desestimar a demanda ou o recurso.

O segundo paso foi, por tanto, persoarnos ante o Tribunal e darnos traslado das alegacións. Nesta fase acudiu na nosa contra, non só a representación letrada da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, senón tamén a Avogacía do Estado que representaba os intereses do “Reino de España”. Hei de apuntar que, aínda que a posteriori, tanto o goberno como o resto de institucións do Estado solidarizáronse coa causa; na realidade xurídica, mesmo máis aló de febreiro de 2022, no procedemento xudicial houbo unha oposición radical e constante a que o Tribunal admitise a demanda; sinalando en todo caso que había motivos de peso que xustificaba que o trato desigual non se puidese considerar como discriminatorio.

Ao longo desta fase, ademais de alegar cuestións formais para tentar evitar que o Tribunal admitise a trámite a cuestión de fondo, sinalaron entre ambas representacións (Tesouraría e Avogacía do Estado), que non existía discriminación xa que:

- Non se trataba dun colectivo que tivese especial necesidade de protección, debido a que en canto cesaban de prestar servizos nun domicilio atopaban

rapidamente traballo noutro. É dicir, tiñan un nivel de ocupación alto e unha taxa de desemprego practicamente inexistente.

142

- Había outros colectivos que tampouco tiñan dereito ao paro e que non tiñan protección por desemprego (no acto da vista oral concretaron como situacións comparables as dos parlamentarios, administradores de empresas ou representantes de entidades relixiosas quen tampouco teñen, en segundo que casos, dereito ao paro).
- Podería resultar un foco de fraude no acceso de prestacións xa que, ao desenvolverse a prestación de servizos en domicilios de particulares, isto representa unha dificultade para que a Inspección de Traballo poida entrar e comprobar se hai ou non actividade. Polo que podía ser que se chegara a acordos entre empregador/a e as traballadoras para, sen traballar, xerar dereito á prestación ou estar a cobrar o paro e continuar traballando no domicilio.
- E, por último, sendo este o punto máis perigoso, a existencia dunha motivación en atención a políticas sociais e laborais. O argumento se apoiaba en que o cambio podería xerar un desincentivo para a contratación formal. É dicir, tendo en conta o alto número de traballadoras que prestan servizos a través da economía mergullada, se encarecemos a prestación de servizos (por unha banda incrementado o seu custo ás familias ao ter que pagar o seu salario e un pouco máis nas cotizacións para cubrir esta prestación e, doutra banda, ao diminuír tamén un pouco o salario que ían percibir): todo isto se materializaría nun desincentivo para a súa contratación formal, incrementando por tanto o número de traballadoras en economía mergullada .

Moi brevemente, podemos concretar as nosas contra-argumentacións nas seguintes:

- 1º.- Entendo que é, canto menos, temerario sinalar que resulta innecesaria a cobertura ante unha situación de desemprego no feito de que se trata dunha actividade con moita empregabilidade; máxime cando non se deu ningunha cifra, dato ou información que corrobore tal feito, e que ademais, tampouco marcaría ningunha diferenza, xa que hai outros empregos, como os de Alta Dirección, que, por norma xeral non adoitan ter grandes períodos de inactividade entre contrato e contrato e que, aínda así e a pesar dos soldos que cobran, tamén teñen dereito ao paro.
- 2º.- Non se pode negar unha prestación de seguridade social por presumir que hai un grupo, sector ou relación laboral especial que é máis dada ao fraude por traballar no domicilio.

Primeiro porque é un principio básico que o fraude non se pode presumir. Hei de lembrar que, por exemplo, unha das profesións que peor fama ten sobre a posibilidade de cometer fraude, fama totalmente inmerecida, é a de traballo autónomo. E aínda así este colectivo ten dereito a unha prestación análoga á do paro, chamada "cesamento de actividade", que cobre a mesma situación de necesidade: ausencia de rendas derivadas do traballo por motivos alleos á vontade da persoa.

Segundo, porque hai outras medidas menos restritivas para controlar o fraude que o negar o dereito a prestacións básicas, como é dotar de maiores medios á Inspección de Traballo e ao cruzamento de datos entre administracións.

Terceiro, porque non resultan situacións comparables (tomando en conta as súas posibilidades de recolocación, retribucións, etc.) as que viven os parlamentarios (que por certo cobran unha indemnización cando cesan nas súas funcións), as que se desprenden do ministerio dun culto relixioso ou as de administración de empresas. O certo é que, adiantándonos no tempo, hei de sinalar que estes puntos de comparación alegados pola Tesouraría da Seguridade Social causaron especial perplexidade aos membros que compuñan o Tribunal e que se materializou en varias manifestacións e preguntas ao longo da vista oral.

E en cuarto e último lugar porque precarizar unha relación laboral non pode ter como xustificación que o seu abaratamento mellora o seu empregabilidade formal reducindo a economía mergullada. É dicir, o fin en ningún lugar xustifica os medios, porque en dito caso: Por que non regulamos para que se lles pague menos que o Salario Mínimo?; por que non reducimos as súas cotizacións á xubilación ou a incapacidade permanente? É dicir, onde está o límite? Non estamos ante dereitos básicos, indispoñibles, que protexen e dignifican o traballo? Seica non hai outros mecanismos para loitar contra a economía mergullada? Como é a facilitación dos trámites administrativos, de altas, baixas e modificacións de datos na Seguridade Social. Ou como é tamén dar información dos dereitos básicos e as consecuencias dos incumprimentos en materia laboral. Mesmo regular unha serie de bonificacións, reducións ou deducións nas cotizacións tomando en conta a relevancia que ten esta actividade para a nosa economía e as situacións particulares de cada unha das familias contratantes en canto á súa situación económica e necesidades. Non temos, ao igual que no resto de actividades, un sistema de control e inspección para tentar reducir a economía mergullada? E por último, o feito de mellorar as condicións de prestacións e dereitos destas traballadoras non é, pola contra, un incentivo para que esixan a súa contratación formal, como así sucedeu cando se integraron no réxime xeral da seguridade social, encarecendo o seu custo, no ano 2012?

Conforme ao exposto, establecéronse as liñas mestras das argumentacións que se ían a desenvolver.

Como seguinte paso neste camiño cara aos dereitos, tras o trámite de alegacións por escrito, o Tribunal preguntounos ás partes se entendiamos que era necesario o que houbera unha vista oral en Luxemburgo para poder resolver a controversia. Fomos os únicos que pedimos, de forma encarecida, que se desenvolvese a citada vista e argumentámolo en que era necesario o poder explicar as peculiaridades do noso sistema de seguridade social (ningún dos xulgadores era de nacionalidade española e descoñecían a nosa regulación específica) , matizando cada unha das respostas (algunhas un tanto parciais e interesadas) dadas polas partes a través do trámite escrito e que puidese permitir aos membros que compuñan o tribunal preguntarnos calquera dúbida que puidese xurdirilles. A nosa petición foi estimada e o 30 de xuño de 2021 fomos convocados á primeira hora da mañá á gran sala de vistas do Tribunal de Xustiza.

Como comprenderedes nese momento comezou unha sensación de vertixe, mareo e tremor que se mantería até cinco minutos comezando o acto. Se chegamos ata este punto, non merecía un último esforzo?

Acompañado pola miña amiga, a tamén avogada Bárbara Román, sen cuxo apoio este trámite tería sido moito máis duro, collemos o avión rumbo ao corazón do dereito europeo para acudir a unha vista que, a pesar de ter unha duración prevista de inicio dunha media hora, estendeuse durante máis de tres, nas que se puido argumentar dunha maneira máis ampla e extensa a situación e o dereito en lide. Todos os compoñentes do tribunal mostraron interese e curiosidade no asunto pois, practicamente todos, preguntaron ás partes por cuestións concretas; ademais de que tamén compareceu unha letrada en nome da comisión europea pola relevancia da materia para tratar.

O avogado xeral do tribunal, figura que non existe no noso sistema, indicou ao final da vista que estaba interesado en presentar un escrito de conclusións e que as mesmas se publicarían o 30 de setembro de 2021. Co que a sentenza final non se ditaría até despois desta data. Habitualmente, o informe do avogado xeral adoita ser utilizado polo tribunal como apoio na redacción das súas sentenzas aínda que non lles vincula de inicio. O certo é que nos volvemos a Galicia coa sensación positiva que nos xeraba a vista, esperando a que pasase o tempo até o Informe.

E chegou o día, o 30 de setembro foi o primeiro momento en que me dei conta que podíamos gañar; que podíamos ter ao alcance da man unha sentenza histórica que puidese recoñecer a tantas e tantas traballadoras algo que a lei lles viña denegando de forma sistemática; que podía haber marxe para a esperanza e a alegría. O avogado xeral, totalmente independente a calquera dos intereses ou visións subxectivas das partes, acaba concluíndo que si que concorría unha posible discriminación e que nin as argumentacións do estado nin a administración resultaban suficientes para limitar un dereito a unha prestación básica como era o do desemprego.

Foi tamén o primeiro fito no que os medios de comunicación, con carácter xeral e masivo, comezaron a facer eco do asunto; até a data só un par de xornais mostraran interese, pero a partir de entón xa era outra a voz a que falaba de discriminación no emprego doméstico e esa voz viña do norte, cun aire fresco que resumaba a dereitos de igualdade. Era o primeiro momento no que unha instancia europea sinalaba o que as propias traballadoras levaban anos reclamando e manifestándose diante de portas de ministerios que sempre se atopaban pechadas.

Con optimismo pero á vez con certo receo ante a imprevisibilidade do futuro quedamos agardando até o 24 de febreiro de 2022, data na que se dita a Sentenza e data na que se marca un antes e un despois na defensa do dereito á igualdade e na dignificación de toda unha profesión. A Sentenza vai debullando paso a paso cada un dos argumentos que anticipei.

Como primeiro punto recoñece que nos atopamos ante unha profesión totalmente feminizada sinalando que a súa propia doutrina determinou que cando unha norma como a actual desprende un efecto negativo cun impacto superior nas mulleres atopámonos cunha proba da existencia dunha discriminación por razón de sexo. Por tanto, o que queda por analizar é se hai algunha razón de peso que poida xustificar este trato desigual.

E debullando punto por punto vai desestimando os argumentos dados polo estado e a Seguridade Social sinalando que, en supostos como estes, nos que pode haber unha xustificación que sexa capaz de limitar dereitos (considera o tribunal un fin lexítimo o reducir a economía mergullada a través de políticas sociais); mais só se as medidas dispostas para alcanzar dito fin superan o xuízo de idoneidade, eficacia e proporcionalidade. É dicir se resulta o medio idóneo para loitar contra a economía mergullada, e non hai outros medios mellores e menos lesivos. Se ademais devandito medio é eficaz e por último se aínda sendo idóneo e eficaz non resulta proporcional tomando en conta o dano que provoca. O Tribunal recolle expresamente neste punto que o recoñecemento do paro é un requisito que dá acceso a outras prestacións e subsidios cuxa denegación provoca unha situación, e repito as súas palabras textuais, de "desamparo social". O que lles leva a concluír que os argumentos dados non xustifican o que a todo un grupo composto por miles de mulleres se lles denegue o acceso a unha prestación básica como é a do paro.

Como resumo do sinalado podemos facernos eco da nota sacada polo gabinete de prensa do Tribunal elaborada, o mesmo día que se dita a Sentenza: "*o Tribunal de Xustiza declara que a Directiva sobre igualdade en materia de seguridade social se opón a unha disposición nacional que exclúe as prestacións por desemprego das prestacións de seguridade social concedidas aos empregados de fogar por un réxime legal de seguridade social, na medida en que dita disposición sitúe ás traballadoras en desvantaxe particular con respecto aos traballadores e non estea xustificada por factores obxectivos e alleos a calquera discriminación por razón de sexo (...)*".

O Tribunal de Xustiza considera por último que a normativa española parece ir máis aló do necesario para lograr os obxectivos mencionados. En efecto, a exclusión da protección contra o desemprego implica ao parecer a imposibilidade de obter outras prestacións de seguridade social ás que poderían ter dereito as empregadas de fogar e cuxa concesión está supeditada á extinción do dereito ás prestacións por desemprego. Por tanto, esta exclusión entraña unha maior desprotección social das empregadas de fogar, que se traduce nunha situación de desamparo social.

Conforme ao resolto polo Tribunal non cabía ningunha dúbida que nos atopamos ante unha vulneración de dereitos fundamentais que debía ser corrixida canto antes cun impacto que, como esperabamos, non se vexa limitado só ao caso concreto, senón cun efecto xeral sobre todas as traballadoras do fogar.

De feito, tras saír nos medios a noticia, o Ministerio de Traballo manifesta que procederá a corrixir canto antes este erro histórico, procedendo, a maiores, a ratificar o convenio 189 da Organización Internacional do Traballo sobre as traballadoras e os traballadores domésticos. A OIT é un organismo da ONU especializado en dereito laboral que pretende unificar a nivel planetario, a través de tratados internacionais libremente asumidos polos estados, unha serie de dereitos mínimos a nivel mundial. O citado Convenio publicouse no ano 2011 incluíndo na súa exposición de motivos “a contribución significativa dos e das traballadoras domésticas á economía mundial, que inclúe o aumento das posibilidades de emprego remunerado para as traballadoras e os traballadores con responsabilidades familiares, o incremento da capacidade de coidado das persoas de idade avanzada, as e os nenos e as persoas con discapacidade e unha achega substancial ás transferencias de ingreso en cada país e entre países”. Así mesmo, tamén recolle que: “o traballo doméstico segue sendo infravalorado e invisible e que o realizan principalmente as mulleres e as nenas, moitas das cales son migrantes ou forman parte de comunidades desfavorecidas, e son particularmente vulnerables á discriminación con respecto ás condicións de emprego e de traballo, así como a outros abusos dos dereitos humanos”. A ratificación deste Convenio por parte do parlamento español se produce no mes de xuño do 2022.

Mentres tanto, recollendo as sementes que a sentenza do TJUE sementou nunha terra que ata entón estaba erma, comezaron a florecer diversas resolucións de tribunais de xustiza ao longo da xeografía española, que ían recoñecendo a mesma fundamentación, o dereito ao subsidio de desemprego³ ou ás prestacións do FOGASA⁴ (que cobren situacións de falta de pagamentos de salarios e indemnizacións por despedimento en supostos de insolvencias). Tamén se ditou, unha vez volveu a sentenza do TJUE ao xulgado vigués, a Sentenza que no caso de Mariana lle recoñeceu o seu dereito ás cotizacións facendo fincapé en que ambos os fins, loitar contra

3 Sentenza do TSX de Cataluña de 16 de marzo de 2022 dictada no RS 5506/21

4 Sentenza do Xulgado do Social nº 32 de Barcelona de 14 de mazo do 2022 dictada en autos 200/19

a economía mergullada e garantir os dereitos e prestacións básicas da seguridade social non son incompatibles, e as políticas sociais que emanen do estado deben encargarse de conseguir ambos os fins. Sentenza que habemos de volver incidir foi novamente recorrida pola Tesourería Xeral da Seguridade social, aínda que na data actual podemos xa dicir que a mesma foi desestimada adquirindo firmeza. 5

E pasou o que tiña que pasar, tras a Sentenza por fin o estado regulou a posibilidade de cotización, nunha análise máis ampla que tocou a figura da desistencia, a obriga de que sexa a parte empregadora a que dea de alta, baixa e ingrese as cotizacións de seguridade social, a pesar de que preste servizos menos de 60 horas ao mes a través do Real Decreto Lei 16/2022, do 6 de setembro, titulado “para a mellora das condicións de traballo e de Seguridade Social da persoas traballadoras ao servizo do fogar”, en cuxa exposición de motivos da norma recóllese:

“ A Sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, do 24 de febreiro de 2022, asunto C 389/20, estableceu con rotundidade que non son compatibles co ordenamento da Unión Europea as normas de Seguridade Social que sitúen ás traballadoras en desvantaxe particular con respecto aos traballadores e non estea xustificada por factores obxectivos e alleos a calquera discriminación por razón de sexo. (...) A equiparación de condicións á que se refire a sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea do 24 de febreiro de 2022 transcende o ámbito da Seguridade Social e chega tamén ao ámbito das condicións de traballo”.

Con todo aínda non hai unha plena equiparación e, aínda que sexa un día para celebrar, como todo avance que se produza na defensa dos dereitos, queda aínda moito camiño por percorrer, como poder regular dunha maneira efectiva o réxime de traballo das internas que se converteu nunha figura de explotación e abuso.

Esta última reforma toma en especial consideración que, en primeiro lugar, os empregadores son familias, non empresarios que exerzan unha actividade económica.

En segundo lugar, que as empregadas de fogar trátase dun colectivo que sufriu historicamente un trato discriminatorio; e, en terceiro lugar, que a actividade que desenvolven é relevante a nivel social e económico. Baixo estas premisas, con maior ou menor acerto podemos resumir a reforma nos seguintes puntos.

- 1º. Recoñecemento da prestación por desemprego e Fogasa. Na nova norma recoñécese por primeira vez o dereito das traballadoras á cobertura da prestación por desemprego cotizando para a súa cobertura a partir de outubro do ano 2022. Iso cunha serie de beneficios nas cotizacións; sendo o máis destacable que as achegas das e dos empregadores á cotización por des-

5 Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº2 de Vigo de 17 de marzo do 2022 (PA 93/20).

emprego e Fogasa terán unha bonificación do 80%. A maiores regúlanse reducións do 20% e do 45% ou 30 % de achegas por continxencias comúns en función dos supostos, dependendo da situación de patrimonio e/ou renda da familia cuxas condicións terán que ser fixadas por un futuro regulamento.

A mellora da protección é “cara ao futuro” pois non se lle recoñecen efectos retroactivos. O que quere dicir que calquera traballadora que sexa despedida até o mes de outubro do ano 2023 non percibirá ningún paro e, a partir de entón, só as contías mínimas, coma se empezase a prestar servizos para estes efectos no mes de outubro do ano 2022. A regulación parece canto menos discutible tomando en conta que a Sentenza do Tribunal Europeo ten sinalado que a norma española vulnera dereitos fundamentais e que, conforme o noso dereito, a vulneración de tales dereitos debe impoñer a obriga de reparar á vítima outorgándolle a protección que a norma infractora lle arrebatou. Co que lonxe de terminar a litixiosidade calquera traballadora que sexa despedida neste período podería presentar unha nova demanda alegando unha nova discriminación e solicitando o recoñecemento do paro por todo o período no que estivo dada de alta na Seguridade Social.

- 2º. Obriga ao empregador a cursar altas, baixas e modificacións na Tesourería xeral da Seguridade Social no suposto de contratos de menos de 60 horas mensuais. Antigamente, neste tipo de contratos podíase acordar que fose a empregada a que realizase todos estes trámites ante a administración. No momento actual, a partir do 1 de xaneiro do 2023, os e as empregadoras “asumirán as obrigas en materia de cotización” e “deberán comunicar á Tesourería Xeral da Seguridade Social, durante o mes de xaneiro de 2023, os datos necesarios para o cálculo e o pago das cotas da Seguridade Social, e en especial os datos bancarios precisos para o pago das cotizacións, así como a entidade xestora ou no seu caso colaboradora da Seguridade Social pola que optan a efectos da cobertura das continxencias profesionais”. O que se materializa nun avance na loita contra a economía mergullada, xa que pode ser máis fácil que a persoa empregadora cumpra coas obrigas inherentes á súa posición de contratante que a empregada; xa que esta moitas veces deixará de facelo por descoñecemento, demasiada complexidade nos trámites burocráticos e administrativos de darse de alta, baixa.... Ou mesmo por poder aforrarse os custos que implican as cotizacións ao ter un salario, moitas veces, de subsistencia.

Neste punto debería darse un impulso por parte das administracións no sentido de facilitar a xestión de alta na Seguridade Social e informar dunha maneira sinxela e eficaz dos dereitos en materia laboral e as obrigas xa que, como dixemos, a parte empregadora non se trata dunha sociedade que des-

envolve unha actividade lucrativa e adoita ter graves descoñecementos de tales dereitos básicos.

- 3º. Cotización polo salario real que se perciba. A partir do ano 2024 cotizarase polo salario real e non por tramos como se efectúa ata a data; o que tamén se corresponde cunha reivindicación do colectivo. 149
- 4º. Finalización da desistencia libre debendo formalizarse a través dun despedimento causal. Xa non se pode despedir a unha traballadora sen dar ningún tipo de motivo; só se poderá, ademais de por causas disciplinarias, polas seguintes causas:
- a) Diminución dos ingresos da unidade familiar ou incremento dos seus gastos por circunstancia sobrevinda.
 - b) Modificación substancial das necesidades da unidade familiar que xustifican que se prescindida da persoa traballadora do fogar.
 - c) O comportamento da persoa traballadora que fundamente de maneira razoable e proporcionada a perda de confianza da persoa empregadora.

Aínda que a indemnización será a mesma que estaba prevista para a desistencia e a causa por "perda de confianza" é moi parecida á que subxacía na desistencia (o que parece que limita os efectos da reforma); esixirá ao empregador que, na maior parte dos casos, teña que acudir aos servizos dun profesional que poida determinar se concorre ou non causa, e poida redactar a carta extintiva cumprindo as esixencias formais e de fondo.

- 5º. Prevención de riscos laborais. Recoñéceselles dereito a unha protección eficaz en materia de seguridade e saúde no traballo, especialmente no ámbito da prevención da violencia contra as mulleres, tendo en conta as características específicas do traballo doméstico, nos termos e coas garantías que se prevexan regulamentariamente a fin de asegurar a súa saúde e seguridade. O certo é que queda pendente o desenvolvemento regulamentario, prevese que sexa necesario establecer formación e algunha avaliación de riscos que permite limitar ao máximo os perigos que pode conlevar o desenvolvemento da actividade dentro dun domicilio. Por outra banda, é moi relevante que se inclúa, literalmente, como risco "a violencia contra as mulleres", xa que recoñece a existencia dunha violencia habitual que se adoita sufrir no ámbito do domicilio e que é moi difícil de probar e de atacar; o que esixe, por tanto, maiores mecanismos de prevención, protección e defensa. Este punto até que non se regule a través do regulamento non desprenderá grandes efectos; esperemos que, como xa resulta habitual, non acabe nun caixón.
- 6º. Lagoas de cotización. As lagoas de cotización correspóndense cos períodos nos que, ao longo da vida laboral, unha traballadora non cotizou, non

porque non quixese, senon porque non puido; por exemplo, ao atoparse sen traballo e como demandante de emprego. Eses períodos de cotización adóitanse computar a efectos de calcular as pensións de seguridade social. A xubilación, por exemplo, calcularase tomando en conta os 25 anos previos a xubilarse. Sumando e calculando a media destas cotizacións. Nos períodos nos que unha traballadora no réxime xeral teña lagoas non imputables á súa vontade farase a ficción de tomar en conta eses anos (cun máximo de catro) como cotizados con bases mínimas e o resto coa metade da base mínima. Se es empregada de fogar tomaránseche en conta como cotizados a cero euros. A reforma modifica este punto pero só a partir do 2024: o que implica que, para o emprego doméstico, as lagoas entre o ano 2012 e 2023 (e as de antes do 2012) seguiranse computando como a cero euros cotizadas. O que implica que se siga mantendo unha discriminación clara neste punto que se vai a materializar nunhas pensións aínda máis baixas (máxime se tomamos en conta que, en atención aos exiguos salarios que xa adoitan vir percibindo, as pensións de seu serán bastante baixas). Este punto reflicte que baixo a nova lei e tomando en conta o conflito de competencias que xorden entre os dous ministerios encargados de modificar a norma, o Ministerio de Traballo e Economía Social e o Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, se chegou a un pacto de mellora cara ao futuro, a cambio de que non implicara unha afectación económica cara a dereitos do pasado.

En síntese, podemos concluír con que nos atopamos coa primeira lei histórica ditada no noso país que implica un avance na regulación das empregadas de fogar pero que, con todo, non é tan pleno como o que se desprendía nun inicio quedando aínda moitos puntos aínda por desenvolver e tratar.

A loita polos dereitos continúa.

Referencias

Bayona, Eduardo (11/02/2022). El trabajo doméstico y de cuidados equivale a un 40% del PIB en España. <https://www.publico.es/economia/domestico-domestico-cuidados-equivale-40-pib-espana.html>.

Instituto Nacional de Estadística (2009). Encuesta de Presupuestos Familiares sobre hogares con servicio doméstico.

Organización Internacional del Trabajo (2021). Quiénes son los trabajadores domésticos. <https://www.ilo.org/global/topics/domestic-workers/who/lang-es/index.htm>

Capítulo 07

A “maxia” dos coidados no espazo común da vida

151

*Águeda Gómez Suárez*¹

1 A “maxia” dos coidados

Na nosa infancia sempre temos a impresión de que, por arte de maxia, as cousas funcionan sen saber moi ben como. A vestimenta pranchada nos caixóns, a comida feita, o baño limpo, a casa sen pó, a roupa lavada e seca..., que maravilla! Así que o chamado traballo reproductivo e de coidados parece operar sen apenas esforzo. Pero, isto é así? Quen xera esta “maxia” nos fogares? Nas nosas sociedades occidentais, coidado e traballo reproductivo é realizado “máxicamente” polas mans das mulleres, as crianzas orbitan en torno a nai quen debe coidalas, a través da “naturalización” da que algunhas autoras cualifican coma a “mística da feminidade” (Friedan, 2016).

Entón, quen axuda cos deberes, alimenta, coida, etc., á descendencia da familia? Dende a historia da humanidade e de todas as civilizacións, as actividades de mantemento son actividades estruturais fundamentais para a supervivencia do grupo humano. En efecto, hai sociedades complexas na actualidade sen cerámica, agricultura ou sen metalurxia; porén, non hai ningunha que non posúa un mecanismo para alimentar, coidar e socializar as novas persoas integrantes da comunidade; polo que estas actividades de mantemento ubícanse no centro da explicación histórica sobre a orixe das sociedades humanas.

A antropoloxía física lémbra-nos que a xestación na especie humana, ao contrario que outros mamíferos, precisa 21 meses para chegar a termo, o que supón que o primeiro ano de vida dunha crianza é en estado fetal; polo tanto, sacar adiante a unha criatura obriga a unha dedicación absoluta para que poda sobrevivir e crecer sen dificultades. Por todo isto, a crianza é un traballo de coidados especializado e moi intenso que require un forte gasto de enerxía, coñecementos e entrega permanente (Sanchez Romero, 2018).

¹ Profesora socioloxía da Universidade de Vigo. Grupo de investigación Saúde, Sexualidade e Xénero, UVigo.

Neste senso, a supervivencia das especie humana fronte a outras especies, non reside na lei dos e das máis fortes, produto dunha competitividade ao modo *darwiniano*, senon dos mecanismos de solidariedade dos que nos dotamos os seres humanos en sociedade, que reforzan a cohesión grupal e atende as persoas máis febles.

2 Poñer a vida no centro

A arqueoloxía, a antropoloxía física e a filosofía feminista lembran que os seres humanos son seres “coidados” máis que seres sociais (De Miguel, 2021), sinalando que un dos primeiros trazos civilizadores de toda a sociedade humana é o sistema de coidados que engloba a domesticidade, o mantemento, a crianza, a socialización e a atención á dependencia. Como se sinalaba anteriormente, aínda que houbo sociedades que subsistiron sen agricultura nin metalurxia, non hai sociedade ao longo da historia que sobrevivise sen un mínimo sistema de coidados.

Unha vez, a sabia antropóloga norteamericana Margaret Mead preguntáronlle cal fora o elemento civilizatorio máis importante para entender o proceso de hominización e o desenvolvemento das sociedades humanas. Todos pensaron que diría “o descubrimento da roda”, “a aparición do lume”, etc... Cal pensas que dixo esta famosa antropóloga? Para sorpresa de todo o mundo, ela sinalou que o achado fundamental para entender a civilización humana era un fémur roto que aparece nunha antiga escavación arqueolóxica. Pero, por que? Pensaron as persoas que escoitaron as súas palabras. Ela dixo: *“Porque ese fémur roto recibira unha curación para soldalo e recuperalo, e eses coidados cara unha persoa inválida do grupo, era un feito que nos distinguía do resto de seres vivos. En vez de abandonar aos membros enfermos do grupo, os humanos optamos por coidar ao máis feble”*.

Este poñer a “vida” no centro foi unha dos grandes fitos históricos sinalados pola antropoloxía física e cultural: é o caso do fémur roto curado sinalado pola antropóloga Margaret Mead ou o achado da nena Benjamina en Atapuerca. Benjamina, que significa “a máis querida”, é o Cranio 14 descuberto na Sima dos ósos en Atapuerca pola investigadora Ana Gracia Téllez. Ese cranio, que ten máis de 430.000 anos de antigüidade, pertenceu a unha nena de dez anos con discapacidade, que padecía unha rara patoloxía chamada *craneosinostose* que determinou que, ao longo do seu crecemento, o cranio sufrise unha forte deformación que tamén lle afectou a cara e lle provocou un grave retraso psicomotor. Esta rapaza non tería vivido até esa idade sen o amor e coidado do seu grupo. Este achado foi un dos dous descubrimentos máis importantes da paleoantropoloxía mundial, o que tivo lugar no verán de 2001 no xacemento de Burgos. Isto indica claramente que non só non foi rexeitada polo colectivo, senón que tivo que recibir máis atención que o resto de nenas e nenos da poboación.

Por iso, Charles Darwin entendía que o grao de cooperación dos seres humanos pódese considerar un elemento extraordinario dentro do reino animal, xa que non existe outra criatura capaz de constituír sociedades tan grandes, formadas por individuos alleos e que sexan capaces de renunciar no seu propio beneficio, e ás veces a vida mesma, polo ben común.

Neste sentido, resulta un rasgo civilizatorio o coidado que, dende que existen rexistros, os seres humanos proferimos aos integrantes máis febles da nosa comunidade; e isto explica que unha especie tan aparentemente débil como a nosa acabara sendo hexemónica no noso planeta. Os seres humanos somos enormemente culturais, pasamos por un proceso cultural que ao longo de centos de miles de anos chegou a facerse máis importante que a propia evolución biolóxica.

Darwin era ben consciente de que este altruísmo do ser humano é moi difícil de explicar. A extraordinaria sociabilidade humana ten as súas raíces evolutivas no que el chamou “espírito simpático”, que está presente en moitos animais. Pódese traducir este espírito de simpatía como afecto entre iguais, e é un sentimento innato que está claramente presente nas relacións de moitos animais (sobre todo aves e mamíferos) e que favorecería a sociabilidade. El observou que os grupos humanos máis cohesionados con individuos máis cooperativos prevalecen sobre aqueles outros grupos menos unidos, que estaban conformados por individuos máis egoístas (Van Schaik, 2016).

Esta expansión do afecto foi un salto revolucionario. Con esta idea, Darwin colocou no centro da evolución humana o coidado das persoas vulnerables. Polo tanto, o primeiro paso na evolución do amor sería a extensión do afecto cara ás persoas menos favorecidas ou discapacitadas do colectivo.

Na actualidade, as tarefas de coidados e do fogar seguen sendo eminentemente femininas. Son as mulleres as que asumen a maior parte desta carga de traballo non remunerado e infravalorado e, por iso, invisible. A economía dos países sostense inxustamente no corpo das mulleres. Pero, por que consentimos como sociedade esta flagrante inxustiza? E culpa do mito do “amor romántico”?

Para algunhas autoras feministas, a construción amorosa patriarcal ten como finalidade garantir que se leve a cabo correctamente a función de coidado porque é o sostén da vida, pero ocultando o seu valor para que se realice sen recoñecemento e en condicións de explotación e de subordinación. A manobra consistiu en asignarlles esa función primordial ás mulleres. Así, a sociedade procura que interioricen profundamente os mandatos e as atribucións a través do xénero para que se ocupen do coidado de forma eficaz e eficiente para o conxunto da sociedade; sen embargo, o que pode resultar funcional para o conxunto, para elas implica exclusión, usurpación e sometemento. Esas relacións de poder leva a moitos homes a sentirse lexitimados para exercer violencia co obxectivo de manter a posición de privilexio.

Porque o patriarcado é unha forma de organización social, de organización política e de organización económica que coloca aos homes nunha posición de poder e as mulleres nunha posición de subordinación: o machismo que é a raíz das múltiples formas de violencia contra as mulleres. Todo este “patrón estrutural” que podemos cualificar como “patriarcado” pasa factura as mulleres, en forma de cansanzo, enfermidades, carga mental e menos tempo de lecer e descanso. Pero esta situación desigual e inxusta, ocorre en todas as sociedades do mundo? E foi sempre así?

3 O patriarcado: unha anomalía histórica

No comezo dos tempos, homes e mulleres posuían relacións de maior igualdade. Foron o sedentarismo, a división sexual do traballo, a propiedade privada e a familia nuclear os que acabaron cambiando a situación. Unha importante historiadora, Gerda Lerner (1990) rastrexou a orixe do sistema patriarcal, que chega a consideralo como a primeira forma de escravitude, opresión e explotación entre seres humanos que despois serviu de “inspiración” para deseñar os sistemas escravistas, racistas, de castas ou o propio sistema de clases sociais capitalista.

Pero, viaxemos no tempo cara o noso pasado. A investigación da prehistórica amosa que a fase na que a muller estivo supeditada ao home só representa o dous por cento do conxunto da evolución do *Homo sapiens* (Van Schaick, 2016); polo que podemos concluír que o patriarcado é unha anomalía da historia da humanidade.

Semella que os libros de historia que estudamos na escola e na universidade, onde aparecen os homes das cavernas como brutos e musculados dedicados á caza e que arrastran do pelo as mulleres até a cova, o lugar no que elas cociñan e coidan das cativas e cativos, son un invento sen base científica. Foi unha astuta estratexia patriarcal para convencernos de que o noso lugar “natural” era a casa e o coidado da prole, -froitado do innato “instinto materno”- porque así fíxose sempre... Todo era mentira!

Noutras sociedades, toda comunidade no seu conxunto colabora nestas tarefas esenciais de supervivencia e mantemento. Neste senso, é indubidable que un dos rasgos civilizatorios máis destacados do proceso de hominización é a capacidade de cooperación e coidado. Nas sociedades recolectoras-cazadoras pasadas había moitas actividades das que se encargaban ambos sexos, eran sociedades pre-patriarcais, como sinala a antropóloga austríaca Riane Eisler (2021). As mulleres, igual que os homes, cazaban, recolectaban tubérculos e froitos e incluso loitaban; de ahí a cantidade de tumbas nas que as mulleres eran enterradas coas súas armas de caza e de defensa. O mesmo ocorre nas poucas sociedades recolectoras-cazadoras actuais que aínda perviven. Certamente, o segredo do éxito do ser humano reside nesa capacidade única para traballar en equipo e non existe ningunha limitación biolóxica

que decida a nosa forma de vivir. Basta con fixarse nos nosos parentes máis achegados: os bonobos, que viven dun xeito grupal e, pese a que os machos son máis grandes cas femias, son elas as que dominan a comunidade e todos/as crían a prole de forma comunal.

Cando as sociedades se fixeron sedentarias e comezaron a practicar unha agricultura sinxela, mulleres e homes realizaban unha crianza cooperativa –pois fai falla un pobo enteiro para educar a cativada- e traballaban a terra nun réxime de propiedade comunal colectiva, como os nosos montes comunais que aínda perduran nas aldeas galegas!

A arqueóloga María Gimbutas comezou a escavar os vestixios arqueolóxicos de Çatalhöyük, un poboado neolítico -o Paleolítico remontase a 30.000 anos no pasado e o Neolítico a máis de 10.000- da Anatolia turca onde, ademais de atopar moitas figuras femininas extraordinarias en contextos rituais, observou que as familias tiñan almacéns nas súas casas, pero todas as casas eran iguais e todos os almacéns tiñan o mesmo tamaño e estaban igual de provistos. Tivo que pasar tempo antes de que as sociedades estenderan a idea da propiedade privada á terra e ao gando.

Un grupo de científicas e científicos como a extraordinaria médica e paleo-antróloga galega María Martínón-Torres sosteñen que foi na revolución neolítica cando se agudizou a división do traballo por sexo/xénero. Por unha banda, a introdución da agricultura transformou de forma radical a obtención dos alimentos, relegando cada vez máis á caza. Por outra banda, porque a aparición de núcleos de poboación favorece a división sexual do traballo, facendo xurdir elites e castas, incluída a dos guerreiros; é dicir, que no longo camiño cara a dominación masculina o exercicio da forza ou a violencia asociada aos homes durante o neolítico foi fundamental.

En efecto, coa agricultura cada vez máis intensiva e produtiva, o equilibrio nas relacións entre sexos comezou a perderse. Tamén crece a natalidade froito desta sedentarización. Onde melloraron as colleitas e creceu a prole, espertouse a cobiza dos demais e o control da reprodución e do corpo das mulleres. Xurdiu unha propiedade e unha descendencia que había que controlar e defender; isto xerou desigualdades de poder e materiais na sociedade. E o poder, facer a guerra, controlar... converteuse en cousas dos homes, cada vez máis privilexiados, cada vez máis poderosos. Espécúlase que antes eran os mozos os que abandonaban a comunidade para casar, porque o prioritario era evitar a consanguinidade (matrilocalidade e matrilinealidade). Pero despois foron as mozas recentemente casadas as que tiveron que mudarse. Nos seus novos fogares eran de fóra, non tiñan parentes, non tiñan redes de apoio (patrilocalidade e patrilinealidade).

A duración da prehistoria mídese en milenios, -o Paleolítico se remonta a 30.000 anos no pasado e o Neolítico a máis de 10.000-. A guerra, que chegou coa Idade de Ferro, non ten máis de 5.000 anos. Non hai evidencias de que a xente a practicou na

prehistoria. A guerra forma parte dun sistema cuxo obxectivo era manter as xerarquías da dominación.

156 O dominio dos homes comeza coa nova posibilidade de acumular propiedade, o extractivismo destructor e o control da descendencia e, polo tanto, do corpo das mulleres. Algunhas investigacións apuntan a que os donos daquela propiedade quixeron deixala aos seus descendentes, que á súa vez víronse na obriga de defendela. O control do potencial sexual e reprodutivo das mulleres ten sido clave en todos os réximes represivos da humanidade. Neles xustifícase ideoloxicamente que as mulleres non teñen ou perderon a capacidade de elixir moralmente. As mulleres convertéronse en máquinas para criar bebés, para producir herdeiros varóns (Van Shaik, 2016).

Co inicio da escritura remata o período que cualificamos como prehistoria, e comeza un tempo no que as elites apuntalan o seu poder grazas a institucionalización das súas normas proto-patriarcais, e que a escritura permitiu contabilizar e controlar o excedente, establecer normas, impulsar o comercio, rexistrar historias e lendas, apuntalar o poder das elites. Agora os homes podían comportarse como seres egoístas e privilexiados fronte a elas. Tardaron miles de anos en que a desigualdade social alcanzase proporcións despóticas e, o máis dramático, para que as mulleres fosen convertidas nunha mercadoría e man de obra escrava. A desigualdade social aumenta nas sociedades humanas.

Sen embargo, houbo resistencias a esta tendencia histórica. Por exemplo, a civilización Minoica o Cretense, nas illas de Creta entre os anos 3000 e 200 antes de Cristo, resultou un exemplo de colaboración entre homes e mulleres e como unha alternativa ao modelo da dominación que rexía nas cidades-estado gregas e romanas da antigüidade. Supón a última supervivente do vello orden de colaboración do Neolítico (Eisler, 2021).

Coidar, alimentar, sanar, socializar ou manter os espazos de hábitat son labores imprescindibles e estruturais en calquera sociedade, por iso existen unhas poucas sociedades actualmente que resistiron aos aires patriarcais da historia e hoxe se organizan e estruturan ao redor da “vida”.

4 Espazos “libres” de patriarcado: colaborar sen dominar

Na actualidade hai sociedades nas que se priorizan ou se atenden as persoas dependentes? Sociedades onde xira a centralidade arredor do “colectivismo” e da axuda mutua? Pero como viven estas sociedades? E que beneficio xera estas formas de organización social?

Toda sociedade desenvolve pautas simbólicas ou formas de entender o mundo na súa relación con outros seres humanos, a través e máis alá, para guiar o comporta-

mento humano. Neste sentido, hai sociedades non occidentais onde o seu contrato social non está priorizado nin protexido das persoas dependentes, onde a centralidade política xira arredor do "colectivismo" e da axuda mutua. Pero como viven estas sociedades? E que beneficia xera estas formas de organización social?

157

A antropóloga Peggy Reeves Sanday (1981) é una das que respostou a este interrogante. Algunhas sociedades que ela cualifica como sociedades abertas, se estima, respecta e admira ao mundo tradicionalmente feminino (xestación, parto, lactación, crianza, etc.), equilibrando o poder simbólico do mundo feminino e do mundo masculino.

Como corresponde a unha "sociedade de nais", prevalecen as lóxicas do "coidado" e do colectivo, tanto a nivel institucional como social e o mundo fisioloxicamente feminino é estimado, respectado e admirado (embarazo, parto, lactación, etc.), equilibrando o poder simbólico do mundo feminino e do mundo masculino. Este feito contrasta coa nosa sociedade occidental, máis centrada nos valores individualistas, produtivistas e consumistas que se traduce en frecuentes problemas de imposibilidade de conciliación do mundo laboral e educativo, etc.

Mais, como viven estas sociedades matriarcais ou matricéntricas? A recoñecida antropóloga Margaret Mead (2006), durante a década dos trinta do século XX, demostrou a existencia de sociedades con roles de xénero con atribucións distintas ao canon occidental, como demostran as súas etnografías comparadas entre os pobos Arapesh, Mundugumor e Tchambuli. Segundo Mead, na sociedade Arapesh só hai un xénero, que en Occidente chamamos feminino, porque estas persoas son extremadamente mansas e afectuosas, e tanto homes como mulleres atopan un grande pracer en coidar aos nenos, na cooperación e a atención aos necesidades dos demais (Mead, 2006). Chama a atención que os habitantes desta vila non están sometidos a presións sociais para que homes e mulleres se dediquen a diferentes tarefas. O pobo Tchambuli, pola súa banda, parece ter papeis e temperamentos de xénero invertidos, xa que as mulleres Tchambuli son dominantes e cun trato impersoal cos demais, dedícanse á pesca e á fabricación de mosquiteras; mentres que os homes, dependentes emocionalmente das súas esposas, dedican a maior parte do seu tempo a tarefas artísticas como facer vestidos, maquillarse e vestirse para bailes rituais. A importancia do traballo de Mead reside no feito de que demostrou que non existe unha correspondencia natural estrita entre o sexo e o xénero, e que o fixo nun momento no que a antropoloxía daba por feito esta correspondencia (Mead, 2006).

As sociedades contemporáneas que responden a este patrón cultural son moi diferentes entre si. Por exemplo, entre os Bijagós de Guinéa Bissau (Gómez, 2008), as mulleres, polo feito de poder dar vida, concíbense capaces de dar morte, e son moi temidas e veneradas polos homes. Ademais, a principios do século XX, estaban baixo o goberno dunha raíña "a Raíña da Pampa", que impediu que este arquipélago

fose conquistado polos portugueses (Gómez, 2008). Entre os Bijagós recoñécese que son as mulleres as que máis “saben” e as que deben gardar os “segredos” da comunidade; polo tanto teñen máis poder e son máis respectados que os homes. O mito da orixe deste pobo descansa na idea de que o primeiro ser humano que poboou a terra foi unha muller e as súas catro fillas, que orixinaron os catro clans nos que se reagrupan os bijagó: oraga, orácuma, ogubane e ominca. Esta muller primitiva, chamada Akapakama ou Kapakama, iniciou a cerimonia do fanado, o rito de iniciación que os bijagós empregan para educar e socializar aos mozos, transmitindo as normas, valores, coñecementos e regras que rexen esta sociedade e que “humaniza” ao ser humano contra o mundo animal. Neste caso, a dimensión simbólica é determinante á hora de entender que as mulleres bijagó gozan na actualidade de alto poder e respecto social entre a súa poboación e que existe un certo equilibrio de poder entre ambos xéneros (Gómez, 2008).

Outro exemplo de orde sociosexual alternativa atopámolo no sur de México, no istmo de Tehuantepec, sociedade zapoteca onde prima a lóxica redistributiva e recíproca (Polanyi, 1989), e onde se lle outorga o maior status social a quen “da máis”, en comparación co que “máis ten”. Tradicionalmente, as mulleres son as que controlan o comercio rexional e xestionan a economía monetaria e os bens familiares, son tamén o epicentro do complexo sistema festivo, comportándose habitualmente como “seres propios” en canto á súa diversión e ocio (beber, bailar e rir nas noites eternas) anteponse ao ben común familiar (o “ser para os demais”). O proxecto vital da muller constrúese emocional e economicamente de forma autónoma respecto dos homes (parella, pai, irmáns...) (Gómez, 2008).

Hai outro lugar, no sueste de China onde viven o pobo Mosuo, unha sociedade matrilineal de orixe tibetana, como os Khasi, Jaros e Jaintias na India, onde non existe a figura do “pai biolóxico”, xa que a descendencia está organizada matrilinealmente e son as mulleres as que reciben aos seus amantes na súa casa; e deciden con quen, como, cando, cantos e durante canto tempo.

Certamente, o modelo occidental de sexo/xénero non é un modelo universal, xa que os privilexios, poderes e estereotipos son diferentes nas diferentes culturas. Porque, efectivamente, non existen verdades transhistóricas ou transculturais en relación ao xénero no mundo, é dicir, a maternidade, por exemplo, non significa o mesmo en todas as sociedades nin a idea de masculinidade; todo é un produto sociohistórico e continxente.

5 Covid e coidados. Os coidado sosteñen o mundo

O coidado explica a esencia das relacións humanas porque é o sostén da vida. Así, se fosemos quen de establecer o coidado como centro organizador da economía e

da sociedade e de distribuílo baixo principios democráticos, construíriamos unha sociedade máis libre e sostible desde un punto de vista social, económico e ecolóxico. O coidado está no núcleo do poliédrico concepto de amor, tanto no plano persoal coma político.

Durante a pandemia, o mundo parou para, precisamente, coidar, curar e procurar o benestar. As últimas investigacións indican que o factor clave para explicar o impacto do covid en cada país está relacionado co grao de confianza interpersonal: canto máis cohesión social, máis confianza cos demais e mellor saúde. De aí a importancia de poñer a vida no centro.

A mediados do século XX, unha pequena localidade dos Estados Unidos, Roseto (Pensilvania), poboada por inmigrantes italianos chamaba a atención pola extraordinaria saúde cardiovascular da súa poboación. Tras analizar múltiples variables, observouse que nin comían mellor, nin fumaban menos, nin bebían menos... Sinxelamente, en Roseto había cohesión social, a xente vivía en comunidade, en harmonía, axudándose. Cero estrés. Estes factores sociais protexían os corazóns da súa poboación.

Sesenta anos despois, unha pandemia brutal sacudiu ao planeta, e como conclúe un estudo publicado na revista *The Lancet*, a confianza social se asocia de forma clara e rotunda con menos infeccións durante os primeiros 21 meses de pandemia: máis cohesión social, máis confianza coas outras e outros, mellor saúde.

Neste senso, a Covid foi un revulsivo civilizatorio onde a "sustentabilidade da vida" e a economía dos coidados cobraron un protagonismo especial, debido á evidencia da fragilidade das nosas vidas e da nosa existencia e o denominado conflito capital-vida (Pérez Orozco, 2019) que todos estamos a vivir; incluso os machos alfa precisaron de coidados, véxase o caso de Boris Johnson, e a importancia central que está a ocupar a atención vital e sanitaria.

Na actualidade, asistimos a un cambio radical no paradigma antropolóxico que foi hexemónico nas sociedades occidentais patriarcais e capitalistas. Neste momento histórico dramático que atravesa en maior ou menor medida toda a humanidade, xerado pola pandemia provocada polo coronavirus Covid 19, é fundamental incluír a perspectiva de xénero no enfoque da pandemia e do mundo postpandémico. Á hora de abordar estudos científicos relacionados cos impactos da Covid no mundo en xeral, e na nosa sociedade en particular.

De todo isto debería xurdir un novo "contrato social" onde se poña a vida no centro, como sinala a economía feminista. Xa non se pode apelar á "bondade das mulleres" en coidados, hai que politizar este espazo estratéxico e vital para a supervivencia social e convertelo nunha política de Estado, evitando sempre o sexismo e a división sexual do traballo no deseño destas novas políticas públicas.

5.1 Conflictos capital-vida

Esta situación de pandemia ameaza con converterse nunha regresión para as mulleres; un regreso ás tarefas do fogar, á chamada “mística da feminidade e a maternidade” (Friedan, 2016). Neste contexto, seguirán sendo as mulleres as que con maior frecuencia deben dedicarse aos coidados en situacións extremas?.

Segundo ONU Mulleres, son as mulleres as que asumen o invisible e frecuentemente non remunerado traballo dos coidados. O noso traballo, o traballo e o corpo das mulleres, sostén ao mundo; Por esta razón, as mulleres teñen dúas horas menos de ocio ao día (ao día!) que os homes. Sen embargo, paradoxalmente, as análises económicas convencionais céntranse case exclusivamente en contar e/ou analizar tendencias relacionadas coa economía de mercado (bens e servizos producidos, custos salariais, horas pagadas, prezos, etc.). Porén, deixan de lado o valor do traballo producido nos fogares, o traballo doméstico, realizado maioritariamente por mulleres.

Se incluímos o traballo de coidados profesionalizado, o 70% do persoal sanitario e a clase coidadora no mundo son mulleres (ONU Mulleres). Segundo o Instituto das Mulleres, as mulleres representan o 68% dos e das profesionais sanitarias, e destas persoas, o 50% son médicas, o 72% farmacéuticas, o 81% psicólogas e o 84% enfermeiras no contexto español. É dicir, fomos as mulleres a primeira liña na fronte nesta “batalla” contra o virus. As tarefas de coidados e do fogar seguen sendo eminentemente femininas. Son as mulleres quen asumen a maior parte desta carga de traballo non remunerado e, por iso, invisible. A pandemia ten evidenciado a súa importancia vital e a necesidade de crear modelos sociais que os poñan en valor. Durante o confinamento, se reforzaron os mecanismos de reprodución da desigualdade antes existentes. A “carga global de coidados” é un dos principais factores responsables da feminización da pobreza no mundo nas nosas sociedades contemporáneas.

Fronte ao paradigma clásico da economía que ignora o traballo doméstico e o seu papel na economía contabilizada e monetizada, xurdiron outros estudos alternativos que quixeron calcular o valor monetario ao PIB – o Produto Interior Bruto dun país, é dicir, a súa riqueza- deste traballo de coidados e reprodutivo feminizado. E que descubriron? Cal foi o seu gran achado e sorpresa? Por exemplo, tal e como calculou a socióloga María Ángeles Durán (2000), este valor, medido en termos económicos, non é pouco: os traballos non remunerados representan o 53% do PIB no estado español. Grazas a estas mentes inquietas, críticas e feministas, os enfoques económicos resultantes incorporan unha visión máis completa e realista da economía e ademais destacan a gran contribución que o traballo doméstico e familiar das mulleres supón para a economía e a sociedade.

Estas intrépidas científicas sociais transgrediron as análises económicas convencionais centradas case exclusivamente en contar e/ou analizar tendencias relacionadas coa economía de mercado (bens e servizos producidos, custos salariais, horas paga-

das, prezos, etc.), e apostaron por incluír o valor do traballo producido nos fogares, o traballo doméstico, realizado maioritariamente por mulleres.

Hai unha década, a investigadora xa citada María Ángeles Durán (2000) cuantificaba o traballo de coidados invisibles e non remunerados e deduciu que equivalía a 28 millóns de empregos. Polo que ese tipo de traballo era un 30% superior ao conxunto do mercado laboral anual. Segundo a Organización Internacional do Traballo (OIT), as mulleres, de media, dedican o dobre de tempo que os homes ao traballo doméstico e ao coidado da familia nos países da OCDE. Nos países en desenvolvemento, as mulleres dedican cinco veces máis tempo aos coidados que os homes. En España, as mulleres dedican, de media, dúas horas e cuarto máis que os homes ao traballo doméstico cada día, segundo a última Enquisa de Uso do Tempo do INE (2011). España xa era un país débil en materia de conciliación antes da pandemia. O Estado de Benestar “familista” español caracterízase por seguir un modelo asistencial, de protección de baixa intensidade, onde lle corresponde a responsabilidade de atender as necesidades dos membros dunha familia, especialmente a “determinados” familiares -mulleres-, os principais provedores de coidados: xestión do fogar, crianza dos fillos/as, asistencia a persoas con discapacidade e/ou dependencia (Vázquez e Verde-Diego, 2020).

Unha ciencia androcéntrica non nos salvará, só nos pode salvar unha ciencia inclusiva... é preciso unha nova epistemoloxía e revolución científica de inspiración feminista, una verdadeira “conciencia crítica de especie”

É necesario un cambio de paradigma civilizatorio para resolver a tensión estrutural capital-vida (Pérez Orozco, 2014) que se agravou como consecuencia desta terrible pandemia que estamos a padecer, feito que cobra especial protagonismo, pola fragilidade de vida que todos estamos a vivir, e a importancia central que está a ter a atención vital e sanitaria en moitas das trágicas situacións derivadas desta epidemia zoonótica que sitúa no centro a “sustentabilidade da vida”. É necesario un novo “contrato social” onde se poña no centro a vida, que non sacrifique de novo ás mulleres (o seu recoñecemento social e científico, a súa saúde e a súa economía), a reaccionaria “mística da feminidade dos coidados” e que ilumine un novo mundo máis igualitario, humano e xusto.


Referencias

De Miguel, Ana (2021). *Ética para Celia. Contra la doble verdad*. Madrid: Ediciones B.

Durán, María Ángeles (2000). *La contribución del trabajo no remunerado a la economía española*. Madrid: Instituto de la Mujer.

Eisler, Ryan (2021). *El caliz y la espada. De las diosas a los dioses: culturas prepatricarcales*. Madrid: Capitán Swing.

- Friedan, Betty (2016). *La mística de la feminidad*. Valencia: Cátedra Colección Feminismos.
- Gómez, Agueda (2008). *Matriarcados, etnicidad y sistemas sexo/género analógicos y digitales: los bijagós (Guinea Bissau) y los zapotecas (México)*. Vigo: Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo.
- Lerner, Gerda (1990). *La creación del patriarcado*. Madrid: Editorial Crítica.
- Mead, Margaret, (2006). *Sexo y temperamento en tres sociedades primitivas*. Barcelona: Paidós.
- Pérez Orozco, Amaia (2014). *Subversión feminista de la economía. Aportes para un debate sobre el conflicto capital-vida*. Madrid: Traficantes de Sueño.
- Polanyi, Karl (1989). *La gran transformación*. Madrid: La Piqueta.
- Reeves Sanday, Peggy (1981). *Poder femenino y dominio masculino. Sobre los orígenes de la desigualdad sexual*. Barcelona: Editorial Mitre.
- Sánchez Romero, Margarita (2019). "La construcción de los discursos sobre las mujeres en el pasado: las aportaciones de la arqueología feminista", *Paradigma: revista universitaria de cultura* 22, 92-95.
- Van Shaick, Carel and Michel, Kai. (2016) *The Good Book of Human Nature: An Evolutionary Reading of the Bible*. New York: Basic Books
- Vázquez, Iria e Verde-Diego, Carmen (2020): "Implementación del enfoque de género en un proyecto de investigación-acción sobre exclusión social", *Interacción y perspectiva: Revista de Trabajo Social* 10 (1), 3-28.



Miscelánea

Serie de textos misceláneos

Últimas publicaciones na colección

Un gigante entre pigmeos. Rescatar a Marx de los “marxistas” (2024)

Xoán Hermida

Galicia: Un país desnortado e minguante (2024)

Albino Prada Blanco

La piedra de los monumentos gallegos: formas de alteración y procesos de deterioro (2024)

Benita Silva Hermo

Gibraltarians and their language. 22 linguistic biographies (2024)

Elena Seoane, M. G. Sanchez, Lucía Loureiro Porto e Cristina Suárez Gómez

As fugas de recursos, mito ou realidade colonialista en Galicia? Análise a través das políticas europeas de innovación empresarial (2024)

Diego Sande Veiga



Non nacemos para coidar

A realidade dos coidados desde unha perspectiva de xénero

Non nacemos para coidar é un libro colectivo e interdisciplinar que percorre os conceptos e as realidades poliédricas dos coidados desde unha perspectiva de xénero. Os e as autoras de diversas especialidades (a pre-historia, o dereito laboral, a socioloxía, a economía, o traballo social) van desgranando a situación sobre todo das traballadoras domésticas e de coidados. Somos herdeiras neste libro do camiño aberto polo movemento feminista dos anos 1970, que puxo sobre a mesa que nunca imos mudar a desigualdade existente entre homes e mulleres no eido público até que non consigamos maiores cotas de igualdade dentro dos fogares (e sobre todo, nos coidados). As mulleres somos maioría nos empregos a tempo parcial —en Galiza, o 74,6% son de mulleres—, e tamén somos ampla maioría na petición de permisos de coidado. As mulleres inmigrantes ocupan moitos traballos de coidados, vivindo ademais nunha

“cadea global dos coidados” que as conecta cos seus países de orixe.

Temos dous sistemas (o capitalismo e máis o patriarcado) que ben entrelazados desprezan o sostemento da(s) vida(s). Poñer os coidados no centro é unha ferramenta multiplicadora para acadar a igualdade. Supón falar do noso dereito ao auto-coidado, do reparto igualitario do traballo dentro do fogar, da esixencia de dereitos laborais das empregadas do fogar, etc. Non nacimos para coidar entra a fondo nestes debates, apostando por unha dignificación das súas condicións laborais, fronte a unha (perigosa) “ética reaccionaria dos coidados” que supostamente valora o traballo que as mulleres facemos, mais pasando por unha renuncia do noso propio benestar para servir a outros, ese “ser-para-outros” perverso do que xa nos advertira Simone de Beauvoir en 1949.



Servizo de Publicacións

Universidade de Vigo

